



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 63

Sesión plenaria
7 de marzo de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 3. Propositions non de lei

3.1 16409 (10/PNP-001256)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis

Sobre a mellora e ampliación pola Xunta de Galicia do programa galego de pacientes polimedicados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 178, do 20.09.2017

3.2 21776 (10/PNP-001631)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e seis deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que os patios dos centros educativos sexan espazos de relación coeducativos nos que se promova a igualdade e se rompan as dinámicas de xerarquías e dos estereotipos de xénero así como para potenciar usos diversos das superficies dispoñibles

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

3.3 22846 (10/PNP-001680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

3.4 25181 (10/PNP-001796)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para acadar a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes, así como a ratificación do Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201, sobre o traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 14.02.2018

3.5 26134 (10/PNP-001844)

Grupo Parlamentario de En Marea

Chao Pérez, Luca e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar o papel das escolas e do profesorado a prol da igualdade, así como da prevención das violencias machistas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

3.6 6209 (10/PNP-001853)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e dez deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, eliminación de roles e estereotipos de xénero na comunicación e nos ámbitos familiar e laboral, flexibilización do tempo de traballo, racionalización horaria e loita contra a fenda salarial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

3.7 26211 (10/PNP-001854)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego antes do ano 2020, e as demandas que debe realizar ao Goberno central, en relación coa fenda salarial de xénero, a Lei 35/2010 e o Real decreto lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

3.8 26274 (10/PNP-001863)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de igualdade e equidade salarial entre mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

Punto 4. Interpelacións**4.1 20572 (10/INT-000681)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e Cal Ogando, Marcos**

Sobre a política do Goberno galego en materia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 219, do 29.11.2017

4.2 22216 (10/INT-000754)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre que medidas prevé adoptar o Goberno galego para o cumprimento dos acordos parlamentarios en relación coa AP-9

Publicación da iniciativa, BOPG nº 236, do 10.01.2018

4.3 26272 (10/INT-000848)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e catro deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

5.1 26979 (10/POPX-000076)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a actuación do Goberno galego diante das demandas da cidadanía expresadas a través do exercicio dos dereitos de manifestación ou folga

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

5.2 26980 (10/POPX-000077)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da realización en Galicia de todo o posible para promover a igualdade de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

5.3 26982 (10/POPX-000078)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a incidencia das políticas do Goberno galego na consecución da igualdade real entre mulleres e homes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 24758 (10/POP-002986)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e catro deputados/as máis

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación do procedemento de contratación directa dos profesionais das oficinas xudiciais de atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

6.2 26227 (10/POP-003118)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cuña Bóveda, María de los Ángeles e dous deputados/as máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da comprobación da posta en práctica pola CRTVG dun código deontolóxico e de autorregulación para a publicidade e a comunicación non sexista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

6.3 24633 (10/POP-002980)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e seis deputados/as máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación cos resultados da primeira convocatoria de axudas para a instalación de ascensores realizada no ano 2017, así como as previsións ao respecto para o ano 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 07.02.2018

6.4 26972 (10/PUP-000152)**Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e trece deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da contía media das pensións en Galicia, que afecta de maneira máis grave as mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

6.5 26967 (10/PUP-000151)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis**

Sobre as razóns da contratación, a través dun procedemento negociado sen publicidade, dun programa de actividades para promoción do evento Xacobeo 2021 por importe de case tres millóns de euros (IVE incluído)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

6.6 23459 (10/POP-002835)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis**

Sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego na actualidade dun plan específico de atención integral á saúde das mulleres

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

6.7 26248 (10/POP-003121)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas en materia laboral formuladas polos profesionais que prestan servizo nos puntos de atención continuada do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

6.8 25960 (10/POP-003088)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Arias, Marta e seis deputados/as máis**

Sobre as melloras levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos nas instalacións dos centros de menores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

6.9 26960 (10/PUP-000150)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para o recoñecemento do labor historicamente desenvolvido polas mulleres do mar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación do Goberno galego diante das demandas da cidadanía expresadas a través do exercicio dos dereitos de manifestación ou folga. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 13.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

O señor presidente comunica a acumulación das seguintes preguntas para o seu debate conxunto. (Páx. 18.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da realización en Galicia de todo o posible para promover a igualdade de xénero. (Punto quinto da orde do día.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a incidencia das políticas do Goberno galego na consecución da igualdade real entre mulleres e homes. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 18.) e *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

Réplica dos autores: *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 24.) e *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 25.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

O señor Fernández Leiceaga (S) intervén para pedirlle ao señor presidente da Xunta de Galicia que retire unha expresión. (Páx. 30.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) intervén para solicitar a palabra por alusións. (Páx. 31.)

O presidente da Xunta de Galicia (Núñez Feijóo) responde ás alusións do señor Fernández Leiceaga (S) e da señora Pontón Mondelo (BNG). (Páx. 32.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar o papel das escolas e do profesorado a prol da igualdade, así como da prevención das violencias machistas. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 33.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Chao Pérez (EM). (Páx. 34.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 39.).

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 40.) e Sra. García Míguez (P). (Páx. 42.)

A señora Chao Pérez (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 44.)

O señor presidente comunica a acumulación das seguintes proposicións non de lei para o seu debate conxunto. (Páx. 45.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para acadar a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes, así como a ratificación do Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201, sobre o traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos. (Punto terceiro da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e dez deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, eliminación de roles e estereotipos de xénero na comunicación e nos ámbitos familiar e laboral, flexibilización do tempo de traballo, racionalización horaria e loita contra a fenda salarial. (Punto terceiro da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar o papel das escolas e do profesorado a prol da igualdade, así como da prevención das violencias machistas. (Punto terceiro da orde do día.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de igualdade e equidade salarial entre mulleres e homes. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a estas proposicións non de lei. (Páx. 46.)

Intervención dos grupos autores das proposicións non de lei: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 53.), *Sra. Prado del Río (P)* (Páx. 55.), *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 59.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 62.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios: *Sra. Blanco Rodríguez (S)* (Páx. 66.), *Sra. Prado del Río (P)* (Páx. 69.), *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 72.) e *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 76.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre a mellora e ampliación pola Xunta de Galicia do programa galego de pacientes polimedicados: *aprobada por 38 votos a favor, ningún voto en contra e 33 abstencións*. (Páx. 79.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e seis deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que os patios dos centros educativos sexan espazos de relación coeducativos nos que se promova a igualdade e se rompan as dinámicas de xerarquías e dos estereotipos de xénero, así como para potenciar usos diversos das superficies dispoñibles: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 79.)

O señor presidente comunica a solicitude de votación por parágrafos na proposición non de lei presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores. (Páx. 80.)

Votación do parágrafo primeiro da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino: *rexeitado por 20 votos a favor, 38 votos en contra e 12 abstencións*. (Páx. 80.)

Votación do parágrafo segundo da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 80.)

A señora Chao Pérez (EM) le o texto resultante da transacción sobre a proposición non de lei presentada por ela e que se vai votar a continuación. (Páx. 81.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar o papel das escolas e do profesorado a prol da igualdade, así como da prevención das violencias machistas: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención*. (Páx. 81.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para acadar a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes, así como a ratificación do Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201, sobre o traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos: *rexeitado por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 81.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e dez deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, eliminación de roles e estereotipos de xénero na comunicación e nos ámbitos familiar e laboral, flexibilización do tempo de traballo, racionalización horaria e loita contra a fenda salarial: *aprobada por 38 votos a favor, 33 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 82.)

As señoras Vázquez Verao (EM) e Prado del Río (P) solicitan a votación por puntos da proposición non de lei presentada polo G. P. de En Marea. (Páx. 82.)

Votación dos puntos 1 ao 9 do texto transaccionado da Proposición non de lei, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego antes do ano 2020, e as demandas que debe realizar ao Goberno central, en relación coa fenda salarial de xénero, a Lei 35/2010 e o Real decreto lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral: *rexeitados por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Votación do punto número 10 do texto transaccionado da Proposición non de lei, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego antes do ano 2020, e as demandas que debe realizar ao Goberno central, en relación coa fenda salarial de xénero, a Lei 35/2010 e o Real decreto lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral: *aprobado por 69 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 84.)

Votación do punto número 11 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego antes do ano 2020, e as demandas que debe realizar ao Goberno central, en relación coa fenda salarial de xénero, a Lei 35/2010 e o Real decreto lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral: *rexeitado por 20 votos a favor, 38 votos en contra e 12 abstencións.* (Páx. 84.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de igualdade e equidade salarial entre mulleres e homes: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 85.)

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre que medidas prevé adoptar o Goberno galego para o cumprimento dos acordos parlamentarios en relación coa AP-9. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 85.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 89.)

Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 93.)

Interpelación de D^a María de la Concepción Burgo López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 95.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 97.)

Réplica da autora: *Sra. Burgo López (S)*. (Páx. 100.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 102.)

Modificación no desenvolvemento da orde do día

O señor presidente comunica a solicitude do Goberno do aprazamento da pregunta que figura en quinto lugar, presentada polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego. (Páx. 103.)

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e oito minutos da tarde e retómase ás catro.

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de xénero. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 104.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 107.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 110.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 113.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación do procedemento de contratación directa dos profesionais das oficinas xudiciais de atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 115.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 116.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 117.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 117)

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego respecto da comprobación da posta en práctica pola CRTVG dun código deontolóxico e de autorregulación para a publicidade e a comunicación non sexista. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 119.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 120.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 122.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 122.)

Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación cos resultados da primeira convocatoria de axudas para a instalación de ascensores realizada no ano 2017, así como as previsións ao respecto para o ano 2018. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 124.)

Réplica do autor: *Sr. Castiñeira Broz (P)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 126.)

Pregunta de D^a Paula Quinteiro Araújo e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto da contía media das pensións en Galicia, que afecta de maneira máis grave as mulleres. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 126.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 128.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 129.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 129.)

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego na actualidade dun plan específico de atención integral á saúde das mulleres. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 131.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 132.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 133.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 133.)

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas en materia laboral formuladas polos profesionais que prestan servizo nos puntos de atención continuada do Sergas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 135.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 136.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 137.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 138.)

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as melloras levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos nas instalacións dos centros de menores. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 139.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 140.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P)*. (Páx. 141.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 141.)

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para o recoñecemento do labor historicamente desenvolvido polas mulleres do mar. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 142.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 143.)

Réplica da autora: *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 144.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 145.)

Remata a sesión ás seis e cinco minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión.

(Pausa.)

Bos días outra vez.

Reiniciamos a sesión co punto 5 da orde do día. Correspóndese co de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación do Goberno galego diante das demandas da cidadanía expresadas a través do exercicio dos dereitos de manifestación ou folga

O señor PRESIDENTE: Dona Ana Belén Pontón Mondelo, cando queira.

Déanlle voz ao escano da señora Pontón, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Señor Feijóo, toman as rúas as persoas pensionistas, as e os traballadores da Xustiza, a cidadanía en defensa da sanidade pública e as mulleres que reclamamos igualdade real, mulleres que mañá estamos convocadas a unha folga internacional. E recálcole o de internacional para ver se baixa dese delirante argumento de que a convocatoria de folga é unha conspiración elitista contra o Partido Popular. Está convocada en corenta países. Eu sinto ter que dicirillo, señor Feijóo, pero é que o mundo non xira arredor do seu nariz. *(Aplausos.)*

Este domingo fixo vostede, ante Jordi Évole, a mesma pregunta que me facía a min no pasado pleno: ¿por que agora unha folga de mulleres? Pois permítame que lle responda a esa pregunta, porque a resposta é moi clara: porque nos sobran os motivos e porque nos dá a gana. Non temos que pedir permiso para defender os dereitos das mulleres. *(Aplausos.)*

E quero refrescarlle algúns dos motivos: cada día hai 15 denuncias por violencia machista, cada semana unha denuncia por violación, cada ano hai 60 mulleres que son asasinadas. Pero temos máis motivos: cobramos 4.513 euros menos por facer o mesmo traballo, é dicir, traballamos 40 días gratis. E no caso das galegas é peor, porque cobramos uns dos salarios máis baixos do Estado. A conciliación é unha carreira de obstáculos para a maioría das mulleres, mulleres que teñen dobre xornada, na casa e no traballo. Para que logo nos veñan as ministras do Partido Popular dicir que o que se necesitan son folgas á xaponesa.

Pero hai outra pregunta que tamén é moi importante, e é: ¿que aportou o PP durante trinta anos e vostede, como presidente, durante estes últimos dez anos? Pois, mire, en primeiro lugar,

o incumprimento da Lei de igualdade e da Lei contra a violencia de xénero; en segundo lugar, cero medidas para combater a brecha salarial —mesmo a Xunta está subvencionando empresas sancionadas por discriminación salarial—; en terceiro lugar, recortar políticas de igualdade, recortar fondos en políticas de igualdade e de conciliación. E temos traballadoras da Xunta que teñen que ir aos xulgados para reclamar os seus dereitos de conciliación. E, por suposto, vostede aplaudiu e executou todas as políticas de recortes de servizos públicos que condenan á precariedade a miles de persoas. E o último pois xa é ese *hit* da alcaldesa de Mos que agora nos di que a solución á discriminación das mulleres é levar os fillos ao traballo. O que se necesitan son escolas infantís e non ocorrencias e descualificacións deste tipo. (*Aplausos.*)

O BNG apoia a folga de mulleres, ¡claro que si! E tamén temos propostas para combater a discriminación. A primeira proposta é impulsar unha lei galega pola igualdade salarial, e sancións para as empresas que discriminen as mulleres e incumpran o principio de «igual traballo, igual salario». Segunda proposta, excluír da contratación pública as empresas condenadas por discriminar as mulleres. Terceira proposta, suprimir as subvencións aos centros de ensino que segregan os nenos e as nenas. E, cuarta proposta, impulsar unha valedoría da igualdade —similar ás que teñen os países nórdicos— para poñer en marcha máis mecanismos para defender as mulleres.

E por iso lle pregunto, señor Feijóo, se vai vostede sumarse a estas propostas que lle facemos ou simplemente vai seguir preguntándose por que agora unha folga de mulleres. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Eu teño dúas preguntas posteriormente, dos grupos Socialista e de En Marea, sobre a igualdade das mulleres. Agora parece ser que teño tres. Non teño ningún inconveniente, e pido respecto aos portavoces do Partido Socialista e de En Marea se anticipo algún dos posicionamentos do Goberno.

Señora Pontón, se quere vostede coller o último *Diario de Sesións*, verá o noso posicionamento en relación con esta folga de mulleres. Dixémolo dende o principio, respectamos calquera tipo de plantexamento en relación coa solicitude lóxica de pechar calquera tipo de discriminación no ámbito de xénero; e, en segundo lugar, sexa unha folga, unha manifestación, un acto de protesta, etc.

E reitero, señoría, que efectivamente a convocatoria é internacional, pero non en todos os países se comportan do mesmo xeito. Salvo que teña mala información, por exemplo, no noso veciño Portugal a folga do 8 de marzo non foi respaldada polos sindicatos maioritarios, nin tampouco respaldada polo goberno socialista. Como ve, señoría, hai distintas sensibilidades, e estou convencido de que vostede non lle vai chamar ao goberno socialista de Portugal un goberno machista, nin os sindicatos portugueses os vai considerar sindicatos machistas. Polo tanto, señoría, non pense vostede que sempre leva a razón en calquera plantexamento.

Unha das cuestións importantes que debe facer un político é escoitar, escoitar os que se manifestan na rúa e escoitar a aqueles que non queren manifestarse, escoitar a aqueles que van á folga e escoitar a aqueles ou a aquelas que non queren ir á folga. Cando un político escoita, normalmente ese político é escoitado pola xente. E por iso, señoría, sería imposible non ter un goberno que escoitase se posteriormente a xente elixe ese goberno para gobernar. E por iso, señoría, levamos doce anos escoitando a Galicia, unha parte na oposición e outra parte no goberno, e por iso os galegos, cando tiveron a primeira posibilidade de darnos o goberno, nos confiaron as políticas de igualdade.

Señoría, vostede di cousas —e debería falar en serio sobre temas serios— que creo que non son de recibo. Porque non é de recibo dicir simplemente que nós non facemos políticas de conciliación. O goberno que máis políticas de conciliación fixo na historia da comunidade autónoma é o goberno que teño a honra de presidir. E vólvolle reiterar os datos que xa lle comentei en anteriores respostas. Señoría, cando vostedes gobernaban, ¿por que había un 85 % menos de prazas en escolas infantís que agora? Señoría, cando vostedes gobernaban, ¿por que o bono concilia simplemente nin existía, nin había casas niño no rural, porque o rural non tiña dereito a ter escolas infantís? ¿Por que, cando vostedes gobernaban, señoría, había máis paro feminino que agora? ¿Por que, cando vostedes gobernaban, señoría, había menos mulleres afiliadas á Seguridade Social que agora? ¿Por que cando vostedes gobernaban a fenda salarial era superior á que hai agora? ¿Por que de todo isto non debatemos con tranquilidade, señora Pontón?

Hai unha cousa que as mulleres non admiten: que as manipulen. E por iso, señoría, eu non veño manipular a ninguén, veño falar de igualdade con políticas concretas e con datos concretos. Señora Pontón, se se deixa vostede de tantas pancartas, igual pode facer algunha proposta. Nós viñamos aquí escoitar as súas propostas. ¿Como pode dicir que este Goberno non fai nada nas políticas de igualdade se este Goberno fixo máis en políticas de igualdade que calquera outro goberno? ¿Como pode dicir que o grupo político ao que pertenzo non fai nada en políticas de igualdade se a primeira lei de igualdade que tivo Galicia foi proposta por un goberno do Partido Popular, e á que vostede se abstivo e o Partido Socialista votou en contra?

Señora Pontón, nós escoitamos a xente. Iso si, non pretendemos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...utilizar as mulleres para nada, salvo exclusivamente para estar ao lado delas en calquera plantexamento de discriminación ou en calquera plantexamento de dereitos e liberdades.

Señora Pontón, a igualdade real e efectiva conséguese con máis liberdade, con máis democracia e con menos manipulación.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica da señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, o certo é que as súas argumentacións neste tema cada vez son máis delirantes. Agora unha folga é boa ou mala en función de se a apoian ou non en Portugal. Esa é a referencia que ten o presidente da Xunta para falar dun problema que está no corazón deste país, que vimos como se expresou con contundencia o pasado domingo en Vigo, con miles de mulleres nas rúas (*Aplausos.*) que están dicindo que non as escoitan e que non están de acordo coas súas políticas. (*Aplausos.*) E, evidentemente, ninguén utiliza as mulleres, porque as mulleres somos maiores de idade para ter criterio; e, desde logo, ese argumento da manipulación é un argumento que ofende a nosa dignidade e é un argumento bastante paternalista, señor Feijóo. (*Aplausos.*)

E nós, efectivamente, vimos aquí falar en serio. E non é serio que vostede, despois dunha crise na que as mulleres perdemos máis dun 9,3 % da nosa capacidade adquisitiva, cunha perda de emprego brutal, cunha precariedade fortísima, veña aquí dicirnos que estamos mellor que antes. Mire, que vostede, que é membro do Partido Popular, que leva trinta anos gobernando neste país, nos diga que o déficit de servizos públicos é do Bipartito, de verdade que non deixa de ser unha emenda á totalidade dos problemas que xeran as políticas conservadoras do Partido Popular.

Xa llo dixen, dígame cantas escolas infantís licitou vostede. ¡Cero escolas infantís licitou vostede, señor Feijóo! (*Murmurios.*) Porque había unha programación feita polo Bipartito, había unha programación feita polo Bipartito, e o único que fixeron foi executar o que estaba programado e paralizar o desenvolvemento de servizos públicos.

Dixo vostede que eu non lle fixera propostas. En fin, entendo que non escoita, señor Feijóo, porque lle fixen catro propostas moi concretas. Dígame vostede se está ou non de acordo con elas.

Primeira proposta: impulsar unha lei galega pola igualdade salarial e sancionar as empresas que incumpran o principio de «igual salario, igual traballo». ¿Está de acordo?, ¿si ou non?

Segunda proposta: excluamos das axudas públicas as empresas que incumpren cos dereitos das mulleres. ¿Está vostede de acordo?, ¿si ou non?

Terceira proposta: poñamos en marcha a coeducación no sistema educativo, suprima os concertos educativos que segregan os nenos e as nenas. ¿Está de acordo? ¿Si ou non, señor Feijóo?

E, por último, cuarta proposta: unha valedoría da igualdade para que as mulleres teñan a alguén que tire por elas e que loite contra as discriminacións, ¿si ou non, señor Feijóo?

É que estamos falando de propostas para que realmente avancemos en igualdade. Porque, mire, é evidente que esta folga do 8 de marzo os está poñendo moi nerviosos no Partido Popular. E ponos moi nerviosos porque ven que hai un antes e un despois, e que, desde logo, como dicía Begoña Caamaño, estamos nun tempo novo, nun tempo de feminismo. E creo que iso é o que realmente lle preocupa ao Partido Popular.

A nós gustaríanos, señor Feijóo...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...en vez de vir aquí a descualificar unha convocatoria de folga e intentar descualificar a quen apoiamos as mulleres que están na rúa dicindo que non as escoitan, que vostede nos diga se está ou non de acordo coas propostas que nós temos, á vista de que o único que ten son descualificacións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, vostede manipula. (*Murmurios.*) Si, señoría. Eu intento escoitar e ler o que di, por suposto, todo o mundo. Hoxe lin un artigo en *La Voz de Galicia*. Vostede di que non hai recursos para conciliar e que os gobernos escatiman en escolas infantís. Incremento do número de prazas en escolas infantís: 85 %. Cando vostedes gobernaban, 12.700; agora, máis de 23.500. Iso é manipular, señoría. (*Aplausos.*) Iso é manipular.

Señoría, segue vostede manipulando no seu artigo de hoxe, porque di que o lóxico é que o escándalo de que se asasinan mulleres debería de formar parte dunha cuestión de Estado. Hai un pacto de Estado contra a violencia de xénero. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Outra vez máis volve manipular. Volve manipular vostede cando di que nós non estamos de acordo cunha lei de igualdade salarial. ¡Como que non, señoría, se aprobamos unha resolución nesta Cámara para aprobar unha lei a favor da igualdade salarial! Señoría, como vostede non cre no país... As leis de igualdade salarial impóñense nas Cortes Xerais, non nunha parte do territorio para que non se apliquen en ningures, señora Pontón. (*Aplausos.*) Sigamos traballando, señoría.

Vostede faime unha proposta agora dos concertos educativos. Cando vostedes gobernaban tiñan os mesmos concertos educativos ca nós, pero daquela eran progres e agora son carcas. Señora Pontón, ¿por que manipula vostede ata co asunto tan relevante como a igualdade real e efectiva aínda non conseguida das mulleres? ¡Pero por que non respecta un pouco máis as mulleres e non utiliza as mulleres ata para conseguir saír nun periódico ou nunha radio, señora Pontón! (*Murmurios.*) Si, señoría, si.

Lamento profundamente —e dígoo como home— a utilización das mulleres no último cartel que vostede presentou. Laméntoo profundamente. (*Aplausos.*) A instrumentalización do corpo dunha muller é absolutamente impropia, señoría. (*Aplausos.*) Non, señoría, non debería de escandalizarse. Eu participo da mesma opinión que a señora deputada Pilar García Negro. Non debería vostede de escandalizarse porque eu pense como unha muller do BNG, o que é sorprendente é que vostede teña que ser chamada a capítulo por alguén que ten máis sentido común no BNG. (*Aplausos.*)

Señora Pontón, non manipule vostede dicindo que a fenda salarial hoxe é superior porque goberna o Partido Popular. Hoxe a fenda salarial das mulleres galegas —cosa que eu rexeito— é, en termos de estatísticas europeas, do 14 %, e a media da Unión Europea é do 16 %.

Non siga vostede manipulando. Cando presentaba ese cartel, ademais de manipular co cartel, presentábao vostede dicindo que hai 22.500 mulleres que declaran traballar a tempo parcial para asumir coidados familiares. E é certo. Pero vostede ¿por que non dixo que cando vostedes gobernaban había 27.800, é dicir, un 23 % máis? ¿Por que non di vostede, señoría, que agora o paro feminino baixou? ¿Por que non di que as afiliacións á Seguridade Social das mulleres subiron?

Señora Pontón, respectemos a todos, escoitémonos entre todos, faga vostede propostas serias. E digo que non lle merece a pena facer o ridículo por un minuto nos medios de comunicación. Señora Pontón, fágame caso.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Debatemos agora dúas preguntas de xeito acumulado.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da realización en Galicia de todo o posible para promover a igualdade de xénero

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a incidencia das políticas do Goberno galego na consecución da igualdade real entre mulleres e homes

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra, en primeiro lugar, o portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, o señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Grazas, señor presidente.

Señor Núñez Feijóo, sen dúbida a igualdade xénero é a cuestión máis relevante que temos hoxe na axenda política. Pero cando escoitamos o presidente Rajoy dicir: «*No nos metamos en eso*», ou o portavoz do seu partido en Galicia dicir: «*La huelga feminista es de lo más machista*», nós quedamos sorprendidos e preocupados, e pensamos que isto é un error. O primeiro que lle pido é que desautorice esas palabras. (*Aplausos.*) Apoiar a igualdade de xénero é un dereito pero, para nós, tamén é un deber.

Dígolle que as mulleres van gañar a batalla da igualdade, polo seu empuxe e pola súa determinación. Hai algúns indicadores positivos nalgúns ámbitos. O progreso da igualdade está garantido cando hai espazos onde o mérito e a capacidade son os que dominan, pero noutros espazos a desigualdade persiste e hai barreiras, prexuízos ou actitudes políticas que non favorecen ese avance na igualdade, son obstáculos, e debemos cambialas entre todos.

No índice europeo de igualdade de xénero España está a 20 puntos dos países nórdicos. Pero hai algúns apartados, como é no de segregación e calidade do traballo, formación continua ou poder económico, nos que estamos bastante por detrás, tamén en Galicia. E é aí onde hai que actuar con máis decisión.

Empecemos polo primeiro, por segregación e calidade do traballo. Hai catro mulleres en Galicia traballando a tempo parcial por cada home nesta situación. Hai máis temporalidade tamén entre as mulleres que entre os homes, incluído o sector público. Temos aí algo que corrixir.

E a fenda salarial persiste. Claro que había fenda salarial, pero segue persistindo en todos os tramos de salario e en todos os tramos de idade. Fíxese, no percentil máis baixo de salarios, no percentil 10, os salarios das mulleres terían que aumentar, cos datos de 2015, un 92 %. Escoitaron ben, un 92 % para igualar o dos homes. Pero esa desigualdade persiste en todos os tramos de salarios. E entre a mocidade, onde as mulleres teñen un nivel de formación acadado superior, hai 2.000 euros de diferenza en negativo para as mulleres. E perderon poder adquisitivo desde que vostede está gobernando, desde o inicio da crise. Perderon poder adquisitivo, dino as estatísticas.

A Xunta de Galicia ten que facer máis, ten que facer máis pola contratación a tempo completo e indefinida das mulleres nos plans de emprego. Está enteiramente nas súas mans. Ten que facer máis poñendo en marcha e con decisión un plan de transformación da contratación temporal indefinida no sector público, que beneficia sobre todo as mulleres. Ten que facer máis na conciliación. Eu propóño que poñamos en marcha permisos, para pais e nais, de paternidade e de maternidade; iguais e non transferibles, para homes e mulleres. Facilitan a conciliación e permiten que a igualdade avance.

Cun mercado de traballo tan hostil, as mulleres con fillos teñen difícil a súa reincorporación despois da maternidade, e propoño que poñamos en marcha un programa de incentivos específicos para o retorno ao emprego despois da maternidade que permita igualar carreiras e oportunidades.

Menos emprego feminino en termos EPA, parcialidade involuntaria excesiva, temporalidade moi alta e marcada fenda salarial, o que provoca unha diferenza moi notable no acceso ás prestacións por desemprego e á contía, pero tamén á pensión media na xubilación.

Señor Núñez Feijóo, as cifras son duras, pero son as que hai. E leva vostede gobernando oito anos. Non pode ollar para outro lado, e ten que dicirnos como pensa corrixir esta situación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Pregunta de don Luis Villares Naveira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, estamos na semana na que temos a reivindicación do 8 de marzo pola igualdade das mulleres, e vostede a única gran achega que fai á igualdade durante esta semana, como presidente de todas as galegas e galegos, é dicir que todas as galegas e galegos somos contrabandistas. Esa é a súa grande achega á igualdade, unha xeneralización. Efectivamente, o principio de igualdade: todas as galegas e todos os galegos, contrabandistas. Tivo a opor-

tunidade vostede, durante 40 minutos de entrevista, de presumir de país, ¿e o único bo que se lle ocorre dicir dos galegos e galegas é que somos contrabandistas? ¿Parécelle que a xeneralidade das mulleres deste país son contrabandistas? ¿Parécelle que a xeneralidade das mulleres que se esforzan día a día para superar unhas desigualdades que son patentes na nosa sociedade merecen ser tratadas cun estereotipo tan grande que as fai estar equiparadas a traballar de forma ilegal, ao tráfico ilegal? ¿Parécelle a vostede iso normal? Talvez viva vostede tan rodeado de xente delincuente que pense que todo o mundo en Galicia é contrabandista. Pero está vostede equivocado. É certo que houbo contrabandistas que financiaron ilegalmente o Partido Popular, é certo que hoxe en día hai delincentes que financian ilegalmente o Partido Popular e que están condenados por corrupción, xente, como no caso «Campión», deputados do Parlamento do Partido Popular e altos cargos do Goberno, condenados por corrupción. E iso ¿convértenos a todas e a todos en delincentes? ¿Converte toda Galicia en delincentes e en contrabandistas? Non, ¿verdade, señor presidente? De onde vostede é ¿son todos contrabandistas? (*Murmurios.*) Non é así, ¿verdade? Pois, se non é así, vostede debería comezar por desculparse nesta Cámara, que é a sede da soberanía popular de Galicia, por ese insulto que non ten ningunha outra cualificación, por ese comportamento seu de chamarlles, ao conxunto das galegas e galegos, contrabandistas. Comece por desculparse aquí e agora na Cámara galega (*Aplausos.*), e nun medio de comunicación público.

Claro, estereotipos coma os seus, zafiedades coma as súas, son as que dan lugar a que haxa que reivindicar mediante unha folga a igualdade das mulleres deste país. Se aínda non lle quedaron claros suficientemente qué motivos hai para a folga, eu voulle lembrar tres. En primeiro lugar, un que ten que ver coa realidade. Xa se deron moitos datos. Dous máis: as pensións contributivas neste país nas mulleres son de 643 euros, mentres nos homes son de 1.041; a taxa de ocupación das mulleres é 9 puntos inferior á dos homes; os coidados das mulleres: 22.000 mulleres coidadoras fronte a 1.100 homes en Galicia.

Realidade, pero realidade tamén de incumprimento da lei. Incúmprese constantemente a Lei para a igualdade de mulleres e homes, a Lei 11/2004 —por ser rigorosos tamén na cita de cales son as leis—. Pois, mire, para empezar, no artigo 10, cando se fala de non-discriminación por xénero nos centros docentes. Vostedes financian os colexios que segregan por sexo. No artigo 19, medidas de erradicación da violencia contra as mulleres, entre elas a atención psicolóxica. E vostedes suprimen o servizo de atención psicolóxica ás mulleres nos xulgados do noso país. Iso é o que vostedes cumpren a lei. No artigo 5 obrígase a acabar cos estereotipos e cos prexuízos, e vostedes na Tarxeta Benvida utilizan única e exclusivamente a figura da muller como coidadora. ¿Parécenlle suficientes motivos para unha folga? Non. Pois non hai leis de igualdade tampouco —a pesar de que vostedes as incumpran literalmente— sen compromiso de igualdade, sen orzamentos de igualdade. Nos datos de execución dos orzamentos de 2017 a finais do terceiro trimestre, nos programas de apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social, señor Núñez, ¿canto leva investido o Goberno da Xunta de Galicia nos tres primeiros trimestres do ano? ¿Sabe vostede canto? ¿Apuntáronllo nese papel que está subliñando? (*Murmurios.*) O 40 %, ¡o 40 %!, nos tres primeiros trimestres do ano. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Un señor deputado: ¡Qué bueno eres!*) (*Murmurios.*)

¿¡Qué bueno eres!? Pois espera, que hai máis.

(Fortes murmurios.) (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: Nas accións para a igualdade... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Perdoe un momento, señor Villares.

Silencio, silencio, por favor.

Señor Villares, prosiga.

O señor VILLARES NAVEIRA: Remato.

No programa, señor Núñez, de accións para a igualdade, protección e promoción da muller, apoio á conciliación da vida laboral e persoal e outros servizos de protección social, ¿sabe canto levan gastado no que vai de ano? Diga unha cifra, díga.

O señor PRESIDENTE: Non, dígalla vostede, porque, se non, é un lío. *(Risos.)*

Dígalla vostede e así acabamos antes. Remate. Remate xa.

O señor VILLARES NAVEIRA: Voulla dicir, efectivamente, voulla dicir.

O señor PRESIDENTE: Dígalla. ¿Canto é? Se a quere dicir, dígalla.

O señor VILLARES NAVEIRA: A 30 de setembro, o 6 %.

O señor PRESIDENTE: Grazas. *(Risos.) (Murmurios.)*

O señor VILLARES NAVEIRA: O 6 %, unha cifra miserable, unha verdadeira burla nas políticas de igualdade. *(Aplausos.)*

Non hai igualdade real sen orzamento real, e este é o seu compromiso. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: O seu compromiso coa igualdade é este.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

Ten despois outro turno.

Grazas.

(Aplausos.)

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, manifestei —é a miña opinión— que [...] *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.)* Iso é o que me parece machista e, polo tanto, señoría, esa é a miña opinión. Opinión que coincide con outras personalidades do BNG que levan bastante tempo defendendo a igualdade real e efectiva e non facendo espectáculos mediáticos.

Señor Leiceaga, a igualdade, non hai dúbida, é unha das prioridades de calquera goberno democrático. E por iso todos os gobernos democráticos o que estamos intentando é traballar de xeito transversal con diferentes ferramentas, coa Comisión Interdepartamental de Igualdade, co sétimo —levamos xa sete— Plan de igualdade de oportunidades, creando o Consello Galego das Mulleres, co Observatorio Galego contra a Violencia Machista, ou, por exemplo, coa Comisión Asesora de Publicidade non Sexista.

Señoría, o que hai é que traballar en todos os ámbitos. Por exemplo, no fundamental, empezando polo principio, na educación, e por iso plantexamos unha asignatura de libre configuración en educación secundaria e en formación profesional para loitar dende o principio contra calquera tipo de discriminación por razón de sexo. Por exemplo, colaborando cos concellos, e por iso financiamos as redes locais das entidades, dos concellos, contra a violencia machista. Por exemplo, señoría, apoiando as mulleres vítimas da violencia de xénero, con axudas directas, con programas de inserción e, por suposto, por primeira vez, coa personación da Asesoría Xurídica da Xunta ante calquera caso de morte dunha muller. Por exemplo, na conciliación e na corresponsabilización. Fálame vostede dos permisos de maternidade. Sabe vostede que o noso país, Galicia, é o que ten o maior permiso de maternidade de España. Agora fálame vostede de equiparar os permisos de paternidade. Imos votar unha proposta de transacción do meu grupo —propóñolle que a lea—, e o último parágrafo xustamente propón iso. Creo, señoría, que sería algo importante que o Partido Socialista o apoiara.

Por exemplo, señoría, co que estamos traballando é coa presenza da muller na ciencia, porque de aí veñen moitos problemas desde o punto de vista das empresas e desde o punto de vista dunha sociedade dixital e dunhas empresas cada vez con máis compoñente tecnolóxico. ¿Levamos avanzado sobre isto? A resposta é que si. ¿Quédanos por avanzar? A resposta é que tamén.

Avances no emprego. Señoría, vostede falaba de emprego. A diferenza na taxa de actividade do emprego feminino en Galicia é menor que no conxunto de España, a diferenza en Galicia son oito puntos e no conxunto de España supera os once. Nas afiliacións —volvo reiterar— recuperamos o nivel de afiliación que tiñamos ao inicio da crise. Mire, en febreiro do ano 2009 atopei Galicia con 465.000 mulleres traballando e hoxe hai 472.000, a pesar da crise e

da recesión económica. No paro rexistrado, atopamos unha Galicia en febreiro do ano 2009 con 113.000 mulleres no paro, e hoxe con 106.000. Hai 7.700 mulleres menos en paro agora que cando vostedes gobernaban. Creo que iso é avance, avance social.

No Parlamento, das primeiras tres deputadas que tivo esta Cámara, dúas eran do PP e ningunha de esquerdas. No poder local, empezamos con seis alcaldesas. E en Galicia hoxe temos 42. E o 37 % do total de concelleiros son concelleiras. No referido á Xunta de Galicia, hoxe o 53 % dos postos de responsabilidade desta Xunta na que traballo, o 53 %, son mulleres. ¿A muller é maioría na Administración galega? A resposta é que si, o 70 % da plantilla da Xunta de Galicia son mulleres. Na universidade as mulleres representan o 55 % das matrículas e o 60 % das que acadan titulación.

Señor Leiceaga, en 1966 non podía haber ningunha muller xuíz en España, estabamos na ditadura. Hoxe o 65 % do total de xuíces de España son mulleres e o 63 % de fiscais de España son mulleres.

Señoría, ¿estamos avanzando? A resposta é que si. Tanto nos gobernos do Partido Socialista como nos gobernos do Partido Popular, España avanzou a favor da igualdade plena e efectiva. E ¿que queremos seguir facendo en Galicia? Que Galicia sexa unha comunidade autónoma pioneira no ámbito da non-discriminación por razón de xénero.

Imos ser o primeiro goberno que aprobe un plan de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma, o primeiro. Neste mes de marzo imos aprobar o primeiro plan de conciliación na Administración autonómica galega, o primeiro de todas as administracións de España. (*Aplausos.*) E, por suposto, señorías, imos volver ser a comunidade autónoma pioneira na formación en igualdade e en prevención contra a violencia machista do persoal ao servizo da Administración autonómica.

Señoría, no primeiro Plan de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia imos identificar o grao de desigualdade e discriminación, tanto no acceso ao emprego público como na carreira profesional, na formación, nas retribucións, na ordenación do tempo de traballo, nas situacións de especial protección. No plan de conciliación e coresponsabilidade que aprobaremos no mes de marzo, señoría, imos traballar e aprobar cinco áreas: xerar confianza e coñecemento, coeducar, etc.

Loita contra a violencia de xénero. O Decreto para a formación en igualdade e prevención da loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Comunidade Autónoma aprobámolo, e publicámolo en agosto do ano 2017 —a primeira vez—. E os programas de inserción laboral dirixidos a mulleres en situación de violencia de xénero xa os aprobamos no ano 2016.

Señor Leiceaga, os indicadores en dereitos, os indicadores en emprego e os indicadores en presenza feminina indícanos que estamos avanzando. Xa lle digo, nunca nos imos conformar. Por iso, señor Leiceaga, eu o que lle propono é menos confrontación —non ten ningún sentido— e moitos máis acordos pola igualdade —iso si que ten sentido—. E por iso creo que é bo falar, dialogar en serio, como vostede acaba de facer, e non perder o tempo sobre determinadas cuestións.

Mire, señor Leiceaga, con todos os respectos, creo que levamos avanzado moito. Nin eu lle vou dar leccións ao seu grupo de igualdade nin creo que sexa razoable que vostede nos tente dar leccións a este grupo en materia de igualdade. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, como a igualdade é un tema serio, creo que o mellor que podemos facer é tratalo en serio. E por iso eu respostado ás propostas e ás preguntas serias.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Réplica do señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bueno, señor Feijóo, eu o primeiro que lle digo é que non desautorizou ao señor Rajoy nin ao voceiro do seu partido. As declaracións, para nós, son preocupantes, teñen importancia. Pero, bueno, falemos das políticas.

Fíxese, en Galicia non hai plans de igualdade nas empresas públicas, a pesar de que é unha obriga legal. O «Emprega en feminino» é moi insuficiente, e non pode substituír o plan galego de emprego feminino previsto na lei. E os fondos da Secretaría Xeral de Igualdade, señor Núñez Feijóo, caeron un 60 % desde o ano 2009, ¡un 60%! E iso fai padecer as políticas de conciliación e as políticas de igualdade.

Os permisos de paternidade son importantes, porque son os que restablecen unha situación igual en relación co mercado de traballo para homes e mulleres, e facilitan que se eliminen parte das dificultades que teñen as mulleres para acceder a postos de relevancia.

Falemos do poder económico, que era un dos ámbitos no que eu dicía ao principio que o indicador europeo dicía que estabamos mal. O 27,7 % do persoal directivo xerencial das empresas en Galicia son mulleres. Non é responsabilidade directa súa, pero si o é no caso das empresas, das sociedades e dos entes autonómicos. E nos consellos de administración das sociedades que dependen directamente de vostede hai dous homes por cada muller. Iso si que pode resolvelo moi rapidamente, dando indicacións ao seu goberno. Por certo, un goberno non paritario, e os símbolos son importantes, señor Feijóo, ¡os símbolos son importantes! *(Aplausos.)* Sobre todo—vostede lembrouno e é verdade—, porque o 70 % dos empregados públicos en Galicia son mulleres. Pero no caso das sociedades e dos entes, nos consellos de administración están moi infrarrepresentadas. Ten importancia. Quebre o teito de cristal e poderá exixirilles máis no ámbito privado ás empresas que teñen a súa sede social en Galicia.

Falemos da formación continúa, porque vostede contábanos algo de educación. Por certo, vostedes cargáronse Educación para a cidadanía, que traballaba directamente na igualdade, pero iso parece non ter importancia. *(Aplausos.)* Pero, fíxese, alí onde hai relación co mercado de traballo, as súas políticas nese sentido son contrarias á igualdade. Na FP dual hai dous alumnos matriculados por cada alumna; no Programa Mentor hai case dous mozos por cada moza; nas accións de emprendemento sempre hai moitas menos mulleres que homes. E iso

é porque as políticas non teñen unha perspectiva de xénero. Ás veces non teñen recursos suficientes, outras veces vostedes non teñen vontade. Pero outras veces é que non teñen unha perspectiva de xénero suficiente, e iso é o que lle estamos pedindo para poder avanzar.

Efectivamente, hai avances. Pero en moitos casos estamos por detrás. Fíxese, en dereitos, en Galicia practícanse hoxe menos do 10 % das interrupcións voluntarias de embarazo que demandan as mulleres, porque o Sergas pon demasiadas trabas. E teñen que marchar a Madrid a centros concertados para exercer o seu dereito. E isto é importante tamén en temas de igualdade.

Hai un problema simbólico que simplifica o seu Goberno...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...que simplifican as declaracións dos responsables do seu partido. Pero tamén hai un problema de vontades e de políticas. Teñen que aplicar a perspectiva de xénero nas políticas relevantes para poder avanzar na igualdade, que vai chegar con independencia do que vostedes fagan. Pero a súa decisión pode facer que ese avance cara á igualdade sexa máis rápido ou máis lento. E eu pídolle que quebre o teito de cristal, que faga que o solo de lama desapareza e todos poidamos avanzar máis rápido cara á igualdade de xénero.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Réplica do señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente do Parlamento. ¿Ve os problemas de acumulación? Isto é unha acumulación de preguntas aínda que despois o presidente escolle non contestarlle ao primeiro grupo da oposición, ninguneando o Parlamento unha vez máis, como fai sempre. (*Aplausos.*) E iso coa súa autorización, coa súa conivencia.

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento.

Non vou agora discutir con vostede o das acumulacións. É unha competencia desta Presidencia sobre temáticas similares. Fagan vostedes preguntas distintas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Como tamén é unha competencia da Presidencia amparar os dereitos dos deputados desta Cámara...

O señor PRESIDENTE: Amparados están.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e exixir que o señor presidente responde ás preguntas que lle fan. Porque non quere responder sobre a igualdade, porque sabe...

O señor PRESIDENTE: Temática xeral, non lle ten que respostar sobre a súa introdución.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...porque sabe, señor presidente, que aquí...

O señor PRESIDENTE: Non, non discuta comigo, vostede replíquelles ao presidente.

O señor VILLARES NAVEIRA: Non, non, estou falando xa para toda a Cámara e para toda Galicia, na Cámara do Parlamento galego, que é onde hai que falar para toda Galicia, non nos platós de televisións privadas, que despois se veñen dicir cousas que aquí non se é capaz de soste-lo nin se é capaz de soste-lo ese tipo de afirmacións sobre o conxunto de Galicia. Por certo, aproveite o turno de peche para desculpase con toda Galicia por chamarnos a todas e todos contrabandistas, (*Murmurios.*) dos cales vostedes será o primeiro contrabandista....,

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor, silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...de todos o *primus inter pares*, como mínimo. E, desde logo, cando fala vostede de seriedade, a nós non nos parece serio (*Murmurios.*) que faga vostede esas afirmacións, non nos parece serio. Por iso lle pedimos desculpas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*). Segundo.

O señor PRESIDENTE: Silencio. ¡Silencio! Silencio, por favor. ¡Silencio! ¡Silencio! Prosiga.

O señor VILLARES NAVEIRA: Está claro que imos ter que nomear a Évole deputado honorario, a ver se a el lle contestan ás preguntas, porque o que é a En Marea, ningunha posibilidade hai. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Mire, ten vostede a posibilidade de respostar seriamente a tres cuestións: o incumprimento da Lei de igualdade na segregación dos colexios por sexos, na supresión dos servizos *sine die* de atención psicolóxica nos xulgados e, ademais, no relativo ao tema das propias discriminacións que se fan en relacións cos prexuízos.

Ten vostede a posibilidade de contestar a isto, isto é a súa exclusiva responsabilidade, a falta de compromiso orzamentario. Levamos tres meses, tres trimestres de 2017, cun 6 % executado. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: É o seu papel, é o seu compromiso. Pero é que se queren tamén o de 2016, co 100 % executado, verá como quedou máis de 1 millón de euros de gastar en políticas de igualdade. E iso é daquilo do que vostede en materia de igualdade ten que dar contas, ten que responder.

Como tampouco respondeu a cuestións que afectan a nosa realidade. Falámoslle da diferenza das pensións contributivas, falámoslle das diferentes taxas de ocupación, falámoslle tamén da diferenza salarial, e diso todo non se deu conta ningunha. ¿Por que? Porque as súas políticas de compromiso coa igualdade son políticas de contrabando, pero a vostede xa o coñecemos, señor presidente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, fálame vostede de que temos que aprobar plans de igualdade nalgunhas empresas públicas. Estou de acordo. Por iso imos a aprobar o I Plan de igualdade da Administración pública (Xunta de Galicia no seu conxunto) este ano. (*Aplausos.*) De todas, de todas.

Fala vostede, señoría, probablemente porque ten unha mala información, de que diminuímos o presuposto para a igualdade; non, aumentámolo, pero dunha forma notable (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Como vostedes queren coller o que gastaban vostedes no Bipartito e facer unha comparación non homoxénea, porque a conciliación no Bipartito estaba en Igualdade e agora está en Servizos Sociais, pois entón fai vostede unhas contas impropias dunha persoa seria coma vostede.

Imos agregar as contas. O Bipartito gastaba en conciliación e en igualdade 54 millóns de euros, e nós 98 millóns de euros; iso supón un 80 % máis. Por iso, señorías, hai deputados nesta Cámara que nin sequera saben ler un presuposto e van ás particularidades de execución de proxectos, que nin saben o que falan, nin saben o que din, e aínda encima pechan o exercicio no mes de setembro. Esa é unha nova estrutura económico-financeira de En Marea. E despois din que o ano pasado deixamos sen executar 1 millón. Fíxese vostede, señoría: de 85 millóns de euros deixar de executar 1 millón é non executar o presuposto. (*Aplausos.*)

Pero iso dá igual, iso dá igual. Dá igual porque hai xente que tampouco merece a pena tomala moi en serio. Mire, nos últimos once anos, dende o ano 2004, o salario medio das mulleres medrou en Galicia un 42 %. Somos a segunda comunidade autónoma onde máis medrou o salario das mulleres dende o ano 2004.

Se vostede interpreta isto como conformidade, a resposta é que non. Estou a favor das políticas de igualdade. Non teño máis obxectivo que escoitar as mulleres que forman parte de Galicia, e por iso dende aquí quero agradecerlles ás mulleres que cada vez que tiveren ocasión de presentarme como presidente a maior parte, a maioría das mulleres de Galicia me deron a súa confianza (*Aplausos.*), e por iso vou seguir traballando pola maior parte das mulleres de Galicia, non teña vostede ningunha dúbida. Ese é o meu compromiso.

¿Non se dá conta, señoría, de que, se non respectara as mulleres, non podía estar aquí? ¿Non se dá conta de que, se tiveramos un goberno que non respectara a sensibilidade das mulleres galegas, en ningún caso formaríamos goberno? ¿Non se dan contan, señorías, de que vostedes están na oposición [...] (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esta expresión do Diario de Sesións.*) e ás veces manipular os datos en relación coas mulleres? (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Si, señoría, ese cartel é impropio; reitéroo, reitéroo, señoría. En nome da maioría das mulleres galegas, digo que o cartel do BNG é im-

propio e merece unha rectificación. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)*
Esa é a nosa opinión que teño dereito a expresar.

O señor PRESIDENTE: Señor Rivas, silencio, silencio. ¡Silencio! Non, non, señor Rivas. Señor Rivas, chámoo á orde, chámoo á orde. *(O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.)* Silencio, señor Rivas. Unha chamada á orde.

Silencio, silencio.

Prosiga.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Como se nota, señoría, que hai algúns que soamente están acostumados a insultar. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, señoría, a súa proposta de que hai moitos homes en formación profesional e que debería haber máis mulleres supoño que foi un lapsus, porque, se temos máis mulleres na universidade, ¿que quere que lle diga? ¿Que as mulleres non poden ir á universidade e que teñen que ir á formación profesional? *(Murmurios.)* ¿Non se dá conta de que a xente vai estudar onde considera oportuno?

O señor PRESIDENTE: Silencio, ¡silencio! Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Miren, señorías, vou citar determinadas frases do líder do señor portavoz de En Marea. Cando unha periodista lle fixo unha pregunta incómoda, contestou: «*Bonito abrigo de pieles tienes.*» *(Murmurios.)* E cando outra periodista lle fai outra pregunta, contéstalle: «*Le azotaría hasta que sangrase.*» *(Murmurios.)* Claro que, sobre compañeiras, a Rita Maestre lle dixo —literal—: «*Para miradas lujuriosas, Rita, las que tú despiertas allá donde vas.*»

(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Silencio, señora Santos, silencio. Ten unha chamada á orde. Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pablo Iglesias, señoría. Esas son as súas políticas feministas.

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Miren, señorías, non me estraña que a señora Rita Maestre dixera que hai ataques machistas durante a súa campaña electoral para liderar Podemos en Madrid.

(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Non me estraña que o señor Errejón dixera que hai que desterrar comportamentos machistas en Podemos. *(Aplausos.)*

Eu comprendo, señorías, que isto molesta, pero esa é a realidade.

Señorías, vostedes teñen un líder que fala de azoutar mulleres. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Dan leccións de feminismo ou de machismo? *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)* Vostedes din que o home...

O señor PRESIDENTE: Señor Villares, señor Villares, silencio. Vouno ter que chamar á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se iso non é necesario acudir a Pablo Iglesias.

O señor PRESIDENTE: Señor Villares. Silencio.

Non, perdoe, señor presidente, perdoe, perdoe un momento.

Silencio, ¡silencio!, señor Villares. Señor Villares, chámoo á orde. *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Ben, alá vostede, fágao tres veces e expúlsoo. Vostede verá. ¡Home, estamos no Parlamento! *(Murmurios.)* Vostede tivo o seu turno, hai que respectar a quen está no uso da palabra.

Ten unha chamada á orde, señor Villares; non me gusta, pero ten unha chamada á orde.

Señor presidente, prosiga.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, acabo de traer a colación frases exactas do líder de Podemos. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Teño o meu dereito para facelo, e lamento que un líder deste partido no que está representando o señor Villares faga este tipo de declaracións sen escoitar nada dos deputados e das deputadas de En Marea. *(Aplausos.)*

Pero, evidentemente, ¿que podo esperar, señoría, dunha serie de deputados que din que os homes teñen que impoñer ás mulleres o lugar en que dan a luz? *(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Señor Villares. ¡Señor Villares!

Vouno ter que chamar á orde por segunda vez.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Que lección de feminismo podo escoitar de homes deputados desta Cámara que din que os homes temos dereito a impoñerlles ás mulleres o lugar onde dan a luz os seus fillos ou as súas fillas? (*Murmurios.*)

Señor Villares, agradezo ao señor Leiceaga que fixera unha pregunta sobre igualdade. Mire, escoiteino con moito interese, como intento facelo sempre, pero ¡que rabiosos están os de Podemos de que eu estivera nun programa da Sexta! ¿Que pasa? ¿Que a esa Televisión non pode ir ninguén que non sexa de determinado partido político? (*Murmurios.*) Señoría, non pasa nada porque nunha hora nesa televisión haxa alguén do PP, non ocorre nada. (*Risos.*) Mire, señor Villares, se chegan a emitir as catro horas de programa de preguntas e respostas completas, se chegan a emitir esas catro horas, entón dálle algo, señor Villares. (*Risos.*) (*Aplausos.*), pódolle asegurar que lle dá algo; catro horas de preguntas e respostas sería o programa completo. Pero, en fin, vexo que, como vostede está moi interesado...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...nas miñas entrevistas, na próxima entrevista mandareille saúdos, señor Villares, (*Risos.*) porque eu creo que no seu partido se acordan menos de vostede do que me acordo eu.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(*A señora Pontón Mondelo pide a palabra.*) (*O señor Fernández Leiceaga pide a palabra.*)

Si, señora Pontón, ¿para que quere a palabra?

Silencio, por favor.

¿Para que quere a palabra?

O señor PRESIDENTE: Non sei se se a pediu tamén...

A señora PONTÓN MONDELO: Dáme igual, que fale el.

O señor PRESIDENTE: A min avisáronme. Agora, a da señora Pontón eu non a vin. ¿Tamén a pediu o señor Leiceaga? ¿Pediuna primeiro vostede? Non, non. Se a pediu primeiro vostede, tena vostede primeiro.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Moi rapidamente.

Para pedirlle ao señor presidente da Xunta que retire a alusión a que estamos na oposición por [...], porque, ademais de ser falsa, eu creo que representa un ataque non xustificado ao resto dos grupos parlamentarios.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Creo que é evidente que durante o debate que se acaba de producir fun directamente aludida e insultada.

O señor PRESIDENTE: Non, non.

A señora PONTÓN MONDELO: E, ademais..., si, si, si... Permítame... Eu, de verdade...,

O señor PRESIDENTE: Non, non, insultada non.

(Murmurios.)

Silencio.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu escoitei, con absoluta templanza, un debate que quero dicir que me dá moita pena, porque me demostra ata que punto lle interesan ao señor presidente da Xunta os problemas da igualdade, e pídolles perdón ás mulleres deste país porque se require algo máis neste Parlamento. Pero é que o señor presidente... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: Por favor, señor presidente, non se poña nervioso.

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio! Modero eu. ¿Cal é a súa petición?

A señora PONTÓN MONDELO: Eu pido o turno que me corresponde por alusións, pero quero facer outra... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. Está nisto, pero ¿cal é a alusión?

A señora PONTÓN MONDELO: ¡Home! Increpáronme e insultáronme directamente. E, ademais, ao señor presidente *(Murmurios.)* quero dicirlle que vostede ten unha memoria moi selectiva, señor presidente do Parlamento, porque no pasado pleno eu fun aludida e *(Murmurios.)* a min se me retiraron e se me chamou á orde.

O señor PRESIDENTE: Iso xa está. Non. ¿Cal é alusión concreta neste asunto ou a inexactitude?

A señora PONTÓN MONDELO: Creo que vostede o sabe perfectamente, porque o señor Feijóo me acusou de [...].

O señor PRESIDENTE: Non, non.

A señora PONTÓN MONDELO: Si, si, si. E é máis, señor presidente, e é máis, señor presidente, no pasado pleno vostede chamoume á orde...

O señor PRESIDENTE: Non, non, pero o pasado pleno non é obxecto agora.

A señora PONTÓN MONDELO: ...por utilizar esa palabra, e o señor Feijóo ten aquí inmunidade para insultar, e reivindicoo... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señora Pontón, non ten a palabra, terminou o seu turno. Non, non, terminou o seu turno. Non, non, terminou o seu turno.

(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)

Xa estamos respectando o Parlamento, estamos respectando o Parlamento. Non, non, xa está. Terminou o seu turno.

Síntoo, señora Pontón, terminou o seu turno.

Señor presidente, hai unha petición formulada polo señor Fernández Leiceaga en concreto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, silencio. Non, non, escándalo non é. Hai unha petición en concreto.

(O señor presidente da Xunta de Galicia, Núñez Feijóo, pide a palabra.)

¿Señor presidente?

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, calquera cousa que dixera que o poida molestar, por suposto que o retiro do *Diario de Sesións*. *(Murmurios.)*

Dixen —e reitero— que, na miña opinión, o cartel do BNG é un cartel machista. Evidentemente, señorías, non vou pedir que se retiren do *Diario de Sesións* os insultos sobre a miña persoa, porque probablemente a metade do *Diario de Sesións* habería que retiralo. *(Aplausos.)* Pero non importa, señoría, non importa. Eu son un demócrata, e se hai algunha cousa que ofenda o señor Leiceaga, retíroa.

Á señora Pontón tamén a retiro, e ao señor portavoz de En Marea tamén a retiro. Non necesito que retire a denominación permanente e constante de «contrabandista». Señoría, os galegos saben moi ben que significa cadaquén, cada deputado e cada deputada na Cámara.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Está retirado todo! ¡Está retirado todo!

Non, non, ¡xa está! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, está retirado. Non, non, ¡está falado! Non, non, non... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)* Terminou. Está retirado. ¡Retirouno!

Proposicións non de lei.

Síntoo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Está terminado. Non, non, non. Síntoo. ¡Retirado! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non estou vulnerando... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, conciencia moi tranquila, estou cumprindo... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Grazas, señora Pontón, grazas. *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* Grazas, señora Pontón.

Pasamos ao turno de proposicións non de lei. *(Murmurios.)*

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar o papel das escolas e do profesorado a prol da igualdade, así como da prevención das violencias machistas

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 26134).)

Emenda de modificación.

O punto 1 da parte resolutiva da iniciativa quedará redactado do seguinte xeito:

«1. Crearase a figura de coordinador de igualdade en todos os centros educativos da comunidade autónoma, que será un docente con experiencia acreditada e que recibirá a formación e apoio necesario para o eficaz desenvolvemento da súa tarefa».

Emenda de modificación.

O punto 5 da parte resolutiva da iniciativa quedará redactado do seguinte xeito:

«5. No caso de que algún centro educativo no uso da súa autonomía decida recomendar o uso do uniforme escolar, deberá tenderse a que tal uniformidade evite a diferenciación entre nenas e nenos».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: ¡Que présa tiña o presidente en marchar! ¡Que mágoa!, porque a verdade é que tiñamos algo que dicirlle. ¡Menudo esperpento! (*Murmurios.*) ¡Menudo espectáculo bochornoso acaba de protagonizar neste Parlamento! Recomendolle que alguén lle pase o recado: revisen os argumentarios; sobre todo, revisen o machismo e o desprezo que teñen nas súas filas, porque, dende logo, xa nos sobra. (*Aplausos.*) A folga de mulleres (*Murmurios.*) é o máis machista que se pode dicir —dixo Tellado—.

O señor PRESIDENTE: Non, non, non. (*Murmurios.*) Silencio.

Non, vostede estase dando conta de que está ofendendo un grupo.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*)

A señora CHAO PÉREZ: ¡Home! (*Protestas.*)

O señor PRESIDENTE: Si, si, perdoe. (*Murmurios.*) ¡Claro! Iso si, estalle chamando directamente machista ao Grupo Parlamentario Popular. (*Protestas.*) Si, si. (*Murmurios.*) Non, por favor, ¡xa era o que me faltaba, que os membros da Mesa tamén me increparan a min! (*Murmurios.*) ¿A onde imos chegar? (*Protestas.*) ¡Un pouquiño de respecto tamén aos membros da Mesa! ¡Un pouquiño de respecto tamén! (*Murmurios.*)

¡Silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

¡Silencio!

Polo tanto, señora Chao, á cuestión, e prégoles que esa expresión non a utilice, por favor.

Grazas.

A señora CHAO PÉREZ: Acabamos de escoitar neste pleno que a oposición estaba na oposición por non respectar as mulleres...,

O señor PRESIDENTE: Está retirado.

A señora CHAO PÉREZ: Mire que o escoitamos.

O señor PRESIDENTE: Está retirado. (*Murmurios.*)

¡Silencio, por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio, por favor!

A señora CHAO PÉREZ: ...e que a folga feminista é a máis machista que se pode facer tamén o escoitamos.

Escoitamos do presidente da Xunta insultar constantemente a oposición. Así que si, pedimos un pouco de respecto. A oposición pide un pouco de respecto porque representa miles de cidadáns que nos votaron. Así que pedimos un pouquiño de respecto, ¡por suposto! (*Aplausos.*)

(*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio, por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio! (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Losada, silencio, por favor. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¡Silencio! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Protestas.*)

Imos suspender o Pleno... (*Murmurios.*) (*Protestas.*)

¡Un momento, por favor! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*)

¡Silencio! Se isto segue así, suspendemos momentaneamente o pleno. (*Murmurios.*) Eu creo que o debate terminou, está a señora Chao no uso da palabra, imos respectalo. Creo que procede.

Polo tanto, señora... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Todos! Si, ¡todos! Eu falo para todos, non falo só para vostede, falo para todos.

Señora Chao, continúe vostede.

A señora CHAO PÉREZ: A menos dun día da folga feminista, que, como dicía onte, será tamén unha folga estudantil a prol dun ensino gratuíto, laico e feminista —por moito que moleste á bancada popular—, dende En Marea queremos reivindicar, unha vez máis, o papel fundamental... (*Murmurios.*)

Non sei se van seguir de cháchara... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, ela ten dereito a parar se a molestan. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio. (*Murmurios.*) Silencio. Alá o tempo. (*Murmurios.*)

¡Silencio!

A señora CHAO PÉREZ: Grazas.

Dende En Marea queremos reivindicar, unha vez máis, o papel fundamental que ten o ensino, que debe ter o ensino, como trincheira fundamental contra o machismo, reivindicar o papel da escola, das escolas como axente fundamental a prol da igualdade, como axente fundamental de transformación social.

Non nos cansaremos de repetilo: do mesmo xeito que se aprende o machismo, a igualdade tamén se pode aprender. E nese eido a Administración educativa ten unha responsabilidade fundamental, unha responsabilidade que, ao noso entender, a Consellería de Educación non está asumindo tanto como debería. Non serve falar de coeducación, etc., etc., etc., como fixo aquí o presidente da Xunta hai uns minutos, etc., etc., etc. Ese é o gran concepto que ten a Xunta de Galicia do que se pode facer nas escolas: un longo etcétera, se logo se seguen financiando centros escolares concertados machistas que segregan nenas e nenos. Non serve aprobar plans de igualdade para as escolas cheos de palabras fermosas e consignas que calquera persoa comprometida coa igualdade asinaría se iso non se acompaña dos recursos económicos necesarios para levalo a cabo. Non cabe falar, levantar a bandeira das escolas en igualdade se a Administración non pon todos os recursos dos que dispón para que funcione tal tarefa.

E sobre isto é sobre o que versa a nosa proposición non de lei. Sobre isto é sobre o que aspirabamos a poder debater hoxe, sobre o moito que aínda se pode facer para que as escolas sexan formadoras de persoas libres, independentes, iguais e feministas, as persoas que necesitamos para ter un futuro mellor para todas e para todas, partindo de que as escolas son unha das áreas de socialización máis importantes para as nenas e os nenos, que é nelas onde precisamente se asumen os primeiros estereotipos machistas. Non o dicimos nós, hai numerosa literatura que o certifica. Debe ser precisamente o lugar no que reforcemos a potencialidade do profesorado para loitar contra o machismo.

Neste senso dende En Marea insistimos xa moitas veces en que a escola debe ser o primeiro espazo no que derrubar estereotipos e roles que fomentan a desigualdade e no que se traballe para un futuro igualitario. As nosas vidas —e non é unha forma de falar—, literalmente, as nosas vidas dependen diso.

E non queremos dicir que non se estea facendo nada neste eido —escoiten ben, para logo non confundirnos na réplica—, senón que pensamos que, malia que nos últimos anos se deron avances na introdución da perspectiva de xénero nas escolas e se desenvolveron diversos programas e proxectos, resultan insuficientes, esporádicos e en demasiadas ocasións dependen da vontade da comunidade educativa ou de propostas de institucións concretas. É dicir, que a coeducación escolar en demasiadas ocasións depende máis do voluntarismo de quen ten que levalo a cabo que dunha planificación sistemática, moito menos da existencia de políticas públicas educativas firmes. Isto fai que a marxe de mellora que temos sexa enorme.

Por iso agardamos que desta proposición non de lei poidamos debater sobre medidas concretas, porque —é evidente— as cinco propostas que imos poñer hoxe sobre a mesa non serán suficientes para resolver todos os problemas nin para paliar as deficiencias que detectamos. Nese senso discutilas e mesmo facer propostas alternativas sería o mellor xeito de sermos útiles á sociedade que nos pon aquí, que se supón que para iso estamos.

Como xa temos denunciado en ocasións previas, unha das eivas fundamentais que debemos afrontar cando analizamos o que acontece nas escolas deste país é a insuficiencia da formación específica en materia de igualdade para o profesorado. A pesar do marco xurídico que mandata o desenvolvemento dunha formación en igualdade tanto para o alumnado como para o profesorado, as carencias son enormes. Por iso defendemos xa en numerosas ocasións a necesidade dun plan de formación integral.

Como enorme é a carencia de mulleres nos libros de texto, faltan referentes femininos para as nenas e nenos neste país. Falta que as nenas de Galicia coñezan moitas Rosalías, moitas Marías —as Pita, as Castaña, as de Compostela—. Moitas Maruja Mallo nos libros, moitas Marcelas e Elisás, moitas Concepción Arenal e Emílias Pardo Bazán. Falta que as futuras mulleres e os futuros homes deste país saiban das moitas pioneiras que existiron en Galicia e que esas pioneiras enchan os libros de historia, de literatura, de bioloxía e de física, porque foron, porque son, porque teñen que ser e non están. ¡Xa está ben da invisibilización permanente! ¡Xa está ben de que sexan homes os que firman a maior parte da literatura obrigatoria que forma parte do currículo escolar!

¿Acaso non temos primeirísimas escritoras de primeira liña neste país? ¿Onde están? ¿Onde están os seus nomes? ¿Onde as investigadoras, as descubridoras? ¿Onde? Todas as mulleres anónimas imprescindibles que foron levantando este país. Con tantas ausencias, con tantos silencios, ¿como sorprenderse despois das múltiples facianas da fenda de xénero?

Nese senso hai apenas un mes que os xornais se facían eco de que só o 24,5 % do total do alumnado matriculado en titulacións técnicas son mulleres, unha cifra 12 puntos menor á que tiñamos en 2005; ou o chamativo caso de informática, onde as mulleres só representan o 12 %. Igual alguén pode explicarlle ao presidente da Xunta que a desigualdade no ensino vai disto, porque escoitar aquí —como tivemos que facelo hai uns minutos— que debemos contentarnos porque as mulleres imos á universidade e non á formación profesional avergoña, sonroxa a calquera. É indigno do presidente da Xunta de Galicia, que parece que non sabe de que está falando.

Desigualdade que se deixa sentir logo, por suposto, no mercado laboral, con máis paro, máis temporalidade, máis precariedade, teitos de cristal, menores salarios, pensións máis baixas, xornadas dobres, unha situación que, por suposto, cómpre atallar dende a infancia. E hai máis, porque a desigualdade non só atinxe cuestións académicas. A desigualdade ten que ver por suposto tamén coas relacións afectivo-sexuais, das que non se di nada nas escolas, absolutamente nada, nada precisamente ás nenas e nenos en idade de ter as súas primeiras relacións. Porén, lamentablemente, a educación afectivo-sexual segue sen ter un espazo ningún no currículo. É dicir, que hai moito moito que facer.

Por iso, ¿cales son as nosas propostas? En primeiro lugar, volvemos insistir na necesidade da creación de prazas de axentes de igualdade nos centros educativos, para poder avanzar cara a equipos conxuntos de orientación e igualdade, con formación específica. ¿Por que reivindicamos unha figura específica e non a adaptación do profesorado xa existente? Porque dende as propias escolas docentes e orientadores fannos chegar a súa impotencia e incapacidade para loitar contra as múltiples violencias machistas. Dunha banda, porque teñen cla-

ros os problemas de tempo, vencellados co aumento da carga electiva e os recortes en persoal. E, en segundo lugar, está a cuestión da pertinencia dunha formación realmente específica; eles fálannos de que carecen das ferramentas.

En segundo lugar, propoñemos a elaboración dun plan de formación en igualdade integral, unha formación inicial e obrigatoria en igualdade, prevención das violencias machistas e coeducación para todos os niveis de formación do corpo docente; menos cursos guiados e máis programación integral.

En terceiro lugar, queremos estender a materia de igualdade de xénero a todos os cursos educativos, adaptando os contidos a cada etapa e incluíndo entre os seus contidos bloques específicos de educación afectivo-sexual.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CHAO PÉREZ: Xa o temos... —espero que me compense todo o tempo que perdín ao principio—...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Xa leva 26... Por iso lle estou dicindo que remate.

A señora CHAO PÉREZ: Xa o temos comentado. Para as deputadas de En Marea non se pode entender que a formación en igualdade sexa opcional, non pode selo. Igual que non é opcional que os nenos e nenas aprendan o currículo básico. Non podemos permitirnol que sexa opcional que sexan formados en igualdade; é fundamental, vital, para mellorar e asegurar as nosas vidas.

En cuarto lugar, e na mesma liña que a proposta que trouxo onte o Grupo Socialista, dende En Marea pensamos urxente desenvolver un plan de patios escolares a prol da igualdade, de xeito que se aposte por xogos que promovan a convivencia e o uso dos espazos igualitarios, lugares nos que —como dicía onte— as nenas e nenos pasan de media 525 horas de xogos e socialización entre iguais e con persoas do sexo oposto; 525 horas que poderían servir para que aprendan novos xeitos de relacionarse, 525 horas que poden axudarnos a rachar cos estereotipos machistas que proliferan nos espazos escolares. Trátase de reivindicar programas de patios educativos que xa están funcionando noutros territorios do Estado español.

Como dicía onte a señora Pierres, apostar por este tipo de políticas permitiría poñer o noso país á cabeza das políticas educativas en igualdade que se están desenvolvendo no conxunto do Estado. Nós non queremos compararnos cos que están peor, queremos compararnos cos que están mellor.

E, por último, queremos falar dos uniformes escolares. Neste senso propoñemos que a Administración educativa actúe para que naquelas escolas nas que se usa o uniforme escolar se aposte por un único uniforme de pantalón, evitando a diferenciación para nenos e para nenas. ¿Que sentido pode ter que lles falemos ás nosas fillas de igualdade, de que poidan ser iguais que os seus compañeiros, se están sendo obrigadas a levar falda nas escolas?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: A pregunta definitiva sería: ¿pódese facer máis? A resposta é evidente —remato xa—: si. Imos seguir insistindo: o machismo é o problema, a educación pode ser a solución. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, espero que o Partido Popular e a persoa que lle dea réplica a esta proposición non de lei de En Marea non me considere inhabilitado para calquera iniciativa relacionada coa educación polo feito de que o partido ao que pertenzo onte decidira ausentarse ou rachar —ou o termo que queiran empregar— no pacto social educativo de educación, como se fixo onte en resposta a un plan de modificación de patios escolares presentado brillantemente pola deputada señora Pierres, do meu grupo parlamentario.

Evidentemente, é unha cuestión de financiamento —así se dixo—. Pero mire, esa historia, esa argumentación de que faremos máis con menos ao que conduce é a que hoxe, por exemplo, se faga público un informe da Unión Europea no que o índice de risco de pobreza deste país aumentou alarmantemente desde que o Partido Popular está no Goberno; iso de facer máis con menos trae, en consecuencia, ese tipo de realidades.

Falaba antes o señor presidente da Xunta de que unha das maiores contribucións que fixo á igualdade nos centros educativos foi a creación dunha materia, por certo, de libre configuración, e polo tanto optativa, que se chama Igualdade de Xénero. Pero, como lle recordou o señor Leiceaga, eliminaron fulminantemente a materia de Educación para a Cidadanía, porque —segundo determinados sectores deste lamentable país que somos ás veces— invadía o ámbito privado da educación dos fillos cando falaba de que as mulleres eran iguais que os homes, de que non se debían tolerar violencias de xénero e de que había que tender á igualdade. Esa é tamén outra realidade.

Señora Chao, indo á súa proposición non de lei, evidentemente concordamos cos puntos 2º, 3º e 4º, de feito o 4º —como vostede acaba de recordar— ten un contido totalmente idéntico á proposición non de lei a que fixen referencia antes, que se defendeu onte neste Parlamento, pero temos que emendar —e así o fixemos— necesariamente os puntos 1º e 5º. E témolo que facer porque, en primeiro lugar, e con respecto ao primeiro punto, coa figura que propoñen vostedes de axentes de igualdade hai dous elementos que entendemos suficientemente contundentes. En primeiro lugar, caso de que existira esa figura parécenos manifestamente insuficiente que se pida unha formación específica de 300 horas. Cuantificar nun parlamento cal é a formación mínima necesaria parece un exceso de competencias. Pero, en calquera caso, existe dentro do catálogo de formación profesional de grao superior un título que ten 2.000 horas de duración, que se chama Promoción de Igualdade de Xénero, na

que se imparten módulos específicos de información e comunicación con perspectivas de xénero, promoción do emprego feminino, ámbitos de intervención para a promoción da igualdade, prevención da violencia de xénero, participación social das mulleres e intervención socioeducativa para a igualdade. Insisto, 2.000 horas de formación, un título de grao superior que —entendemos— proporciona, necesariamente, unha formación moitísimo máis sólida que 300 horas, xa por unha cuestión numérica e, por outro lado, porque está deseñado como título estatal, que é por expertos e expertas na materia da que se trata, e, polo tanto, esa formación, ese currículo, será necesariamente máis potente que 300 horas de formación.

Ademais, apostamos pola creación, igual que xa fixeron outras comunidades, porque se algo está funcionando convén ver se funciona e se dá resultados, e parece ser o caso; hai comunidades autónomas que regularon a figura de coordinador de igualdade, que é un docente, iso si, como vostede dixo, e estou totalmente de acordo, coa redución horaria suficiente. Non se trata de sobrecargar o profesorado con tarefas adicionais sen reducirlle o horario; en todo caso, darlle horario suficiente para que se dedique a esa nova tarefa, formación suficiente e o apoio necesario. Non crear unha figura para que ao final careza de contido porque non ten capacidade para levar a cabo a finalidade para a que foi concibida.

E con respecto ao uniforme escolar, que é un tema suficientemente escabroso, ao mellor, como para dedicarlle un monográfico, non houbo ningunha comunidade autónoma neste Estado, en España, que regulamentase o uso. É un tema delicado, é un tema sobre o que non existe un consenso nin mínimo, tan sequera; é dicir, non é un tema pacífico e, ademais, é un tema que se decidiu deixar dentro do dubidoso ámbito neste tema da autonomía dos centros docentes. Porque informes xurídicos hai que alertan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ...—si, remato, presidente— de que é unha ilegalidade impoñer o uso dun uniforme escolar. Polo tanto, que naqueles centros onde se recomende o emprego do uniforme escolar, se tenda a que esa uniformidade evite a diferenciación entre nenos e nenas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Álvarez.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas.

Bo día.

Se me permiten, antes de máis, creo que despois do que acabamos de vivir, do debate que acabamos de presenciar, do insulto, do menosprezo, da falta de respecto continuado cara ao

noso grupo e cara aos demais que representan as forzas da oposición, temos que dicir que, efectivamente, estamos até a cona, ¡até a cona!, (*Aplausos.*) tamén, do «todo vale aquí dentro», «do todo vale aquí dentro», absolutamente. (*Murmurios.*)

É boa mostra, tamén, o que acabamos de vivir esta mañá, de que o ensino debe ser concibido, debe ser desenvolvido e debe ser implantado na sociedade como ferramenta de transformación social. Madría leva se fai boa falta para contribuír a rachar, diciámolo onte, e volvemos repetilo hoxe, con condutas, con hábitos e comportamentos machistas, violentos, que se baseen no menosprezo, no insulto, na discriminación cara ao que pensa diferente ou ten calquera tipo de opinión disidente. É que debemos concibir o ensino como unha ferramenta que transmita valores humanos, e un dos valores humanos fundamentais é o respecto, é a equidade, a xustiza social e, insisto, tamén a tolerancia cara os que pensan diferente.

É un importante axente de socialización, nós tamén o cremos así, pero tamén temos que dicir que non é o único. Témolo abordado, témolo debatido en moitas ocasións, tamén, e, sobre todo, na Comisión de Igualdade, recentemente a semana pasada, que de nada serven actuacións puntuais no ensino se despois o que vemos —a través dos medios de comunicación, da publicidade, de series de televisión ou mesmo nos comportamentos que se transmiten a través das redes sociais— é unha mensaxe completamente contraditoria co que se di ou se defende por parte do profesorado nas aulas. Mensaxes contraditorias que perpetúan moitas veces e reproducen roles e estereotipos machistas. Mesmo esta Cámara e o comportamento e as actitudes que temos aquí dentro educan ou transmiten valores que normalizan ou naturalizan o desprezo ao outro e o insulto.

Coincidimos con esta iniciativa na necesidade de crear esa figura de axente de igualdade con formación específica que poida coordinar e introducir a perspectiva de xénero en todas as actuacións, tamén da necesaria formación do profesorado. Desde o BNG impulsamos un acordo adoptado por unanimidade nesta Cámara para garantir a formación do profesorado a través do mestrado, que é obrigado para poder impartir aulas, sempre desde o prisma de educar a quen educa, porque é imposible ou moi complexo aplicar unha perspectiva de xénero con eses visos de transversalidade se se carece dela. De igual modo, cremos que é imposible detectar actitudes violentas, discriminatorias ou intervir diante de situacións nas que se poida producir esa discriminación por razón de xénero, ou calquera outra, se non se contan coas ferramentas necesarias para poder abordar e intervir esas situacións.

Hai un elemento que nos parece moi interesante da parte resolutiva da iniciativa que defende hoxe En Marea, é que esa inclusión de bloques específicos de educación afectivo-sexual é a necesidade —cremos e, ademais, defendemos desde o BNG— de que os centros de ensino e o profesorado asuman a formación en materia de sexualidade. Que esta deixe de ser un tabú, témolo defendido aquí en máis ocasións, e que pase do espazo privado ao espazo público. A semana pasada, se non lembro mal, sinalábao ademais a representante da Cruz Vermella Mocidade na Comisión de Igualdade, que era unha cuestión fundamental que ese ensino, que esa educación en materia afectivo-sexual e, sobre todo, en materia de sexualidade pase a formar parte fundamental do ensino nas aulas; sobre todo, porque advertía ela —e eu recálcoo aquí e tamén o transmito para quen non está presente nesa comisión— que isto nos leva á falta desa formación en materia afectivo-sexual nas aulas, lévanos a que unha das

principais fontes —ou en moitos casos e, sobre todo, a respecto da xente nova a única case fonte de información en materia de sexualidade — é a pornografía, co que iso supón na perpetuación de roles e na reprodución de actitudes violentas.

No tocante ás relacións afectivas, tamén contribuír a través desa incorporación ao ensino regrado e á formación nos centros de ensino para rachar —falabámolo onte— con actitudes, con modos de relacións que son tóxicas, que parten de consideracións violentas, discriminatorias, que perpetúan a desigualdade entre mulleres e homes. E ese mito do amor romántico do que falabamos precisamente onte, da idea dos ciumes como reflexo dun suposto ou falso amor, ou a idea de que somos seres incompleto que vagamos polo mundo buscando a nosa media laranxa e a alma xemelga perdida, que é pura toxicidade e que acaba...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...contribuíndo a perpetuar roles de xénero tamén nas relacións afectivo-sexuais.

Pola nosa banda máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

Ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia a señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días e benvidos os invitados e as invitadas que están hoxe no Parlamento de Galicia.

É unha mágoa que sexa nesta terminoloxía... É unha pena que unha responsable política dentro deste Parlamento —como ben lle dicía a señora García Negro— siga insistindo no horror e que teñan que escoitar todas as persoas que aquí están, e as que nos están escoitando, semellante terminoloxía falando de educación e falando de igualdade. (*Aplausos.*) Creo que, dende logo, é unha mágoa, jé unha mágoa, dende logo que si!

Vostedes teñen unha postura catastrofista dende En Marea, sexa cal sexa o tema, e neste caso, unha vez máis, non se axustan á realidade. Dende logo, vostede falaba que si se conseguiron avances, eses avances que vostedes nunca apoiaron e que sempre votaron en contra en materia de educación. (*Aplausos.*)

E, por suposto, non imos apoiar a súa proposición, e voulles dicir por que. Unha cousa é a educación en termos xerais e outra moi distinta o Sistema educativo en Galicia, o sistema educativo universitario e non universitario.

Dende logo que o fomento da igualdade ten que facerse dende o amplo e dende a educación, dende o concepto amplo que abrangue a educación nas familias, nos medios de comunicación, na Administración pública e, por suposto, no ámbito privado. Como vemos, a educación en igualdade debe repercutir en toda a sociedade. Pero outra cousa é o sistema educativo galego, o sistema educativo universitario e non universitario.

O sistema educativo en Galicia é coeducativo e é igualitario, como vén ben de reflectirse, e, dende logo, a igualdade está presente nos currículos de todos os galegos e de todas as galegas en idade escolar.

E temos, ademais, un plan de igualdade nos centros educativos, temos unha lei de convivencia e participación, temos unha estratexia de convivencia e hai un Portal de igualdade dentro da propia Consellería de Educación.

Este curso tamén destaca porque hai un novo ciclo dentro da formación profesional, un novo ciclo dentro da igualdade de xénero. Tamén os alumnos de primeiro e segundo de educación secundaria obrigatoria teñen dentro do seu currículo, dentro dunha materia de libre configuración, esa asignatura de Igualdade de Xénero.

Nas 7 universidades galegas, grazas á Xunta de Galicia e ás unidades de igualdade, a través dos 3 campus da nosa comunidade autónoma, fixéronse o pasado ano unhas xornadas de sensibilización e prevención contra a violencia sexual na mocidade galega.

Pero, ademais de todo isto, o conselleiro de Educación, Román Rodríguez, presentou no ano 2016 unha enquisa ante o Consello Galego de Convivencia, unha enquisa que se levou a cabo con 200.000 persoas. Entre esas 200.000 persoas estaban as familias, persoal docente e persoal non docente, e tamén había estudantes.

¿Que se pretendeu con esta diagnose que se fixo en todos os centros de Galicia da convivencia, da situación da convivencia en todos os centros de Galicia? Pois preténdese conseguir unha diagnose para saber e coñecer ao detalle a situación da convivencia en todos os centros.

Dende logo, puxéronse en marcha diferentes medidas, tomáronse as decisións axeitadas e implementáronse nos propios centros e na Administración educativa as modificacións que tiña que haber, sobre todo as inxerencias a través desta enquisa con 20 millóns de datos; as inxerencias viñan nos espazos de lecer, nos patios de recreo, nas entradas e saídas das aulas, e púxose en marcha, consensuado por suposto cos centros educativos e coa propia Xunta de Galicia, un plan de mellora, un plan de medias de convivencia; concretamente, en 230 centros están levando a cabo este proxecto; algúns deles teñen algún premio recoñecido con respecto aos patios e aos recreos dinámicos, integradores e respectuosos.

Pero, ademais, os resultados desta enquisa, a 200.000 persoas dentro do ámbito educativo, foron demoledores. A maior parte dos enquisados consideran que a convivencia mellorou nos tres últimos anos e que a perfección da evolución positiva multiplica por catro a negativa. Tamén o 85 % dos colectivos enquisados afirman que non hai problemas de convivencia ou que pode haberlos nalgún momento puntual. Tamén o 80 % das familias afirman que non hai problemas nas aulas. Co cal temos que os datos son positivos, optimistas, e amosan unha aposta firme, no sistema educativo galego, en coeducación igualitaria.

Tamén, ademais disto, a educación implantou con respecto á formación docente un traballo importante dentro do I Plan de formación 2017-2018, no que participaron máis de 20.400 docentes galegos, un 60 % do total, en máis de 2.800 actividades.

O pasado ano, tamén na liña da formación precisamente en igualdade, convivencia e inclusión, participaron 7.000 mestres e mestras e este ano foron 6.000. Co cal a aposta é firme, a aposta é clara.

E, xa para ir rematando, recordarlles que Galicia foi a primeira comunidade autónoma que ten para todo o persoal da Administración pública formación en prevención contra a violencia de xénero, en igualdade de xénero, para todo o persoal da Administración pública, en base á nosa Lei, do 2007, de prevención e tratamento integral contra a violencia de xénero.

E, xa para rematar, simplemente, comentarlle unha frase que creo que é moi acaída ao día de hoxe, dunha muller que foi Premio Nobel de Medicina e Fisioloxía, Rita Levi-Montalcini. Quizais, vostedes, esa bancada da esquerda, a recoñezan; a frase eu creo que é acaída: «As mulleres que cambian o mundo non necesitan nunca mostrar outra cousa máis que a súa intelixencia».

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Chao.

A señora CHAO PÉREZ: Difícil contestar.

En primeiro lugar, agradecer, por suposto, o apoio dos grupos da oposición a esta proposición non de lei.

Respecto das emendas do Grupo Socialista, asumimos a modificación do punto quinto e respecto do primeiro trataremos de buscar unha transacción logo.

Outra vez, por suposto, lamentar, sen sorpresa ningunha, a cerrazón do Partido Popular a discutir nin unha das súas propostas que puxemos sobre a mesa. O «non polo non», sistemático, soberbio e inútil. ¿Acaso non apelou antes o señor Feijóo ao consenso? ¿A cal consenso exactamente? Dende logo, nunca ao consenso que propón a oposición. Non quixeron entrar no debate nin poñer alternativa ningunha sobre a mesa. E logo algunhas veces din que sempre se pode mellorar, pero deciden non facelo.

Nós preguntámonos por que, cando se fala de ensino nesta Cámara, se anula toda lóxica científica en virtude da cal se pretenden avalar outros discursos, ignorando sistematicamente as conclusións de todos e cada un dos estudos que aquí se citan. Realmente é difícil de comprender, porque temos citado numerosos estudos que avalan os positivos resultados da coeducación, dos patios coeducativos, das materias de igualdade, de compartir aulas, e non importa; no mellor dos casos, ignóranos e, no peor —o máis habitual—, simplemente os desprezan.

E ¿por que digo que é realmente difícil comprender esta actitude? Porque imaxinen que, despois dunha serie de estudos científicos, as investigadoras —digamos— da USC concluíran

que teñen entre mans unha vacina contra o cancro —digamos— de mama, por poñer un exemplo; sería unha grandísima noticia, ocuparía as portadas de todos os xornais e, desde logo, sería utilizada e aplicada en canto fora posible. Ningún deputado ou conselleiro podería nin querería mirar para outro lado. Pois resulta que coa educación pasa exactamente isto: que os expertos teñen conclusións sólidas, froito de traballos serios, e vostedes prefiren mirar para outro lado ou dicir que todo vai ben, que nas escolas todo marcha perfectamente e se está facendo todo o posible. E isto é falso, porque, por suposto, hai violencias machistas nas escolas, como hai violencias machistas no resto da sociedade.

Non son opinións, hai datos, como os aportados polo Instituto da Muller sobre a violencia cara ás nenas na escola primaria, o cal insiste en que son os estereotipos de xénero, nos que se fundamenta a supremacía dos varóns sobre as mulleres, os que serven para agresións de compañeiros a compañeiras.

Hai que rachar con isto. Debemos formar os corpos docentes para que sexan verdadeiras vacinas contra o machismo, para que sexan as primeiras persoas que lles digan ás nosas fillas que a causa de que vaian ter peores salarios, máis precariedade laboral, máis paro, menos postos de responsabilidade, por suposto, non ten que ver coa capacidade nin co azar, ten que ver co machismo, que a causa de que vaian ser sinaladas, cuestionadas, vixiadas e golpeadas chámase machismo.

Por todo iso, imos ir á folga mañá. Por todo iso, miles de mulleres van parar mañá, porque, se paramos nós, para todo. Cento dez anos despois daquel primeiro 8 de Marzo en Nueva York, as mulleres seguimos querendo pan e as rosas, queremoslo todo. Decidan de que lado están. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Chao.

Pasamos agora a debater, de xeito acumulado, as seguintes proposicións non de lei: do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario Popular, do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre actuacións en materia de igualdade nos distintos ámbitos, singularmente da fenda salarial entre mulleres e homes.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para acadar a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes, así como a ratificación do Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201, sobre o traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e dez deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, eliminación de roles e estereotipos de xénero na comunicación e nos ámbitos familiar e laboral, flexibilización do tempo de traballo, racionalización horaria e loita contra a fenda salarial

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar o papel das escolas e do profesorado a prol da igualdade, así como da prevención das violencias machistas

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de igualdade e equidade salarial entre mulleres e homes

O señor PRESIDENTE: Presentáronse as seguintes emendas. Prégolles que presten atención, porque son emendas que están cruzadas.

Á proposición que figura en cuarto lugar, que é en concreto a do Grupo Socialista, preséntouse unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 25181 (10/PNP-001796).

Emenda nº 1, de adición.

Débase engadir no punto A).1, despois de «...no tempo do...»: «...Consello Galego de Relacións Laborais...».

Emenda nº 2, de adición.

Débase engadir no punto A).3, despois de «...un monográfico...»: «...sobre a discriminación salarial e laboral por razón de xénero...».

Emenda nº 3, de adición.

Débase engadir no punto A).4, despois de «...potenciar a integración da igualdade»: «...en todos os niveis educativos, incidindo especialmente...».

Emenda nº 4, de modificación.

Débase substituír o punto A).5 polo seguinte:

5. «Deseñar políticas activas de emprego dirixidas ás mulleres do medio rural e do sector marítimo-pesqueiro, implantando programas e medidas destinadas á súa efectiva inserción laboral no propio entorno».

Emenda nº 5, de adición.

Débase engadir no punto A).6, despois de «...formación empresarial...»: «...axudas económicas en I+D+i».

Emenda nº 6, de adición.

Débese engadir un novo punto:

«A.8. Introducir sistemática de criterios de igualdade nas cláusulas de contratación de servizos por parte da Xunta».

Emenda nº 7, de adición.

Débese engadir un novo punto:

«B.4. Derrogar a Lei 35/2012, de 17 de setembro, de medidas urxentes para a reforma do mercado de traballo».

Emenda nº 8, de supresión.

Débese suprimir no punto A.7: «...económico...».)

O señor PRESIDENTE: Á proposición do Grupo Parlamentario Popular presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 26209 [10/PNP-001853].

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

1. Rectificar a orientación xeral das campañas e accións de sensibilización e información da Xunta de Galiza para incidir na transformación dos valores que reproducen a desigualdade de xénero, para o que se incorporarán medidores obxectivos para avaliar o impacto das campañas e presentarse un informe anual no Parlamento Galego.

2. Realizar unha auditoría anual, en colaboración coas asociacións profesionais da comunicación e do xornalismo, das comunicacións das administracións galegas para asegurar a promoción dunha comunicación libre de mensaxes e imaxes que reproduzan estereotipos de xénero e a potenciación de valores a prol da igualdade.

3. Introducir un programa específico, dotado de orzamento, para levar a cabo no ámbito educativo os compromisos adquiridos no Parlamento Galego para avanzar na eliminación de estereotipos e roles de xénero así como para recuperar o papel activo das Escolas de nais e pais que axude a estender ao ámbito familiar o traballo en materia de coeducación.

4. Avanzar na aplicación e ampliación do marco laboral vixente canto a políticas de igualdade e conciliación no eido laboral, a comezar por demandar do goberno central a incorporación na lexislación, no prazo máximo de tres meses, de sancións económicas para aquelas empresas que non garantan a equidade salarial entre mulleres e homes e que incumpran as directrices da lexislación en materia de igualdade. Así mesmo, no ámbito das súas competencias a Xunta de Galiza aplicará a rescisión dos contratos da Xunta coas empresas que non cumpran a igualdade salarial e laboral entre homes e mulleres e incluírá nos pregos de contratación garantías laborais e límites ás subcontratacións e ás empresas de traballo temporal.

5. Reverter a política de deterioro dos servizos públicos apostando por un Plan de Compensación que contemple o aumento da rede de escolas infantís e o aumento dos servizos e axudas para maiores, persoas con discapacidade e á dependencia.

6. Demandar do goberno central a transferencia das competencias en materia de Inspección de Traballo e Seguridade Social para levar a cabo un control exhaustivo do grao de cumprimento da lexislación en materia de igualdade con actuacións concretas nas empresas de máis de 20 traballadores e traballadoras.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-001853, documento número 26209).

Emenda de modificación.

Débase modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

«A) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Cumprir a Lei 2/2007 de 28 de marzo do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia.
2. Potenciar os servizos de conciliación dirixidos á atención da infancia, tomando entre outras, as seguintes medidas:
 - a) Incrementar, durante esta lexislatura, o número de prazas públicas en escolas infantís ata niveis en que se elimine a lista de agarda en centros públicos, e non sexa preciso incrementar os concertos con entidades privadas.
 - b) Poñer en marcha nos vindeiros catro anos prazas públicas de escolas infantís en todos os polígonos industriais da Comunidade Autónoma galega.
 - c) Comezar durante este curso 2016-2017 a abrir en cada localidade o número de escolas infantís públicas precisas para cubrir a demanda existente en época de vacacións escolares, garantindo que a rateo mínima será dunha por localidade, sen que sexa preciso reunir un mínimo de 15 alumnos e alumnas para a apertura da escola infantil como se require a día de hoxe.

B) O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:

1. Equiparar os permisos de maternidade e de paternidade, eliminando a posibilidade de que se poidan transferir.

2. Promover unha lei de igualdade salarial entre homes e mulleres que garanta de forma real e efectiva tanto a distribución social dos traballos domésticos, como a retribución para o desempeño dun traballo de igual valor, removendo todos os obstáculos (acceso, formación, promoción, conciliación...) que o dificultan.

3. A transferencia á comunidade autónoma da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, e que mentres esta non se produza:

3.1. Intensifique a labor da Inspección de Traballo na loita contra a fenda salarial, e o mobbing maternal, implementando entre outras as seguintes medidas:

a) Garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais nos casos de embarazo ou lactación.

b) Promover campañas da Inspección de Traballo e da Seguridade Social para esixir á empresa que realice a avaliación inicial de todos os postos de traballo, para determinar que postos están exentos de riscos para o embarazo ou lactación e iso aínda que non exista nese momento ningunha traballadora en situación de embarazo ou lactación.

c) Promover campañas da Inspección de Traballo e da Seguridade Social para que no caso de que exista unha traballadora en situación de embarazo ou lactación se realicen avaliacións específicas, avaliando o posto en función da situación individual (embarazo ou lactación) e das características especiais da nai embarazada ou en período de lactación.

d) Impulsar protocolos de actuación para as Mutuas Colaboradoras na xestión da Seguridade Social, que inclúan entre os riscos protexidos os que puidesen afectar no embarazo e a lactación.

e) Aumentar as inspeccións de traballo en empresas e no ámbito da administración pública para evitar calquera tipo de discriminación das traballadoras embarazadas e en período de lactación.

f) Dotar e cubrir todas as prazas vacantes da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, tanto no Corpo Superior coma no Corpo de Subinspectores.

g) Ampliar, mediante oferta pública, en número suficiente o número de funcionarios, tanto no Corpo Superior como no Corpo de Subinspectores, de maneira que poidan desenrolar con eficacia as tarefas que lle corresponden.

4. Recuperar os principios inspiradores da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, para o adecuado cumprimento dos seus obxectivos, así como repórter o dereito das persoas coidadoras non profesionais do Sistema de dependencia a que as cotizacións á Seguridade Social corran a cargo da Administración Xeral do Estado, dereito que lles foi arrebatado polo Real decreto-lei 20/2012, do 13 de xullo.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 26209 (10/PNP-001853).

Emenda núm. 1, de substitución de toda a parte dispositiva polo seguinte texto:

«1. Impulso de campañas contra a desigualdade de xénero que impliquen á cidadanía e a todas as administracións, de xeito colaborativo e en rede.

2. Garantir que a CRTVG transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e homes na sociedade e que aplique efectivamente un código deontolóxico e de autorregulación para a publicidade e a comunicación non sexista.

3. Avanzar na coeducación para eliminar os roles e estereotipos de xénero en todos os niveis educativos, eliminando toda financiación pública aos colexios que segregan por sexos.

4. Impulsar un plan global de conciliación e corresponsabilidade que contemple, no horizonte de 2020, as seguintes medidas:

- desenvolvemento dunha rede pública e gratuíta de ensino infantil 0-3 anos.

- aumento dos cadros de persoal dos servizos públicos da Administración autonómica.

- aumento da duración dos permisos de maternidade e paternidade, facéndoo iguais e intransferibles.

5. Desenvolver un plan comarcal de servizos mínimos de atención á terceira idade e persoas con diversidade funcional e/ou situación de dependencia, garantindo servizos públicos de calidade en todo o territorio.

6. Dotar de máis medios humanos e materiais ao Consello Galego de Relacións Laborais e intensificar a colaboración deste organismo coa Delegación Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social para rematar coas situacións de represión empresarial sobre as mulleres embarazadas ou as nais e con todo tipo de desigualdade de xénero no eido laboral».)

O señor PRESIDENTE: Á proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea préntase unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 26134).

Emenda de modificación.

O punto 1 da parte resolutiva da iniciativa quedará redactado do seguinte xeito:

«1. Crearase a figura de coordinador de igualdade en todos os centros educativos da comunidade autónoma, que será un docente con experiencia acreditada e que recibirá a formación e apoio necesario para o eficaz desenvolvemento da súa tarefa».

Emenda de modificación.

O punto 5 da parte resolutiva da iniciativa quedará redactado do seguinte xeito:

«5. No caso de que algún centro educativo no uso da súa autonomía decida recomendar o uso do uniforme escolar, deberá tenderse a que tal uniformidade evite a diferenciación entre nenas e nenos».)

O señor PRESIDENTE: E á proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego preséntase unha emenda do Partido Socialista e outra emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-001863, documento número 26274).

Emenda de modificación do punto 2.

Débase modificar o punto 2 da parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«2. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a intensificar a colaboración coa Inspección de Traballo e Seguridade Social para combater a fenda salarial e o mobbing maternal, así como garantir a igualdade entre homes e mulleres no mercado de traballo.

2.1 O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España a transferencia á comunidade autónoma da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, e que mentres esta non se produza:

a) Garanta o cumprimento da normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais nos casos de embarazo ou lactación, levando a cabo, entre outras, as seguintes actuacións:

b) Promova campañas da Inspección de Traballo e da Seguridade Social para esixir á empresa que realice a avaliación inicial de todos os postos de traballo, para determinar que postos están exentos de riscos para o embarazo ou lactación e iso aínda que non exista nese momento ningunha traballadora en situación de embarazo ou lactación.

c) Promova campañas da Inspección de Traballo e da Seguridade Social para que no caso de que exista unha traballadora en situación de embarazo ou lactación se realicen avaliacións específicas, avaliando o posto en función da situación individual (embarazo ou lactación) e das características especiais da nai embarazada ou en período de lactación.

d) Impulse protocolos de actuación para as Mutuas Colaboradoras na xestión da Seguridade Social, que inclúan entre os riscos protexidos os que puidesen afectar no embarazo e a lactación.

e) Aumente as inspeccións de traballo en empresas e no ámbito da administración pública para evitar calquera tipo de discriminación das traballadoras embarazadas e en período de lactación.

f) Dotar e cubrir todas as prazas vacantes da Inspección de Traballo e da Seguridade Social, tanto no Corpo Superior coma no Corpo de Subinspectores.

g) Ampliar, mediante oferta pública, en número suficiente o número de funcionarios, tanto no Corpo Superior como no Corpo de Subinspectores, de maneira que poidan desenrolar con eficacia as tarefas que lle corresponden, e especialmente o control das condicións de seguridade laboral que a lei lles encomenda.»

Emenda de adición.

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactado co seguinte contido:

«2 bis. O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a cumprir a Lei 2/2007 de 28 de marzo do Traballo en Igualdade das Mulleres de Galicia.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Vázquez Verao e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta proposición non de lei, doc. núm. 26274 (10/PNP-001863).

Emenda núm. 1, de substitución no punto 2.

Débase substituír o texto do primeiro parágrafo do punto 2 polo seguinte:

«2. Instar á Xunta a reforzar o papel do Consello Galego de Relacións Laborais, dotándoo con máis medios, tanto materiais como humanos, para a defensa diante das situacións de discriminación laboral por razón de sexo, así como para a promoción e vixilancia do cumprimento da lexislación en materia de igualdade, que aglutine, canto menos, as seguintes funcións:»

Emenda núm. 2, de adición no punto 2, apartado 3º.

Débase engadir no apartado 3º do punto 2 a seguinte expresión: «...das medidas de protección á maternidade e contra o acoso no traballo que teñan implantado...».

Emenda núm. 3, de adición dun punto 3.

Débase engadir un novo punto, co seguinte texto:

«3. Instar ao Goberno do Estado a garantir que a Inspección de Traballo cumpra unha función análoga.»)

O señor PRESIDENTE: Polo tanto, comezamos o debate con dúas intervencións de dez minutos cada unha delas.

Comeza, neste caso, o Grupo Parlamentario Socialista, porque, como é tradicional neste Parlamento, sempre nas que son acumuladas se respecta a orde de inscrición no Rexistro. Polo tanto, comeza o Grupo Parlamentario Socialista, señora Blanco, por un tempo de dez minutos.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señorías.

Todos os avances, case todos os avances que se levan producido no mundo moderno, os avances sociais, viñeron precedidos de grandes mobilizacións nas rúas. Os dereitos ás mulleres non nos caeron do ceo, tivémolos que conquistar nas rúas, tamén como imos facer mañá, 8 de Marzo.

E como xa comezamos, esta folga xa é un éxito, e éo por dous motivos, por dous obxectivos que se xa cumpriron. O primeiro deles é visibilizar esa crúa realidade das mulleres en todos os ámbitos da súa vida, da nosa vida, en concreto no ámbito laboral, que é ao que se refire esta iniciativa. Estes días fálase en todos os medios de comunicación, máis que nunca, dos datos de temporalidade, da precariedade, de que ocupamos os sectores máis precarios de todo o mercado laboral, de que non chegamos aos postos de responsabilidade. A pesar de que penso que todos somos conscientes desa realidade e de que todas, ao longo da nosa vida, si que sufrimos esas eivas, esa discriminación nalgún momento, é certo que estes días, como lles dicía, ocupamos as portadas dos xornais e abrimos os telexornais con eses datos que son arrepiantes.

O segundo dos obxectivos cumpridos foi unha manifestación o pasado domingo, da que hoxe as socialistas nos sentimos especialmente orgullosos, unha manifestación que puxo as mulleres deste país á vangarda da loita dos dereitos, da igualdade entre homes e mulleres, que nos puxo no mapa a nivel estatal; unha folga que se vai facer por primeira vez e que o que aconteceu o domingo é a antesala desa gran mobilización que vai ter lugar mañá en todas as localidades desta comunidade autónoma. Hoxe as socialistas estivemos —estaremos mañá tamén, como temos estado historicamente— reconquistando de novo eses dereitos nas rúas.

Foi especialmente lamentable hoxe escoitar o presidente da Xunta de Galicia, por varios motivos. O primeiro deles, porque el, que se chama «home de Estado», non foi capaz de recoñecer o esforzo e o traballo dun goberno socialista, dos gobernos de esquerda que trouxeron moitas iniciativas en materia de igualdade a este país. (*Aplausos.*) Non é mérito, señorías, non é mérito soamente do Partido Socialista. O único que fixemos, o único que fixo o presidente Zapatero con esas leis, con esas medidas vangardistas, foi recoller ese torrente de loita pola igualdade que había nas rúas por parte do movemento feminista. Fomos quen de escoitar e fomos quen de legislar por e para as mulleres.

Pero non todo foi positivo durante estas últimas semanas nin no día de hoxe. Cada vez que se fala, que se pon enriba da mesa a loita dos dereitos das mulleres, asoma esa caverna málfica —dende o noso punto de vista— da dereita, que, cada vez que se poñen eses dereitos enriba da mesa, o que fai é o mesmo que aconteceu hoxe nesta Cámara coas preguntas ao presidente do Goberno, que é asomar a patina máis machista, máis retrógrada e máis paternalista do Partido Popular. Iso foi o que aconteceu hoxe nesta Cámara.

Certo é que a única maneira de que o Partido Popular apoiara esta folga do 8 de Marzo sería que esta folga non fora nin folga nin feminista, porque son dous conceptos que lle producen urticaria.

Indigna especialmente —e diríxome agora a vostedes, ás deputadas do Partido Popular— a súa actitude, a súa complicidade durante estes días con todas as declaracións dos seus compañeiros, desprestixiando a loita das feministas, faltando ao respecto a todas e a todos os que nos queremos manifestar, aínda peor cando esas declaracións as fan mulleres do Partido Popular, como aconteceu coa alcaldesa de Mos, invitándonos a conciliar levando os meniños e meniñas aos nosos postos de traballo; ou a concelleira de Igualdade de Ourense, que sempre nos sorprende con algunha ocorrencia e a do ano pasado foi invitarnos a celebrar este día con clases de zumba; este ano preferiu dicir que o que facemos os que apoiamos esta folga é ser cómplices dos que poñen o burka ás mulleres.

O peor de todo, o que máis nos doe, señorías, señoras do Partido Popular, é que vostedes calaron ante iso. Vostedes non dixeron absolutamente nada. Vostedes non foron quen de levantar a voz cando de verdade nos faltaron ao respecto ás mulleres, cando falou o señor Baltar, o señor Castelao Bragaña, o alcalde de Noia ou hoxe o presidente da Xunta. (*Aplausos.*) Pero si o fan agora cando queremos saír ás rúas para defender tamén os seus dereitos, os das súas fillas, os das súas irmás e os das súas compañeiras.

Doe, señorías, porque vostedes esqueceron que, se eu e todas vostedes están hoxe aquí, é pola loita e o esforzo de moitas mulleres neste país. A elas lles debemos respecto, a elas lles debemos dende logo apoiar tamén esta folga; e tamén á metade da poboación deste país, que sofre, cada vez que sae ás rúas, discriminación polo simple feito de ser muller. Era a mellor maneira para reivindicar unha sociedade máis xusta e construída en igualdade, que é o que perseguimos hoxe as socialistas.

A política, señorías, mulleres do Partido Popular, non pode dar as costas a esta realidade. As mulleres políticas tampouco podemos nin nos podemos permitir dar as costas, porque, sen mulleres, nin é política nin é democracia, señoría, e necesitamos nós, máis que ninguén, defender os dereitos da metade da poboación.

Ademais de ter a obriga moral de apoiar esta reivindicación, temos tamén a responsabilidade de legislar e de dar avances nesta Cámara. É certo que hai unha igualdade formal que está recoñecida en todas as normas, incluída na propia Constitución española, pero tamén é certo que esa igualdade non é nin real nin efectiva. É por iso polo que o señor Touriño, o Goberno do señor Touriño, puxo en marcha e planificou unha Lei de igualdade no traballo, que nos situaba á vangarda na loita dos dereitos das mulleres, unha lei da que nos sentimos especialmente orgullosas e orgullosos, e que é a segunda vez, dende que comezou esta lexislatura, que lle pedimos que dunha vez por todas desempolven, sacándoa dese caixón onde a meteron cando chegaron ao Goberno; unha lei pioneira no conxunto do Estado, feita tamén co consenso de todas as entidades.

Porque sufrimos discriminación no mercado de traballo —segundo todos e todas sabemos— no momento en que pisamos unha entrevista de traballo, porque nos preguntan se queremos ter fillos ou non cando aos homes non llelo preguntan, porque a pesar de que no ano 2017 se crearon 9.700 empregos femininos é inadmisíbel que crescendo a un ritmo do 3 % queden aínda por recuperar en Galicia máis de 30.000 empregos para alcanzar o valor da ocupación feminina no ano 2008, é que, ademais, por facer o mesmo traballo, resulta que cobramos menos e es-

tamos nos sectores máis precarizados. E nós, dende o PSdeG, si que nos queremos meter niso. É polo que solicitamos tamén esa Lei de igualdade salarial, que consideramos imprescindible.

Somos tamén as campioas da temporalidade. No ano 2017, 8 de cada 10 persoas ocupadas a tempo parcial eran mulleres, máis do 60 % das cales quixeran ter un tipo de emprego indefinido, pero non poden acceder a el, non lles deixan acceder a el, en moitos casos polas tarefas do fogar, porque seguimos sendo as que nos ocupamos tamén das tarefas do fogar, dos coidados dos meniños e das meniñas, e as que atendemos os dependentes, porque cando lles falamos ás mulleres que están aí fóra de conciliación, o que nos din é: ¿concilia que?

E temos que aguantar, ademais, esa violencia de baixa intensidade, esa choiva fina pero constante que vai calando na autoestima das mulleres deste país, como sentirnos violentadas por chistes machistas, polo uso continuado desa linguaxe machista, que nos ignoren ou devalúen en reunións ao máis alto grao desa escala tamén, que é o acoso sexual.

Este goberno fala moito de demografía, pero nunca os escoitei mencionar o medo que teñen moitas mulleres deste país a quedarse embarazadas cando teñen un posto de traballo, cando queren ascender ou cando simplemente o queren manter. É, polo tanto, que nós tamén incidimos en que se debe legislar e se debe contemplar o *mobbing* maternal e tamén en que se cumpra a normativa vixente en materia de prevención de riscos laborais, na protección da maternidade e da lactación, porque si, o propio Goberno galego, as propias institucións do Goberno galego están incumprindo esta Lei de prevención de riscos e están poñendo en risco grave as mulleres e os fetos.

Non me quero esquecer das que sofren precariedade, economía mergullada, na súa extensión máis profunda, que son as traballadoras domésticas, un traballo invisibilizado, moitas veces non recoñecido, e pedímoslles de novo que ratifiquen esa recomendación da OIT.

E todo isto acontece mentres estas situacións non están sendo denunciadas nin inspeccionadas pola Inspección de Traballo, porque nin está nin se lle espera, e, dende logo, a pesar dos magníficos técnicos e técnicas que hai nesta entidade, seguimos insistindo en que hai que reforzar estes mecanismos de control.

A iniciativa do PSdeG é longa, señorías —é certo—, pero pódese resumir en que debemos crear novos instrumentos para loitar contra a discriminación das mulleres no mercado de traballo, pero, sobre todo, que temos que poñer os mecanismos que xa temos a pleno rendemento.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Eu comezo a miña intervención apelando ao compromiso, cunha mensaxe clara e nítida, e creo que este debate debería pivotar sobre o pacto. Hoxe, señorías, debemos ser quen de conquistar un pacto, un acordo en materia de igualdade e non confrontar.

Señora Blanco, vostede ao que veu aquí foi a confrontar, porque o presidente da Xunta esta mañá recoñeceu que todos os avances en igualdade foron grazas a gobernos de diferente cor política: Partido Socialista... (*Murmurios.*) —si, si, díxoo, está gravado, estará no *Diario de Sesións*—. Vostede vén aquí confrontar. Eu non lle vou dicir que se o alcalde socialista de Beniflã vai facer un taller de automaquillaxe para celebrar o día 8 de Marzo, non lle vou dicir o veto que lle puxeron á señora Elena Valenciano por parte do Partido Socialista, non lle vou recordar as críticas do seu partido á composición do seu Comité Executivo, etc., etc.

Aquí todos podemos falar de cuestións que afectan a igualdade en todos os partidos políticos. Por iso hoxe eu apelo á non confrontación, porque todos temos cousas que solucionar e todos temos cousas que cambiar e que mudar, precisamente porque vivimos nunha sociedade na que aínda perduran moitos estereotipos de xénero, onde aínda perdura moitísima desigualdade, e, sobre todo, señorías, na mocidade, que é sobre a que hai que incidir. Hoxe houbo aquí dúas iniciativas de educación. Eu tamén pido que haxa un grande acordo nese sentido.

Porque vostedes falan da folga. ¿Que lle estamos trasladando á nosa mocidade con esa mensaxe de folga só para mulleres? Vostedes puideron ver seguro que estes días un vídeo que se fixo viral dun adolescente que estaba falando da folga de mulleres e dicía algo así como: ben, que porque, claro, que os chichos teñen que ir á folga de mulleres, pero, claro, que é unha cousa que non é deles, que iso é como se se suman a unha folga de fontaneiros. Viña dicir algo así. ¿Por que, señorías? Porque lle estamos trasladando á xuventude, á mocidade, que a igualdade é unha cousa só de mulleres; e non, señorías: a igualdade é unha cousa de mulleres e de homes (*Aplausos.*), é unha cousa de todos.

Eu agradezo aos sindicatos deste país que fixeran unha apelación a que foran homes e mulleres á folga, que non sexa unha cousa só de mulleres, porque dificilmente imos acadar a plena igualdade se os homes e mulleres non se implican, se os homes non se implican na responsabilidade, se os homes non están nas tarefas de coidado. Porque a incorporación da muller ao mercado laboral foi plena, pero a incorporación do home ás tarefas de coidado e ás tarefas domésticas aínda non foi plena, e esa é a base da desigualdade, señorías. (*Aplausos.*)

Por iso a nosa iniciativa vai á raíz do problema. Por iso nós na nosa iniciativa, nos seis puntos que propoñemos, falamos de cuestións tan importantes como a conciliación, como a responsabilidade, como as medidas para a atención á infancia, a atención aos nosos maiores, a atención á dependencia. Aí é onde hai que incidir, aí é onde se producen os problemas da fenda laboral, señorías.

Non podemos simplificar o discurso e vir aquí dicir que as mulleres cobran menos que os homes nun mesmo posto de traballo. Iso é simplificar o discurso, hai que afondar nos problemas da fenda laboral. ¿Cales son os problemas da fenda laboral? Pois, efectivamente, que as mulleres teñen que ter unha dobre xornada, teñen asignado o rol de coidado, e a partir de aí a muller pois está en traballos a tempo parcial, a muller é a que solicita maioritariamente

a baixa por maternidade, a muller é a que pide a excedencia para coidado de fillos, a muller é a que pide a redución da xornada laboral para coidado de fillos, etc., etc., etc.

Pois aí é onde hai que incidir, para evitar a fenda laboral, e non vir aquí cunhas iniciativas que eu respecto moitísimo, e eu trasladeilles unha proposta do noso grupo de transacción, porque creo que podemos chegar a acordos, porque, se estas catro iniciativas se acumulan, é porque temos un obxectivo común. Eu apelo a que vexamos máis os puntos nos que coincidimos que os puntos nos que diferimos, que son moitos. Claro que diferimos en moitas cousas, pero eu pídolles que hoxe deixen o partidismo e a ideoloxía a un lado. (*Murmurios.*)

Miren, señorías, eu na pasada lexislatura, desde que entrei neste Parlamento no ano 2009, apelei sempre a que as cuestións de igualdade fosen aprobadas por maioría, por unanimidade de todos os grupos, que todos participamos nos acordos de igualdade. Foi moi difícil, señorías. Na anterior lexislatura non fomos quen de sacar nin unha soa declaración institucional, nin un 8 de Marzo nin un 25 de Novembro, porque os partidos da oposición puxeron un cordón sanitario ao Partido Popular para evitar chegar a acordos en materia de igualdade.

Á señora Carmen Adán, coa que teño tido moitas conversas fóra deste hemiciclo, unha persoa moi comprometida co tema da igualdade, custoulle traballo entender que, efectivamente, na igualdade é mellor pactar que confrontar. Eu recoméndolles que lean o *Diario de Sesións* da última intervención da señora Adán nesta Cámara, eu recoméndolles que o lean, porque é moi interesante. Porque a señora Carmen Adán, ao final da lexislatura, deuse conta de que, efectivamente, era mellor pactar que confrontar nos temas de igualdade, e grazas a esa actitude fomos quen de sacar por unanimidade nesta Cámara unha lei para modificar as retribucións do salario da liberdade, para que se puideran dar durante todo o ano, e as mulleres que ían en novembro, en decembro, en xaneiro, en febreiro, vítimas de violencia de xénero, non tiñan dereito a iso. Cando eu estaba traballando no CIM, había mulleres que levaban ata oito meses —co Goberno bipartito, señorías— de atraso no salario da liberdade. Pois ese avance, grazas a que todos os grupos nos puxemos de acordo, foi un avance que se puido conquistar.

É certo que se puido conquistar só co voto do Partido Popular, que tiñamos maioría absoluta, (*Murmurios.*) ¡claro que si!, pero nós preferimos que fose por unanimidade de todos os grupos. Mentres non entendan que a igualdade é unha cuestión na que temos que participar todos, dificilmente imos conquistar un avance real en igualdade (*Aplausos.*)

Miren, señorías, hai que incidir nas causas da fenda salarial, na raíz do problema, nas diferenzas na corresponsabilidade no fogar, o que leva as mulleres a ter menos posibilidades no acceso ao emprego. Segundo os datos da EPA, a ocupación é idéntica entre homes e mulleres sen fillos. Isto tennos que levar a facer unha reflexión: ¿é a maternidade un problema?, pois a maternidade dispara en 20 puntos a fenda salarial. Pois teremos que incidir aí. Porque non é a maternidade o problema, o problema é a falta de corresponsabilidade, o problema é poñer medidas e recursos de conciliación, e niso, señorías, vostedes, que son tan catastrofistas, están dicindo que o Goberno do Partido Popular non pon eses medios. É falso. Hoxe vimos como o presidente da Xunta lles daba os datos.

Eu xa sei que vostedes din que non é verdade. Pois si, efectivamente, hai máis prazas de escolas infantís, está o Bono Concilia, están as casas niño, están todas as medidas enriba da mesa. Na Consellería de Emprego, Economía e Industria están poñéndose en marcha medidas para impulsar e incentivar a contratación indefinida das mulleres, para facer plans de igualdade nas empresas. Todo iso son avances. ¿Non lles parecen avances? Sigamos avanzando. Eu convídoos a que hoxe saquemos de aquí un acordo e un pacto para chegar a acordos.

Eu alegreime moito cando empezou esta lexislatura, porque empezamos cun pacto. En decembro do 2016 aprobamos por unanimidade nesta Cámara unha moción na que pediamos ao Congreso dos Deputados que aprobase unha Lei de igualdade salarial, retributiva. Iso xa está recoñecido no artigo 28 do Estatuto dos traballadores. ¿É certo que hai que seguir traballando? Pois, se fai falta esa lei, poñamos esa lei en marcha. Hoxe estase debatendo no Congreso dos Deputados.

En febreiro do ano pasado chegamos tamén a un grande acordo aquí. Vostedes están sempre dicindo que dá igual que cheguemos a acordos, porque non se cumpren. É falso, é falso; eu teño os datos, señorías. Vostedes saben que chegamos a un acordo no mes de febreiro para cumprir unha serie de cuestións. Por poñerlles varios exemplos, pediamos incrementar os recursos económicos destinados á prevención e asistencia a vítimas de violencia de xénero; en 2017 incrementouse o orzamento no programa de violencia de xénero nun 31,14 %, 5,2 millóns de euros, e no ano 2018, nun 4,28 %, 5,4 millóns de euros.

Tamén pediamos mellora nos medios e recursos da Xustiza. Aí está o plan da Amtega, o Senda 2020, para favorecer as mulleres vítimas de violencia de xénero e evitar a súa revictimización. Temos as obras que se teñen feito nos xulgados das sete grandes cidades, e outras como Ordes, Bande, O Barco, Verín, Cambados, Marín, etc., para evitar que a vítima e o agresor coincidan nos xulgados. A formación de todo o persoal que atende na Xustiza. A renovación do convenio co Ministerio de Xustiza para que se forme os xuíces, maxistrados e fiscais. Intensificar as medidas de prevención de violencia de xénero, ¡claro que si! Fixéronse campañas anuais da mocidade, pantallas amigas, outras campañas, como a de mulleres e nenas vítimas con fins de explotación sexual.

Tamén pediamos a aplicación do artigo 15 da Lei 11/2007. Aprobouse o Decreto 70/2017, para a formación en igualdade. A promoción de cambios lexislativos sobre a aplicación do artigo 25 da Lei 11/2017 trasladouse ao pacto de Estado, está na medida 148 do pacto de Estado. A colaboración coa Fegamp, segue o convenio coa Fegamp.

E así podería seguir, para dicirlles que todos os acordos aos que chegamos aquí cumpríronse, señorías; pode ser que algún estea en proceso, tamén. Podemos insistir niso. Agora, eu apelo, señorías, a que no tema da igualdade non confrontemos. Todos podemos dicir aquí moitas cousas dos outros grupos, todos podemos sacar aquí..., (*Murmurios.*) si, si, moitas, señora Blanco, moitas, eu non o vou facer, vostede teña o discurso que queira, eu non o vou facer. Tal día como hoxe, eu non vou ter un discurso de confrontación en materia en igualdade, ¡alá vostede se quere! (*Aplausos.*) Xa sei que si; eu non, señorías.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Veroa.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Pois nós o que imos facer mañá, que é 8 de marzo, é parar. E imos parar porque a situación das mulleres galegas o exige. Entre outras cousas, a súa situación...

O señor PRESIDENTE: Perdoe un momento. Baixe un pouquiño máis, se pode ser, o... Aí. Grazas.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Entre outras cousas, o que nos obriga a parar mañá, 8 de marzo, é a situación laboral intolerable das mulleres galegas.

Imos falar de fenda salarial, pero hai que falar, en xeral, de discriminación laboral por razón de sexo simple e llanamente. E cando falamos de fenda salarial entendemos, xeralmente, o que as mulleres cobramos de media menos que os homes no mercado laboral. É unha cuestión que ten que ver con diversos factores, pero o principal é a desigualdade estrutural da muller, o machismo da sociedade.

E teñamos en conta que estamos a falar só de traballo asalariado, o considerado produtivo. Porque se contabilizáramos nos mesmos termos o traballo reprodutivo non estaríamos a falar de fenda, estaríamos a falar de abismo. De abismo porque os estudos que comeza a haber sobre a contabilidade en termos monetarios do traballo de coidados realizado maioritariamente por mulleres apuntan a que acadarían entre o 40 e o 45 % do PIB de cada nación, segundo a economista Carmen Castro.

Pois ben, imos falar só de traballo produtivo. Pero é que tamén aquí hai que facer unha crítica, porque é que os relatos historiográficos patriarcais ocultaron sempre o papel da muller na esfera pública, tamén ao longo da evolución do que se considera traballo asalariado. Así, sóese afirmar que unha das causas das desigualdade no mercado laboral da muller é a incorporación tardía a ese traballo. Non é exacto, o que é tardío é a incorporación masiva —como saben— despois da Segunda Guerra Mundial. Pero o traballo produtivo da muller vai ligado á historia do traballo asalariado, vai ligado dende os inicios mesmos da propia industrialización, co famoso *domestic system*, á ocupación en empregos moi precarios na minería ou no téxtil dende o inicio; ou mesmo, se queren ir máis atrás, sempre estivemos en traballos produtivos considerados precarios, como trasladar auga ou leite nas cidades; ou mesmo podemos dicir que na primeira folga documentada na historia no século XII, antes de Cristo, en Exipto participaron activamente mulleres.

Así pois, a historia dos traballos duros é a propia historia específica do traballo asalariado, é unha historia de mulleres dende o inicio. Pero o machismo estrutural fixo que os traballos asociados á muller, mesmo sendo tan duros e fundamentais na estrutura produtiva coma outros, non tiveran a mesma consideración social; isto tradúcese en que finalmente non teñan a categoría profesional acaída, isto tradúcese en menos salario. Aí temos unha das orixes da fenda salarial no que é na esfera produtiva. A razón última é que se traduciu na

esfera produtiva a división sexual do traballo que existe no conxunto da sociedade. E aí temos unha das causas principais da fenda salarial.

Antes de comezar a desgranar os datos galegos, queremos lembrar nestas catro paredes —ás veces parece que o esquecemos— que os dereitos —como xa foi dito aquí— se conquistan loitando; conquístanse como nesa folga de mañá do 8 de marzo, ou conquístanse como hai un século, cando se internacionalizou o Día da muller traballadora. Ou conquístanse como as mulleres que nas nosas vilas e cidades repartían o leite polas vilas ou cando eran represaliadas as costureiras republicanas. Conquístanse e somos herdeiras de todas elas, das que loitaban por pan —xa o dixo a nosa compañeira—, pero tamén loitaban por rosas.

Fenda salarial. Podemos calculala de distintos xeitos. A Eurostat, xa vostedes se ocupan moito de citar eses datos, porque os calcula simplemente con base na diferenza media entre os ingresos brutos por hora. Pero imos poñer un cambio de perspectiva, imos calcular a fenda salarial tendo en conta a porcentaxe de salario que teríamos que gañar máis as mulleres para equiparalo ao salario dos homes. Deste xeito, estaríamos en Galicia nunha fenda de arredor do 28 %.

Indo aos datos da Axencia Tributaria —que son os máis precisos—, o certo é que a diferenza salarial, a diferenza de salario que cobramos de media menos as mulleres con respecto aos homes, é de 4.513 euros. A diferenza salarial, intolerable, pero a fenda salarial, a fenda, o que deberíamos cobrar as mulleres máis do noso salario, a porcentaxe que deberíamos cobrar para igualarnos, sería un 28 %.

Entre as causas concordamos co que acaba de sinalar o Partido Popular, os elementos da fenda salarial son complexos, non é un reduccionismo que facemos, non o fixo ningunha das voceiras da oposición. En primeiro lugar —xa o comentamos—, unha das causas estruturais, a incorporación incompleta da muller ao emprego asalariado, sendo o 52 % as mulleres das persoas en idade de traballar en Galicia temos maior taxa de paro, menor taxa de ocupación e menor taxa de emprego. Pero é que ademais están aí os famosos teitos de cristal —bueno, de cemento armado—, só o 2,3 % da poboación ocupada feminina está en postos de dirección ou xerencia.

¿Outro elemento da fenda? A feminización dos empregos menos remunerados. Xa dixemos por que: trasládase á esfera produtiva a división sexual do traballo; a maior parcialidade, temporalidade e rotación de contratos que sufrimos as mulleres. Se a temporalidade aumentou durante a crise, as mulleres levamos a peor parte, sempre as precarias do precariado. Aquí teñen a fenda da xornada a tempo parcial, as mulleres que nos dedicamos en xornadas a tempo parcial somos un 21,8 %, un 6 % no caso dos homes. As precarias do precariado.

Tamén teñamos en conta que a maternidade penaliza, é así, é unha evidencia; a maternidade penaliza na carreira laboral. A maternidade penaliza, entre outras cousas, porque as tarefas de coidados se sequen a ocupar maioritariamente por mulleres. Se temos en conta as persoas que declaraban que estaban inactivas e sen buscar emprego por razón de coidado de crianzas ou persoas adultas ou enfermas, no ano 2014 o 92,3 % eran mulleres, ¡a fenda dos coidados! Tamén é outra fenda.

Todos estes elementos son os que fan que, en xeral, teñamos esa diferenza de salario intolerable entre homes e mulleres. Esta situación —como dixemos— ten causa estrutural no machismo; por unha parte, esa diferenza salarial que ten estas causas indirectas. Pero é que incluso indo á discriminación salarial directa esta non se dá —é evidente— no salario base, non se dá porque sería ilegal, pero dáse nos complementos salariais e nas horas extra. ¿Como explican que a fenda salarial nas horas extra estea case nun 79 %? ¿Como se explica? O machismo, a división sexual dos traballos, as mulleres non teñen as mesmas condicións de acceso a poder facer horas extras que teñen os homes.

A fenda salarial, en resumo, é unha discriminación que é indiferente do nivel formativo, da experiencia profesional ou do sector profesional. É unha discriminación estrutural que afecta todos os sectores e categorías profesionais; a fenda por ramas de actividade. A fenda é maior nalgúns sectores que teñen maior retribución: a banca e os seguros, a industria —é unha fenda intolerable—, a agricultura —é o sector que maior fenda salarial ten no noso país—. Por iso na nosa proposición non de lei propoñemos plans de emprego específicos, a fenda recorre todo o mercado laboral.

Pero falando de salarios, a nós parécenos un mal consolo as proclamas do PP sinalando —e cito textualmente o señor Puy— que: «Galicia está algo menos mal que o resto de comunidades autónomas na fenda salarial». É certo, pero mal consolo, os salarios galegos son dos máis baixos do Estado, sendo os femininos dun nivel de miseria insoportable. É insoportable, por unha parte, que os salarios galegos perderon peso no conxunto da economía, caeron en termos nominais a respecto de 2009 un 0,5 %. Pero é que ademais o 30 % da poboación asalariada galega cobra o SMI ou menos. ¿Que pasa no caso das mulleres? Nas mulleres a porcentaxe elévase ao 36 %. As precarias do precariado, as mulleres que cobran o SMI ou menos, un 36 %.

Pero é que se descendemos na escala retributiva, temos aínda cuestións peores dentro xa do precario, e estamos sempre falando da miseria da miseria. O grupo asalariado máis numeroso das mulleres galegas é o que está ingresando ao ano a metade do SMI ou menos, un 20 % das asalariadas. É intolerable, con estes salarios non hai emancipación posible. Por certo, que tamén este tipo de salarios e este tipo de condicións aumentan a vulnerabilidade de vítimas de violencia machista, e, por certo, os plans de integración ao mercado laboral das mesmas non están funcionando o que debían.

Pero vaíamos á maternidade, a fenda salarial agrándase coa idade e dá un salto tremendo cando as mulleres damos o acceso á maternidade de media en Galicia arredor dos trinta e dous anos. ¿Que pasa aquí? ¿Que pasa no gran salto que dá a fenda salarial entre o grupo de idade de vinte e cinco a trinta e catro anos e o de trinta e cinco a corenta e catro anos? Pois que está a maternidade, e que á maternidade non accedemos en igualdade de condicións homes e mulleres na maternidade e paternidade responsable. Non o facemos, a maternidade penaliza; penaliza tamén de xeito directo, por certo, con represalias patronais con exemplos que todos coñecemos en Galiza.

En fin, a fenda tamén se traslada ás cidades máis elevadas, porque carreiras laborais con bases de cotización precarias máis baixas e con menos anos cotizados dá lugar a pensións de miseria. A fenda das pensións, a fenda intolerable das pensións, por iso as nosas avoas

tamén se manifestan. A fenda das pensións, que no caso das de xubilación chega a un 38 % en Galicia, jé intolerable!

E para rematar —que creo que xa non me queda máis tempo—, ¿pacto? Nós estamos de acordo cos pactos, de feito, en 2016 —como xa lembrou o Partido Popular— propuxemos unha proposición non de lei na que pediamos un gran acordo galego, convocar a patronal e os sindicatos para elevar os salarios galegos. ¿Que se fixo? Pois o único que temos é unha resposta da Xunta literal, unha resposta que é: «Continúan os traballos entre os interlocutores sociais no seo do Consello Galego de Relacións Laborais para a posta en práctica do acordo». Unha resposta *a lo Aznar*: «Estamos trabajando en ello». Pero é que non se pode responder así, é intolerable a situación de precariedade da clase traballadora galega feminina. É intolerable, pero é que ademais durante a crise se ao principio se reducira a fenda salarial, facíao porque caían os salarios dos homes. Unha vez aparece a recuperación a nivel macroeconómico, a fenda salarial volve aumentar e atopámonos unha gráfica da miseria, a fenda salarial non se reduce en Galicia, volve aumentar dende o 2014. É intolerable, é a fenda da vergoña. Pacto si, pero pacto en cuestións concretas e pacto con orzamentos, non pode haber pacto sen actuar directamente con fondos.

Sabemos que non só hai que actuar no nivel dos salarios, hai que actuar a nivel de raíz, hai que actuar cambiando as relacións de poder na sociedade. Pero comecemos por igualarnos nas condicións materiais de existencia, comecemos por tomar en serio que a precariedade laboral feminina en Galicia é intolerable e, ademais, é un suicidio demográfico. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, bo día a todas e a todos.

Eu teño que, lamentablemente, comezar a miña intervención lamentando dúas cuestións: primeiro, o ton xeral que ten o Partido Popular no día de hoxe, por moito que a señora Prado tentara rebaixalo, e, segundo, lamentar tamén a decisión unilateral de acumular este debate. Creo que non me equivoco, cando menos no tempo que eu levo de deputada é inaudito que se acumulen catro iniciativas que teñen unha exposición ou unha formulación absolutamente diferentes entre si.

Este domingo milleiros de mulleres e tamén milleiros de homes conscientes saíron á rúa en Vigo, tomaron esa cidade e lanzaron unha mensaxe ao mundo e a Galiza, que creo que esta Cámara non está entendendo e que iso nos deixa colectivamente en moi mal lugar. Por desgraza, tanto a desigualdade como as consecuencias do patriarcado son tantas, tan diversas, tan extensas e con tal complexidade que todo o que debatamos e analicemos sobre elas será pouco. Porén, parece que unha parte deste Parlamento aínda non o entendeu, e hoxe asistimos ao que desde o BNG nos parece un exercicio de cinismo parlamentario e simplismo político.

Estou absolutamente segura de que se estiveramos ás portas do 1 de maio non se acumularían catro iniciativas, por moito que tiveran que ver co ámbito laboral, e estou segura porque

iso xa pasou. Pero vese que ás portas deste 8 de marzo histórico, que estamos a piques de vivir, pois algo molesta nunha parte deste país: que estamos dando pasos de xigante as feministas deste país en visibilizar os problemas e, tamén, en visibilizar as súas responsabilidades. E hai a quen lle está custando quitar a carauta, a proba é o que vivimos hoxe na sesión de control. E insultar, desde logo, non é un bo paso para aspirar a pactar ningunha cuestión.

Antes de entrar en materia, quixera facer mención específica a unha cuestión que dicía a señora Prado sobre a señora Carme Adán. Efectivamente, eu recordo moito —aínda que non era deputada— aquela sesión, porque recordo a satisfacción da compañeira Carme Adán de ter conseguido, por fin, que vostedes accedieran a votar esa proposta, porque non era a primeira vez que se traía a debate, non era a primeira vez. E por suposto que en 2008 as axudas do denominado, daquela, salario da liberdade non chegaban aos doce meses do ano, pero é que, ¿canto tempo levaban implementadas? ¿A cantos meses ao ano chegaban con Fraga? (*Aplausos.*) ¡Ah!, claro!, ¡é que non existían! (*Aplausos.*)

Pois o lóxico é que en dúas lexislaturas vostedes tiveran avanzado, a pena é que sempre que teñen algún avance sexa polo impulso que fai o Bloque Nacionalista Galego ou o feminismo galego. Ben, o laboral ninguén dubida de que é un ámbito fundamental para o empoderamento das mulleres e que é imposible ese empoderamento sen autonomía económica. E que, polo tanto, urxe deseñar unha folla de ruta diferente para avanzar na superación destas discriminacións e desigualdades.

Nós estamos convencidos e convencidas de que desde Galiza temos que deseñar a nosa propia vía, e para iso temos que ser conscientes de cal é o contexto no que nos movemos. E por iso teño que comezar sinalando unha cuestión, que é absolutamente importante polas súas repercusións: é o absoluto deixamento por parte do Goberno central. Temos que deixalo claro. O Goberno central acapara a maior parte do marco competencial en emprego, ¡é curioso! Cando lle convén ao Partido Popular é competencia do Estado, cando non lle convén teñen marxe de actuación.

En segundo lugar, tamén o Estado español, o Goberno central é quen acapara a maior parte dos recursos económicos en detrimento das comunidades autónomas, e é tamén quen ten capacidade de facer cuestións como as sancións económicas. Porén, estamos vendo como non se dá prioridade á axenda política da igualdade. E por iso, como non perdemos a esperanza dende o Bloque Nacionalista Galego, introducimos unha primeira proposta para que se demande desde o Parlamento galego, porque é absolutamente inaudito que cunha falta de maioría absoluta do señor Rajoy aínda non estea conseguida a aplicación de sancións dentro do marco regulatorio para as empresas que incumpran coa Lei de igualdade.

Facémolo porque pensamos que é absolutamente importante dar ese salto ás sancións. Outros países da contorna xa o fixeron: Francia, Italia, Noruega ou Bélxica aplican xa sancións económicas, e máis recentemente vimos como Irlanda daba pasos adiante tamén en materia de igualdade sumando sancións e outras disposicións a prol da transparencia, avanzando así en mellorar un marco legal que é pioneiro. Porén, vemos como dende o propio Estado español e desde Galiza temos a actitude contraria, vivimos permanentemente neste *statu*

quo no que non cómpre cambiar nada. Para mostra, un botón, moito falamos da inspección e é obvio que hai que darlle unha volta radical. Só o 0,1 % das multas por inspeccións laborais no 2017 foron por desigualdade. A ridícula cifra de 135 sancións. Polo tanto, entendemos que hai unha desidia absoluta tanto desde o Goberno central como pola parte que lle toca ao Goberno galego nos seus propios asuntos. Temos unha Xunta de Galiza que incumpre tamén a materia de igualdade coas traballadoras do Consorcio, que teñen que ir aos xulgados para gañar os seus dereitos de conciliación, que incumpre cos plans de igualdade. Hoxe o señor Feijóo insistía, outra vez, nos plans de igualdade. Xa o anuncian tantas veces que parece o anuncio do AVE.

Exemplos como estes débennos levar á reflexión. Temos un marco legal que non podemos desmerecer, que é importante, pero que está sistematicamente incumprido e que non se desenvolve, e iso lévanos á proposta central que lanzamos hoxe.

Desde o BNG queremos propoñer a creación dun organismo que desde Galiza —un organismo público— promova e vixíe o cumprimento desta lexislación en materia de igualdade. Unha ferramenta, unha valedora da igualdade que, seguindo o modelo dos países nórdicos, nos poida permitir avanzar. A todas luces a situación que hai económica e laboral das mulleres galegas é preocupante, unha fenda salarial que —segundo algúns estudos— chega ata o 28 % e que mesmo nas pensións chega a ese 35 %. Unha discriminación salarial que é xeneralizada en todas as ramas da actividade, aínda que nalgunhas con maior incidencia, e que nos deixa un resultado de 4.000 euros menos ao ano para as mulleres. Unha situación na que a consolidación da figura do traballador pobre, da terciarización da economía non axuda e que se ve agravada polas políticas económicas e laborais do Partido Popular.

Para a nosa propia folla de ruta pensamos que aínda que debamos poñer a cabeza no país temos exemplos ao noso arredor que non podemos desmerecer. Outros países, como, por exemplo, Suecia, exemplo sempre en políticas de igualdade, implementaron unha defensoría contra a discriminación que cumpre tamén un papel de asesoramento e de información, e que busca avances, diálogo e consenso nos sectores sociais, especialmente no empresariado e no colectivo de traballadores e traballadoras.

Máis cerca temos tamén unha experiencia en Euskal Herria, onde hai máis de dez anos xa que se implementou unha defensoría deste tipo, da que despois darei máis datos.

Desde Galiza, mentres, sóbrannos exemplos de como ese Consello Galego de Relacións Laborais, ao que facía referencia a compañeira de En Marea, non acaba de ter o papel que debera e de como nin sequera se fiscaliza o propio traballo público de maneira suficiente.

Este organismo que eu mencionaba do País Vasco fai especial atención ao sector privado. Todas e todos cando avaliamos a fenda salarial coincidimos na súa complexidade, en que vén, fundamentalmente, a través de pluses, a través de categorías e demais, e que, polo tanto, é complexa de abordar. Polo tanto, entendemos que cómpre abordar de forma diferente esta cuestión, e sóbrannos exemplos. Insisto en que cando me refiro a traballo privado tamén me refiro ás concesións privadas por parte dos empregadores públicos, pois temos exemplos tamén no ámbito do Sergas, ou no ámbito de Axuda no Fogar, que nos deberan

facer reflexionar sobre a complicidade implícita da Xunta de Galiza nestas cuestións, ao non aplicar e vixiar pregos de contratación como debera.

Como digo, sabemos da complexidade de afrontar todo o referido á discriminación laboral, por iso propoñemos este organismo, para que no prazo de dous meses poida poñer a traballar de forma específica esa promoción e vixilancia do cumprimento da materia de igualdade. Para nós deberá ter diversas funcións.

En primeiro lugar, asesorar e defender os dereitos das mulleres no ámbito do traballo. Aínda tendo en conta que existe afiliación sindical, que é importante, que cobre moitas veces este traballo, temos que ter en conta que tamén hai unha parte importante do país que ás veces queda sen atender. Hai lugares onde o traballo dos sindicatos, que é moi importante, ou o traballo da inspección non chega e que, polo tanto, é necesario reforzar esta parte.

Tamén nos parece importante a mediación na resolución de conflitos, témolo abordado moitas veces en relación co acoso sexual, e isto lévanos a unha reflexión importante, que é que a discriminación por razón de sexo non sempre é estritamente un conflito laboral, vai moito máis alá e, polo tanto, o tratamento, a abordaxe e a mediación teñen que ter perspectiva de xénero. Por iso esta proposta.

En terceiro lugar, establecemos recibir por parte das empresas, de acordo coas recomendacións que fai a propia Comisión Europea xa en 2014, información sobre as táboas salariais do cadro de persoal, incluíndo eses complementos desagregados e demais, para que esa información se poida empregar para a negociación e tamén para a denuncia, porque é desa forma camuflada como vén a fenda salarial. E afondar na transparencia é absolutamente clave, incitar a iso tanto de maneira voluntaria como, posteriormente, por obriga legal. Ese é o camiño que seguen países de referencia como os que citei, e, polo tanto, non hai argumentos para non intentar facelo.

Doutra banda, incluímos medidas complementarias como facer seguimento deses plans de igualdade, que son un absoluto copia e pega na maioría dos casos, e tamén elaborar e remitir ao Parlamento unha avaliación —como fan outros países— de cal é o resultado da lei, porque non podemos seguir eternamente autogabándonos de que temos un marco legal moi amplo, sen fiscalizar, se realmente se cumpre e en que puntos necesitamos avanzar.

En conclusión, pensamos que son propostas para ter en conta. E falaba a voceira do Partido Popular de que hoxe era o día de acordar e non de confrontar. Nós pensamos que se pode confrontar e despois acordar, pero, en todo caso, nós o que demandamos son acordos con propostas firmes e non xeneralidades. Non xeneralidades como aconteceu con ese pacto de Estado que falaba o señor Feijóo, que...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ... —remato xa, señor presidente— moito emprega, pero ese pacto de Estado vemos, finalmente, que está a ser unha estafa, que hai cero cambios lexislativos e cero recursos económicos sobre a mesa.

Nós agardamos que desde Galiza non sigan o mesmo camiño, que ese pacto de Estado galego que se impulsou a través dunha iniciativa do BNG continúe no camiño do debate e se cristalice en acordos de verdade. E no aspecto laboral terannos aí se, efectivamente, están dispostos a cambiar cousas, pero, desde logo, a nosa función neste Parlamento non é vir escoitar os insultos do Partido Popular e despois lavarlle a cara con pactos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...falseados. Polo tanto, iso non o imos facer.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de réplica, señora Blanco, polo Grupo Parlamentario Socialista.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Sobre as emendas á nosa iniciativa, a única que hai é de En Marea, que o único que fai é unhas determinadas, unhas pequenas concrecións que imos aceptar sen ningún tipo de problema. E presentamos emendas ás demais iniciativas un pouco no senso no que comentei na miña primeira intervención. Quizais o principal obstáculo que temos agora mesmo co BNG e con En Marea é que é o organismo de control quen ten que certificar e que velar por esa igualdade no traballo, pero estamos convencidos de que imos poder chegar a un acordo sen ningún problema.

Sobre a iniciativa do Partido Popular, a verdade é que se cumpre iso de que non é ouro todo o que reloce, nin fariña o que branquea, porque a realidade é que o texto está ben, teño que dicir que está ben, pero o certo é que aquí vimos mellorar con propostas concretas a situación en que se atopan as mulleres e non vimos limparlle a cara cunha iniciativa servilleta ao Partido Popular, co cal non imos aceptar esa transacción (*Aplausos.*) por moito que sexa o 8 de marzo e vostedes queiran.

Porque mire, señora Prado, despois de insultarnos a todas e a todos os homes, tamén, que loitan pola igualdade durante estas últimas semanas, e mesmo hoxe aquí no pleno, pois é un pouco curioso, cando menos, dicir que mellor pactar que confrontar, este cambio que tivo o Partido Popular en cuestión de minutos. Iso si, pactar co Partido Popular e cando a vostedes lles parece, que é agora, e que é —como lle dicía— para limpar a mala conciencia e os nervios que teñen estes días co tema da folga que está convocada e que, repito, vai ser un éxito.

Antes, é certo, o presidente da Xunta de Galicia dixo claro que perderamos as eleccións por non respectar a igualdade e os dereitos das mulleres. Eu creo que aquí si imos falar —e nós iamos falar— das aportacións á igualdade do Partido Popular nestes últimos anos, porque pensamos que é importante tamén. Vostedes recorreron ante o Constitucional a Lei do aborto e a Lei da igualdade, eliminaron Educación para a Cidadanía, unha cualificación pola ONU

como —¡ONU, eh!— «medida retrógrada que dificulta a ensinanza dos dereitos humanos da muller como parte da ética cívica». Non é unha declaración do Partido Socialista, é das Nacións Unidas.

Instituto da Muller. Está desaparecido en combate dende hai bastante tempo. Suspendeu as axudas para impulsar a igualdade salarial entre homes e mulleres nas pemes.

En Galicia, claro, non podíamos esperar moito cando a propia secretaria xeral de Igualdade foi a que defendeu nesta Cámara a abstención á Lei de igualdade no mercado de traballo posta en marcha polo señor Touriño, a única abstención que houbo nesta Cámara e o único partido político que quedou fóra.

E repítense moito, repítense, especialmente, cando chega o 8 de marzo, porque eu hoxe escoitaba, escoitabamos os nosos compañeiros e o presidente da Xunta, e tiña como unha especie de *déjà vu*, porque falaba de plan de corresponsabilidade e de plan de igualdade. E claro, é que as notas de prensa, señora Prado, están aí, desde o 4 do 2015, por se as quere consultar. O 23 do 7 do 2016, o 10 do 3 do 2017 e hoxe, 7 do 3 do 2018. E entón eu pediríalle, cando menos, que nos deixen de tomar o pelo, que se van facer o plan de igualdade que o fagan dunha vez, e se non, mire, xa tiñamos un plan de igualdade feito no Bipartito. Despois xa llo darei. Había 170 millóns de euros que vostedes meteron nun caixón e non se está facendo absolutamente nada. A nós, de verdade, non nos molesta que corten e peguen se non teñen ideas e van seguir así. (*Aplausos.*) Dígollo con total honestidade, señora Prado, corte e pegue, que non temos problema ningún en que o faga. Iso por non falar dos dez anos de atraso que acaba de denunciar o sindicato UXT do Plan de igualdade da propia Administración pública galega.

Pero mire, vostedes cren tanto na igualdade e tanto na protección das mulleres no embarazo e na lactancia —como vostede falou— que lle vou ler agora un extracto dunha carta que nos enviou unha enfermeira de quirófano dun hospital público desta comunidade autónoma:

«Cando unha muller embarazada neste hospital comunica o seu estado, ten que esperar unha media de dous meses para que a retiren do seu posto se existise risco no que ocupa habitualmente. Hai postos como o meu, enfermeira de quirófano, no que está claro dende hai moitos anos, e, a pesar diso, actualmente unha compañeira está a esperar dende hai case dous meses a que lle dean a avaliación de riscos, mentres a supervisora da unidade lle adapta o traballo como a ela lle parece, sen seguir ningún tipo de instrucións estandarizadas nin coñecidas pola muller implicada. Así, de favor, adáptaselle o posto mentres se atrasan deliberadamente os trámites para conseguir o permiso. E así, de favor, asumimos os seus compañeiros e compañeiras tarefas que a implicada ten medo a realizar por poñer potencialmente o seu feto en perigo. E esta muller segue esperando, desesperada, chorando ás agochadas no baño porque se sente mal, porque sabía que lle ía pasar isto, non era a primeira vez, era o seu segundo embarazo, pero no fondo, aínda que o sabía, séntese culpable» —iso é o que fan vostedes coas mulleres, encima culpabilizar— «por non loitar con máis forza desde o principio.»

Deberían suspender o contrato inmediatamente e pasar a gozar do permiso, pero a anterior vez, e posteriormente a outras compañeiras, demoraron esa suspensión do contrato nun dos casos en máis de tres semanas.»

Señora Prado, ¿como non imos confrontar con esta situación?, ¿como non imos confrontar cunha lei de prevención de riscos nos embarazos e na lactancia que están vostedes incumprindo? Vostedes, os que se fan chamar protectores da familia, do foro da familia, non respectan nin a maternidade das mulleres deste país, nin as empregadas públicas que queren (*Aplausos.*) ter fillos.

Como vostedes seguen considerando tamén que o de conciliar é unha cuestión das mulleres, e vímolos clarísimamente, vímolos nese acto... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ... organizado pola Xunta de Galicia de igualdade onde si se dispuña de gardería. Debe ser que todas as ponentes son mulleres, porque é a primeira vez que o Goberno galego toma unha medida ao respecto. Si, os coidados, igual que xa se comentou aquí nas campañas de política social, asociados sempre á imaxe da muller.

Escolas infantís, que vostede falou aquí. Bueno, é que, evidentemente, había moitas menos escolas infantís cando nós chegamos ao goberno, porque vostedes non fixeron nada nos anos anteriores, pero é que non había nin unha soa proxectada, señora Prado, nin unha soa. E vostedes o que están agora é recibindo a herdanza de todos os proxectos que se deixaron, de todas as escolas infantís que se deixaron planificadas e que, ademais, están poñendo en marcha con atraso.

Resulta insultante escoitar nesta Cámara membros do partido Popular dicir durante estes días que que ben estamos, que estamos moito mellor, cando hai máis mulleres que homes en idade de traballar, pero menos participando no mercado de traballo, con datos que non teño tempo de dar todos, pero, por exemplo, por poñer un caso, acceso a postos de responsabilidade, empresas galegas con máis de 250 traballadores, só un 10,74 %, cando a lei marca un 40 % en postos directivos, situándose incluso por debaixo da media estatal, que é do 11,23 %. E o que é peor, señorías do Partido Popular, cun dato peor que o ano anterior, que era do 15,65 %.

E poderíamos seguir falando de como agora falan da Lei de dependencia, despois de desmantelala e non cumprir tampouco os acordos e todo o que vén reflectido a nivel orzamentario, como vimos onte, porque hai 100 millóns de euros sen executar nesa Lei de dependencia, e aínda veñen hoxe tamén de falar dos coidados e falar desa lei que desmantelaron dende o ano 2012, pección a pección, e que seguen niso facéndoo sen pausa.

Vostede dicía aquí que que mensaxe lles estamos trasladando á mocidade animándoos a ir a folga. Pois mire, estámolles trasladando a mensaxe de que os dereitos que eles e elas recolleron os gañaron nas rúas as súas nais e as súas avoas, e que elas teñen que facer o mesmo se queren seguir avanzando e reconquistar os dereitos que as súas políticas lles arrebataron nestes últimos anos.

O problema, señora Prado, é que despois do día 8 haberá un día despois, isto é imparabile, as mulleres estamos fartas, e dicimos que xa basta de aguantar todo o que levamos aguantando, no

mercado de traballo tamén, durante estes últimos anos. E seguiremos loitando e seguirémolo facendo arredor do feminismo, aínda que a propia ministra dixera hoxe nunha emisora de radio que o feminismo é unha etiqueta, desprestixiando a loita de millóns de mulleres neste país que son, desde logo, as que lograron —sen lugar a dúbidas, e vaia por diante o noso recoñecemento— os avances sociais máis importantes deste país. A pesar diso, a pesar de que non queiran remanergarse para mellorar a empregabilidade das mulleres e loitar contra a precariedade laboral e o teito de cristal, as mulleres galegas tampouco imos parar. Isto, señora prado, é imparable.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Blanco, a verdade é que eu falei antes dunha intervención que igual debería ser modelo para todos. Voulle dicir, o *Diario do Parlamento de Galicia* da IX lexislatura número 161, recoméndollo que o lea, porque vostede se converteu na digna sucesora da súa anterior compañeira Carmen Acuña. Lea a intervención da señora Acuña —si, si, porque igual se olvidou—, eu non estaba naquel momento, pero lin as intervencións de xeito moi interesado.

Vostede di que apoiemos as súas propostas concretas. ¿Cal é a súa proposta concreta? Na súa iniciativa pídenos vostede que cumpramos unha lei derogada. Vostede pídenos que cumpramos a lei do 2007, debería vostede saber que a lei de 2007 está coa lei do 2004 —si, señoría—, está refundida nun texto do ano 2015, pero, claro, se vostede nin sequera sabe iso, señoría, ¿como nos vén vostede aquí facer propostas concretas, señora Blanco? ¿Como nos vén aquí facer propostas concretas? (*Aplausos.*)

E vostede di que eu veño aquí rebaixar o debate. Vostede revise todos os diarios de sesións desde que eu son deputada. Sempre dixen nesta Cámara que os temas que igualdade hai que pactalos, e que nos temas de igualdade debemos de estar de acordo. Díxeno sempre. Mire vostede os diarios de sesións. E vostede non escoitou, porque vostede vén aquí dicir que eu dixen que lle trasladabamos á sociedade unha mensaxe de que os homes... Non, eu dixen todo o contrario. Dixen que a igualdade é de todos, de homes e de mulleres, e que a folga que convoca só as mulleres está excluindo unha parte moi importante da sociedade que ten que estar tamén traballando pola igualdade, que son os homes. E se vostedes queren excluír os homes da igualdade, cometen un grave erro, señoría, cometen un grave erro. (*Aplausos.*) E esa é a mensaxe que lle están trasladando á mocidade, que eles están fóra do tema da igualdade, que o tema da igualdade é unha cousa de mulleres. Non, señora Blanco, non, a igualdade é unha cousa de todos, de homes e de mulleres. E mentres non consigamos que os homes se incorporen á igualdade, dificilmente imos acadar a plena igualdade, alá vostedes, alá vostedes con ese discurso!

Miren, vostedes... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Neste debate está intervindo ela, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Eu entendo que as deputadas de.... Bueno, non vou dicir nada, vou seguir na miña liña, porque...

O señor PRESIDENTE: Non foi a deputada.

A señora PRADO DEL RÍO: Xa sei que foi un deputado, señor presidente, e eu entendo que ao mellor hoxe quereda falar un deputado, eu estaría encantada de que hoxe falara un deputado, pois só falou un deputado de En Marea neste pleno. Tamén debería de levarnos a unha reflexión: por que as mulleres só debaten en cuestións que entendo que son menores. Eu considero tamén que ao mellor o portavoz hoxe debería de solidarizarse e tamén deixar a unha muller, e se non pode, polo Regulamento, pois solidarizarse e non falar, esa é a situación, ou deixarlles poñer as camisetas, tamén.

Imos seguir no debate e non nos imos despistar.

Vostede falou de escolas infantís, señora Blanco. Poñer ladrillo iso é moi fácil, o importante, o que custa cartos, é dotar as escolas infantís, e vostedes iso non o fixeron, vostedes non o fixeron; falen co seu portavoz e que lles explique o que supón economicamente dotalas con 2.000 millóns de euros menos no orzamento, señora Blanco. Ese é o compromiso do Partido Popular.

E non me veña falar da Lei da dependencia, porque, ¿que fixeron vostedes durante catro anos de Goberno bipartito en dependencia?, ¿cantos dependentes atenderon?

Pois ben, señorías, nós imos seguir traballando para que esas cousas sigan avanzando, e están avanzando e non é o país negro que vostedes pretenden pintar, síntoo moito.

Señora Presas, en cuestión de insultos, se vostede busca no *Diario de Sesións* seguro que atopa moitos máis ao Partido Popular que a outros, ou probablemente ningún, porque todos se retiran. Iso é unha mágoa, porque ao final a historia ímola ter que buscar nas hemerotecas, porque todos os días, en todos os plenos, o señor Santalices está pedindo que se retiren cousas, e non precisamente do Partido Popular, maioritariamente veñen desas bancadas, señoría, maioritariamente. (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

E tamén lle digo....

O señor PRESIDENTE: Silencio. Silencio.

O debate estaba nun ton moi bo, por favor, a ver se o podemos manter.

A señora PRADO DEL RÍO: E tamén lle digo que se a vostede lle gustou moito a intervención da súa compañeira Carme Adán, é unha mágoa que tivera que ser aplaudida por esta bancada e non polos seus compañeiros de partido, señora Presas.

Mire, señora Vázquez Verao, para promover a igualdade na negociación colectiva si comezaron os traballos no Consello Galego de Relacións Laborais coa Secretaría Xeral de Emprego, pero como vostede sabe hai unha pata moi importante nesas negociacións, que é a Confederación de Empresarios de Galicia, e sabe que está en proceso interno de elección de nova directiva, e mentres non teña estabilidade a Confederación, dificilmente se vai poder continuar e avanzar nas negociacións.

Nós, polo ben de todos, esperamos que solucionen pronto os seus problemas para poder seguir avanzando nese tema. É un acordo parlamentario, é un acordo parlamentario que se iniciou e que se está traballando nel, pero non é responsabilidade da Xunta de Galicia nin do Partido Popular que non se avance nesa negociación.

Falaba, señora Blanco, de UXT, pois, efectivamente, se vostede leu o último informe de UXT, señora Blanco, pode ver como Galicia é unha das comunidades que mellor está en materia de fenda salarial. Só seis comunidades autónomas se atopan por debaixo da elevada fenda salarial do 22,86 %, entre elas está Galicia.

E, ¿sabe cales son as tres nas que máis aumenta de xeito chamativo? —que di UXT que non é sospeitosa de ser do Partido Popular— Pois está Asturias, por exemplo, que é un goberno socialista. Pois mire, señora Blanco, nós tampouco imos poder aceptar as súas propostas socialistas, porque está claro que están fracasadas, señora Blanco, e non o di o Partido Popular, dío o informe de UXT deste mes de febreiro, que supoño que vostede coñecerá porque fixo alusión ao mesmo. (*Aplausos.*)

Miren, en Galicia na fenda salarial, dicíao a señora Vázquez Verao, podemos falar de cifras, podemos falar das de Eurostat, das de UXT; nestas datas todo o mundo fixo informes, todo o mundo analizou os datos da EPA, todo o mundo analizou os datos do INE. Pero é certo que todos concordamos con que, efectivamente, hai un problema, pero hai que ir á raíz do problema, señorías, que é o que dixen eu.

E eu concordo con moitas cousas das que dixo vostede, señora Vázquez Verao, e creo que por iso hoxe, eu que lles ofrezco un acordo con sete puntos, podemos chegar a acordos. Está na súa man, agora ben, non nos poden dicir a nós que hoxe queremos lavarnos a cara, blanquearnos. ¡Non, señorías! Eu sempre, e todos os voceiros e todas as voceiras de igualdade que houbo do Partido Popular, sempre puxemos os intereses das mulleres e dos homes en materia de igualdade por riba das siglas. ¡Si, si, si!

E miren, voulles ler unhas declaracións: «O feminismo non é privativo da esquerda. Temos unha causa común, unha causa común entre todos e todas, e todos os do Partido Popular, os de AGE, os do BNG, todos estamos pola mesma causa.». ¿Saben quen dixo isto? Non foi ningún do Partido Popular, foi Carmen Iglesias Sueiro, deputada comunista do Grupo Mixto nesta Cámara na pasada lexislatura. Contestaba así á deputada Carmen Acuña, do Partido Socialista, que ante a modificación da Lei 11/2007, para a regulación dunha prestación económica de carácter periódico para as mulleres que sofren violencia de xénero, dicía que era unha trapallada.

Vostede é unha digna sucesora da señora Carmen Acuña, señora Blanco. Lea ese *Diario de Sesións*. E voulle dicir outra cousa, (*Interrupcións*.) (*Murmurios*.) vou ler outro parágrafo dese *Diario de Sesións*. Decía: «¿Saben por que ás veces somos tan odiosos para a sociedade? Porque hai moitas veces que non sabemos estar por riba das siglas, porque as siglas son só instrumentos, non son fins nunca en si mesmos.». ¿Saben quen dixo iso? Carmen Adán.

Isto non é unha risa, señor Losada. A vostede faille moita graza, pero isto a min, sinceramente, que vostedes se tomen este debate...

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: ...de risa, a verdade e que é lamentable. ¡É lamentable! (*Interrupcións*.) (*Murmurios*.)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora PRADO DEL RÍO: Eu o que pido é que asumamos hoxe un novo compromiso coa sociedade galega, que cheguemos a acordos en materia de igualdade, polo ben das mulleres, polo ben da sociedade e polo ben de Galicia.

Nós ofrecemos unha proposta de transacción, esperamos chegar a acordos. Se non queren chegar a acordos, alá vostedes. Nós seguiremos tendendo a man, e nós seguiremos ofrecendo un pacto e un acordo.

Porque miren, señorías, a igualdade e o feminismo non son patrimonio da esquerda, e non fagamos como fixeron Margarita Nelken e Victoria Kent votando en contra do voto feminino naquel magnífico debate con Clara Campoamor, unha socialista á que lle votaron outras socialistas en contra do voto feminino.

Hoxe, señorías, é un bo momento para rachar con esas cuestións partidistas e poñer os intereses das mulleres por riba das siglas e por riba dos intereses partidistas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Mágoa que aquel debate sobre o voto feminino non puidera continuar por unha sublevación fascista, aínda non suficientemente condenada socialmente na nosa sociedade (*Aplausos*.)

As reivindicacións de igualdade salarial tamén aparecían naquel tempo, naquel tempo no que a sociedade galega tentaba sacudirse todas as fendas do pasado, tamén a desigualdade, pero lamentablemente houbo un atraso de máis de corenta anos nese proceso.

Pero estamos aquí, estamos nun contexto no que os salarios femininos galegos, volvémoslo repetir, son de miseria, son intolerables. Estamos aquí é nós non entendemos como non se pode ter a prioridade absoluta dun goberno en elevar os salarios femininos e en elevar en xeral os salarios galegos, porque son dos máis baixos do Estado, e algunhas das cuestións que propoñemos, pois sería aumentar inmediatamente o salario mínimo interprofesional, pero non un aumento mínimo, aumentar como mínimo en 1.000 euros antes de chegar ao 2020, para permitir un nivel de vida digno a todas as persoas traballadoras.

Non entendemos, por exemplo, tampouco como non se recoñece a responsabilidade da Xunta nunha cuestión. Unha cousa é o que sucede no Consello Galego de Relacións Laborais, pero outra é que a Xunta nin sequera se dignou a traer un informe de como estaba a situación dese acordo. Foi por unha pregunta de En Marea pola que nos enteramos como estaba o nivel de execución dese acordo, pero un informe a este Parlamento que é o representante da soberanía popular.

A cuestión dos salarios é moi gráfica en ver a desigualdade que temos as mulleres en xeral na sociedade, e viuse claramente dende 2014 na medida en que a crise non chega nin á mocidade nin ás mulleres. Para nós esta é a gráfica da vergoña, a fenda salarial a partir do 2014 medra, volve medrar, ¿por que? Porque a recuperación non chega nin á mocidade nin ás mulleres, é intolerable, isto ten que ver non só coa desigualdade de xénero, senón tamén coa desigualdade de clase, porque os salarios galegos están perdendo peso na economía.

Imos falar de cada unha das iniciativas, e a respecto das emendas, a nós, señora Prado, a iniciativa do PP parécenos un tanto vacua, afondar en campañas que profunden na transmisión de valores. Hai que velo na práctica, na campaña da Tarxeta Benvida só saen mulleres criando, por certo sen que ningunha estea aleitando o bebé, a pesar de que son as recomendacións da OMS, non se vaia ver unha teta por aí.

Ou tamén a campaña de «O máis grande de Galicia non se maltrata», que todas as expertas ás que lles preguntaron na Comisión de Igualdade sinalaron que non era unha campaña axeitada. Hai que velo na práctica.

Avanzar na coeducación. Deixemos de subvencionar colexios que segregan por sexo, iso sería unha medida concreta. Tamén tiveron propostas integrais para avanzar na igualdade nunha PNL de En Marea deste pleno.

Medidas de conciliación, avancemos realmente na xeneralización do ensino público de cero a tres anos, pero non como fan vostedes avanzando tamén no modelo concertado no ensino infantil, porque o Bono Concilia está facendo que se favoreza o negocio privado no ensino infantil en lugar de estender a rede pública.

Plan Emprega en feminino, de momento o único que atopamos, a única medida activada, e corríxanme se me equivoco, pero no DOG o único que aparece son 2 millóns de euros especificamente destinados a plans de emprego de mulleres paradas, dentro da convocatoria de subvencións de programas integrados de emprego, xullo de 2017. Só o 2 % do plan anunciado. Iso é o único que parece no DOG, unha cousa é prometer e outra executar, como xa lles dixemos esta mañá.

Pero vaíamos, antes de analizar tamén as outras propostas, ao respecto dun tema central, que penso que todas concordamos hoxe, que a maternidade penaliza na carreira laboral das mulleres; é unha evidencia estatística e os últimos estudos apuntan a que a principal causa da fenda salarial é precisamente esa. Penso que concordamos hoxe aí. ¿Que pasa? Que temos que concordar en accións específicas, e non só en declaracións de intencións. E non só mirar os números, tamén fixarse nos ollos das mulleres que padecen esta situación.

En numerosas ocasións —a través neste caso do BNG— foi traído aquí o caso de Nélica Pisco, que sufriu acoso laboral polo feito de ter unha crianza e polo feito de coidala. ¿Por que non se aplican medidas para evitar que a Xunta teña concesións de servizo con empresas que fan acoso laboral pola maternidade? Mulleres como María de la Fuente, que saía onte no xornal, directora do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago, que ademais de non poder conciliar, como tantas mulleres, vese penalizada porque non se ten en conta na carreira ningún factor de corrección polo tempo da maternidade.

Mulleres que sofren o que lles vén explicar a señora Blanco, esa angustia de que no embarazo non se valoren as situacións de risco, cando as hai.

E é que estamos na raíz do problema outra vez, no reparto sexual desigual das tarefas, unha cuestión fundamental no tema dos coidados. Antes quedóusenos un dato na cuestión dos coidados, porque a temporalidade é maior nas mulleres, ¿e por que se dá esta temporalidade? Pois ben, máis dun 60 % das mulleres que traballan a tempo parcial, por non atopar un emprego a tempo completo, declaran o 13,5 % das mesmas que aceptaron este emprego por atender menores ou dependentes, fronte a un 2 % dos homes que o fixeron pola mesma causa. Está aí a fenda dos coidados. E a magnitude do problema que xera todo isto, a magnitude do problema que fai que a fenda salarial sexa intolerable, podémola ver tamén en termos absolutos, se é quizais máis gráfico. No caso das galegas, en trinta e cinco anos de vida laboral, cada unha delas cobra de media 178.000 euros menos que un home.

Pensemos na mensaxe social que se traduce en todo isto, a mensaxe social é que valemos case 200.000 euros menos. Esa é a mensaxe social, a fenda salarial —rematar coas distintas condicións materiais de vida— tamén é fundamental para rematar co machismo en todos os niveis.

En canto á proposición non de lei do BNG, propoñiamos atribuír as funcións de defensa contra a discriminación laboral reforzando ese Consello Galego de Relacións Laborais, o que hai que reforzar especificamente con medios e con persoal. Pero, por suposto, non nos opoñemos ás propostas de resolución, nin á creación dese organismo; ademais, a nivel estatal na proposta de Lei de igualdade retributiva tamén propuxemos algunha outra creación de organismos, así é que votaremos a favor aínda que non acepten as emendas.

E particularmente concordamos, xa o dixen, coa necesidade de introducir sancións económicas a empresas non só que non cumpran coa lexislación en materia de igualdade, senón tamén que acosen laboralmente as mulleres de xeito impune, e de feito na PNL de igualdade retributiva tamén aumentamos nalgún caso as sancións. Por certo, que está moi ben dicir que concordamos nunha proposta de lei a nivel estatal de igualdade retributiva, pero despois vetala no Congreso, ¡pois non é un gran exemplo para avanzar na igualdade!

Da PNL do PSdeG, emendamos, é certo, algunhas cuestións que matiz que teñen que ver con esa cuestión de reforzar o papel do Consello Galego de Relacións Laborais; se existe ese organismo, se hai profesionais, ademais, especializadas na cuestión de xénero e emprego, debería reforzarse con medios e con persoal. Tamén pensamos que na súa proposta —que ademais é moi ampla—, que non só ten que ver coa discriminación salarial, se debe remarcar, precisamente, que a discriminación laboral é por cuestión de xénero, e non falar só de discriminación salarial, máis que nada porque a súa proposta é tan ampla que non só se limita aos salarios, o cal está ben, non o estou dicindo coma un defecto da proposta.

Despois tamén insistimos na necesidade de ter plans de emprego específicos para a incorporación laboral da muller no sector da I+D+i, porque é que seguimos sendo minoritarias as mulleres, só un 12 % nas carreiras TIC, sectores que despois teñen un nivel de emprego superior a outros.

Das nosas emendas, da emenda da nosa PNL, hoxe o debate é un pouco complexo, e tamén aproveito aquí para dicir que quizais non deberán acumularse estas catro proposicións non de lei. Aceptamos a emenda do punto 5, rexeitamos a do punto 11, porque mantemos que as reformas do 2010 tamén foron lesivas para a clase traballadora, e particularmente para as mulleres, e tamén engadimos unha cuestión da que se veu falando aquí durante todo o debate, que a Xunta debe dar exemplo, debe dar exemplo en ter plans de emprego, plans de igualdade específicos en todas as súas axencias e organismos, verdadeiros plans de igualdade. Debe dar exemplo en non recortar nas funcións de benestar, porque iso recae sobre os ombreiros das mulleres. Debe exixir ao Goberno do Estado que se recupere o financiamento das cotizacións sociais para as persoas que atenden dependentes, porque se non iso repercute en que mulleres que accedean a cotizar á Seguridade Social seguen coidando pero sen cotizar. En fin, debe reverter en medidas concretas e reais.

Para ir rematando, simplemente unha reflexión que penso que compartimos todas e todos, rematar coa desigualdade de xénero, cos intolerables teitos de cristal —dixemos antes de cemento armado—, porque é tremenda a discriminación, coas discriminacións por maternidade, coa falta de corresponsabilidade, e precísanse medidas estruturais, un cambio social profundo. Pero non entendemos como non se ve claramente a necesidade urxente de elevar os salarios galegos, sobre todo os das mulleres, porque é que esa desigualdade material está afectando terriblemente a igualdade, entre outras cousas en algo tan grave como que está aumentando a vulnerabilidade das vítimas de violencia machista por esa falta de capacidade de emancipación.

Sen máis, e a respecto da proposta de transacción que nos fixo chegar o PP, nós non queremos aceptar máis declaracións de intencións, queremos compromiso real coa igualdade, queremos compromiso orzamentario, e canto menos nin sequera aceptaron o compromiso de deixar de subvencionar colexios que segregan por sexos, ¡isto é intolerable! A igualdade comeza na educación, na educación dende a primeira infancia, na educación mesmo de cero a tres anos, por iso é tan importante unha rede pública de ensino de cero a tres anos, e por suposto, tamén, permisos de paternidade e maternidade —como xa foi dito esta mañá— iguais e intransferibles. Se somos iguais, lexislemos, non só cumpramos coa lexislación, e fagamos que a igualdade de condicións materiais se materialice, valla a redundancia. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vázquez Verao.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, por respecto ás compañeiras de En Marea e do Partido Socialista, dirixireime, en primeiro lugar, á posición sobre as súas iniciativas, que imos apoiar desde o BNG. É unha mágoa que recoñecendo que son ambas as dúas moi interesantes e moi completas, pois teñamos que dar este debate un pouco disparatado, imaxino que quen nos escoite nin sequera saberá de que estamos a falar moi ben, porque así é francamente complicado. (*Aplausos.*)

Como digo, poderíamos profundar así nalgunhas cuestións. Imos votar favorablemente as dúas, porque entendemos que recollen un espírito que compartimos, de preocupación sobre o incumprimento da lei e de preocupación sobre o incumprimento dos acordos parlamentarios.

O Partido Socialista céntrase no reforzo da inspección, que nós entendemos que é unha necesidade, aínda que hai algunhas cuestións que coliden coa nosa proposta, pero que en todo caso sería cuestión deilas traballando e debullando, e a compañeira de En Marea céntrase máis desde a perspectiva do Consello de Relacións Laborais. As dúas inclúen unhas cuestións que nos parecen importantes tamén: a investigación, o estudo, o cómputo, a análise da realidade, que, lamentablemente, dende o Bipartito neste país non se fixo con rigor.

En definitiva imos votar favorablemente, aínda que non imos aceptar as emendas propostas, porque entendemos que desvirtúan un pouco a nosa iniciativa.

En todo caso, imaxino que tanto elas coma nós seguiremos insistindo e noutros momentos poderemos aproximar máis as posicións para mellorar as tres.

Ben, indo máis ás cuestións ás que se refería xa a voceira do Partido Popular, na réplica comprobamos como viña disfrazada de ovella, pero enseguida se viu a pel do lobo, o papel de consenso non se lle dá nada ben e volveu ofrecernos ese consenso envelenado que intenta o Partido Popular sempre, un pouquiño de consenso, a ver se non se fala disto e se lle quita un pouco de relevancia social, e mentres seguimos ocultando que non estamos a facer, practicamente, nada.

Quería apuntar varias cousas: primeiro, si, o BNG reivindica que esta é unha folga exclusivamente de mulleres (*Aplausos.*), os homes levan demasiado tempo na foto, e mañá imos ser nós as que imos facer historia. Eles, compañeiros, como me consta que sodes moitos desta Cámara, sodes benvidos a un papel secundario, a axudarnos nun segundo plano, asumindo esas tarefas de coidado para que moitas mulleres poidan ir a esas manifestacións e desenvolver o seu dereito á folga, asumindo tamén nas empresas un rol positivo de apoio a esta convocatoria e demais.

Vós, moitos de vós, sodes conscientes e estades mudando a vosa masculinidade tradicional, e sabedes do que falamos e ides estar aí, e tamén volo agradecemos, pero esta foto, este momento histórico, vai ser das mulleres.

En segundo lugar, claro que ten que ver co sistema económico e político esta folga, ¡claro que si! De feito, unha das súas primeiras vitorias colleitadas é colocar no centro do debate, efectivamente, o sistema capitalista e colocar tamén no noso país a nosa dependencia do Goberno central. Xa na miña primeira intervención, aínda que non quixo entrar a voceira do Partido Popular niso, dei argumentos, sobradamente, que demostran o deixamento absoluto que ten o Goberno central, e como, precisamente, a falta de soberanía impide que cuestións como a inspección poidan estar xestionadas doutra maneira.

Por suposto que ten carácter de clase e carácter de nación. Loxicamente, claro que vai haber confrontación. ¡A ver que folga de *buenrrollismo* proletario conseguiu algún avance para a clase traballadora! (*Aplausos.*)

É unha pena, por certo, que hoxe non fixera ese repaso de países do mundo, que o outro día non nos quedou claro, señora Prado, se distinguía entre Corea do Norte e Corea do Sur.

Ben, entrando noutra cuestión, é normal que teñan que citar as mulleres da esquerda, é absolutamente normal, porque a dereita sempre foi, internacionalmente e tamén en Galiza, a rebufa da esquerda e a rebufa do movemento feminista. Fíxoo para despenalizar o adulterio, fíxoo no divorcio, fíxoo no matrimonio gay, fíxoo no aborto e nos dereitos reprodutivos das mulleres e fíxoo tamén na conceptualización e na loita contra a violencia machista. En absolutamente todos os debates, a dereita sempre a rebufa. (*Aplausos.*) E, máis concretamente, o Partido Popular moitas veces a rebufa do Bloque Nacionalista Galego, por moito que lle moleste. Pero foi sempre o movemento feminista, moitas veces representado a través de deputadas de diferentes forzas da esquerda, quen foi trasladando eses cambios ás institucións. E desafortunadamente sempre imos moi por detrás das súas exixencias, por iso teñen que citar a Carme Adán e a outras compañeiras. Porque nos diarios de sesións e nas notas de prensa... —ía dicir *¡válgame Dios!*, pero igual alguén se ofende—. Claro, se teñen que citar o señor M. Rajoy dicindo que non nos metamos niso, o señor Tellado dando leccións do que é o máis machista do mundo e demais, (*Aplausos.*) pois entendo que teñan moito pudor e que non se atrevan a facelo. A min tamén me daría moita vergonza. A miña solidariedade, señora Prado.

Ben, nós estamos convencidas de que tanto este 4 de marzo como este 8 de marzo, sen dúbida, serán momentos históricos e que haberá cambios que no momento non saberemos ver. Pero a longo prazo as deputadas do futuro poderán ver a historia e dicir que ese momento, ese éxito colectivo, contribuíu a acelerar moitos cambios lexislativos e a mellorar as nosas vidas.

Ten tamén o Partido Popular poucos exemplos dos seus propios gobernos para sacar peito aquí. Non puido, na súa contestación, aclarar absolutamente nada respecto da denuncia que levamos trasladando das traballadoras do Consorcio; e nada, absolutamente, do que van facer desde os propios poderes públicos para que cuestións como as contratadas da limpeza dos servizos públicos non teñan sexo nin xénero, nin absolutamente ningunha resposta sobre a segregación de sexo, que xa saíu tamén no debate. Eu quería mencionar tamén —como fixo a compañeira Verao— a Nélida Pisco para engadir non só que a Xunta de Galiza non tomou medidas nin impulsou ningún tipo de mecanismo de control a partir de casos coma ese, onde ten máis dunha ducia de sentenzas, de Traballo e dos tribunais. ¡Nin unha soa! A día de hoxe a Nélida Pisco non a recibiu ninguén do Goberno galego.

(Aplausos.) Estivo aí nesa bancada e ninguén desta bancada nin ninguén do Goberno galego se atreveu a mirala aos ollos. Non me estraña.

Tampouco quería deixar de comentar algunha cuestión máis que esquecía antes. Falando da compañeira Carme Adán, tamén insistiu unha e outra vez, nese Programa galego de muller e ciencia, unha e outra vez. E foi tarde, mal e a rastro que sacaron un novo PDF con ese plan sen facer unha avaliación rigorosa do anterior. Temos tamén, na esfera da conciliación —xa non vou entrar na cuestión das escolas infantís—, por exemplo, que as axudas a empresas privadas, que veñen nos orzamentos da Consellería de Economía, Emprego e Industria, están conxeladas. Medrou o orzamento e non medraron. E así etcétera, etcétera, mentres nos venden un consenso envelenado. E insisto no de envelenado porque vostedes non precisan dos nosos votos para levar a cabo nin unha soa das propostas que lles facemos. De feito, historicamente acaban asumindo algunhas delas, moitas veces parcialmente e para desactivar debates, pero acaban asumíndoas. Entón están libremente convidadas a asumir as que consideren, pero, desde logo, nós non imos dar o noso voto favorable a unha iniciativa que, aínda que coa transacción que nos pasaron introduce algunha novidade, non introduce cambios reais e non introduce medidas concretas que poidamos ir avaliando e que supoñan un cambio substancial e unha rectificación da súa política de igualdade. Porque nós entendemos que non está funcionando e demandamos unha rectificación, non un aplauso ás mesmas. E isto, en definitiva, é o que nos escandaliza. Escandalízanos, despois de ano e medio, ter que seguir aquí falando de casos como o de Nélica Pisco, non o de poñer a palabra «cona» nun cartaz, que parece que é a única preocupación dentro do puritanismo practicante do Partido Popular. (Aplausos.) Que, por certo, o señor Feijóo seica —eu non o vin pero disque— o outro día por aí dixo, en *prime time*, «coño». (Aplausos.) E ninguén se escandalizou. Entón a ver se van estar tamén disparando contra o propio señor Feijóo, por aquilo de que igual marcha.

En fin, nós convidámoslos a que teñan menos preocupación polas campañas do Bloque Nacionalista Galego, menos preocupación tamén por intentar aproveitar colectivos para dar debates que non proceden, cando foron vostedes os que non quixeron aquí aprobar unha lei trans. E tamén aproveito para agradecer ao colectivo trans de Galiza que se posicionase nas últimas semanas sobre o debate que hai a nivel estatal e a nivel internacional tamén sobre a simboloxía feminista, a simboloxía dos xenitais femininos como unha arma do propio movemento feminista na visibilización desa loita, e demais. E transmitirles que, por suposto, estamos aquí para traer a súa voz todas as veces que consideren para defender a despatoloxización trans e para defender todas as cuestións que desde os seus colectivos nos queiran transmitir. O noso respecto para a súa identidade e para a súa loita é absoluto e incuestionable.

Tamén quero reivindicar —e remato xa— que o que precisan vostedes son menos apelacións envelenadas ao consenso e máis desenvolver a lei, menos iniciativas baleiras e máis escoitar os demais.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Deixamos un tempo para falar. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Non hai posibilidade de que cheguen a algún acordo? ¿Non? (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Non é unha boa noticia, pero bueno.

Ben, pois imos votar, logo.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando as proposicións non de lei.

Votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa da señora Rodríguez-Vispo, sobre a mellora e ampliación pola Xunta de Galicia do Programa galego de pacientes polimedicados.

Non foron aceptadas as emendas que presentaron o resto dos grupos.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre a mellora e ampliación pola Xunta de Galicia do programa galego de pacientes polimedicados.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da señora Pierres.

Non hai emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e seis deputados/as máis, sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia para que os patios dos centros educativos sexan espazos de relación coeducativos nos que se promova a igualdade e se rompan as dinámicas de xerarquías e dos estereotipos de xénero, así como para potenciar usos diversos das superficies dispoñibles.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Prado.

Había unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista, non sei se a aceptou. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Non a aceptou? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pide a votación por puntos. ¿Cantos puntos ten a proposta? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Son dous puntos ou dous apartados? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É que, claro, é conveniente distinguir isto. É o parágrafo 1 e o parágrafo 2. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón ¿votamos por separado os parágrafos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Votamos o parágrafo 1, ou sexa, o primeiro. *(Murmurios.)*

Votación do parágrafo primeiro da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; en contra, 38; abstencións, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o parágrafo primeiro da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o segundo, o parágrafo dous.*

Votamos.

Votación do parágrafo segundo da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Consellería do Mar para evitar o impacto no medio ambiente, no río Ulla e na ría de Arousa, do proxecto de reapertura da mina de cobre situada nos concellos de Touro e do Pino.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o parágrafo segundo desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Luca Chao.*

Hai unha transacción. ¿Pódenola ler?

¿Tena vostede? Se non, téñoa eu aquí.

A señora CHAO PÉREZ: Si, o punto un quedaría: «Crear prazas de axentes de igualdade nos centros educativos para poder avanzar cara a equipos conxuntos de orientación en igualdade, con formación específica en igualdade e prevención das violencias machistas. Para ter esta consideración, os axentes de igualdade deberán acreditar, cando menos, a titulación específica de formación profesional de grao superior».

E o punto cinco quedaría como na emenda presentada polo Grupo Socialista.

O señor PRESIDENTE: Votamos esa transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Luca Chao Pérez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para reforzar o papel das escolas e do profesorado a prol da igualdade, así como da prevención das violencias machistas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o debate conxunto. E comezamos votando a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista.

Sobre a emenda de En Marea, señora Blanco, ¿acepta a emenda de En Marea? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Votamos coa emenda de En Marea aceptada.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central para acadar a igualdade laboral e salarial entre mulleres e homes, así como a ratificación do Convenio número 189 da OIT e a Recomendación número 201, sobre o traballo decente para as traballadoras e traballadores domésticos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, que lles fixo unha proposta de transacción aos outros grupos e que, polo que entendín, non a aceptan.

Entón, votamos a proposición non de lei tal como está.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e dez deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en materia de igualdade, conciliación e corresponsabilidade, eliminación de roles e estereotipos de xénero na comunicación e nos ámbitos familiar e laboral, flexibilización do tempo de traballo, racionalización horaria e loita contra a fenda salarial.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 33.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario de En Marea, que xa comentou que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Socialista. O punto, en concreto, é o número 5. E non acepta o número 11.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¿Perdón?

(A señora Vázquez Verao pide a votación por separado do punto 11 e a votación conxunta do bloque do 1 ao 10.)

O señor PRESIDENTE: Votación por puntos, claro, por iso eu dicía que había que falar. Claro, agora volvemos ao que eu dicía desde o principio, era bo que falaran porque isto... *(Murmurios.)* É que non saben, este é o problema... *(Murmurios.)*

Falen un momento que non pasa nada. *(Murmurios.)* ¡Home, claro! É que isto cambiou substancialmente, hai que saber o que se vota, iso é imprescindible. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Home, por favor!, se queren póñanse a falar un momento para saber o que imos votar. *(Murmurios.)*

Non hai présa. *(Murmurios.)* Non, non, non hai présa.

Hai que saber o que se vota. Iso é fundamental. *(Murmurios.)*

Señora Vázquez Verao, por favor, ¿cal é a proposta?

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si.

A única emenda que se acepta é a emenda de modificación do punto 5, que paso a ler, se o consideran. É bastante longa. É exactamente a emenda que propuxo o Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Iso quedou aceptado. Agora vostede pide a votación por puntos.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, do 1 ao 10.

O señor PRESIDENTE: ¿Con iso incorporado?

A señora VÁZQUEZ VERAO: Claro, incorporado tamén.

O señor PRESIDENTE: ¿E cantos puntos son?

A señora VÁZQUEZ VERAO: Son do 1 ao 10.

O señor PRESIDENTE: Do 1 ao 10 todos xuntos. E por separado ¿cal?

A señora VÁZQUEZ VERAO: Só votariamos por separado o punto 11, do cal non se acepta a emenda do Partido Socialista.

O señor PRESIDENTE: Entón pide do 1 ao 10 todos xuntos, e o 11 por separado.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si.

O señor PRESIDENTE: Correcto.

(A señora Prado del Río pide a palabra.)

¿Señora Prado?

Déanlle voz ao escano da señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, xa que se permite a votación por puntos, eu pediríalle votar o número 10 tamén por separado.

O señor PRESIDENTE: ¿Acepta a señora Vázquez Verao que se vote o 10 por separado? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Era importante telo falado, xa o dixen eu. *(Murmurios.)*

É sencillo, é do 1 ao 9, o 10 por separado e tamén o 11. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, eu quero que se chegue a acordos, iso está claro. Quero que se chegue a acordos con todos, pero eu o que quero é que un deputado saiba o que vai votar. ¡Home, por favor! *(Murmurios.)*

(A señora Vázquez Verao pide a palabra.)

¿Si, señora Vázquez Verao?

A señora VÁZQUEZ VERAO: Si, non temos problema.

O señor PRESIDENTE: Correcto. Grazas.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Silencio, por favor, é importante, é importante!

Imos votar do 1 ao 9 en primeiro lugar, o 10 por separado e o 11 por separado.

Votamos, primeiro do 1 ao 9.

Votamos.

Votación dos puntos 1 ao 9 do texto transaccionado da Proposición non de lei, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego antes do ano 2020, e as demandas que debe realizar ao Goberno central, en relación coa fenda salarial de xénero, a Lei 35/2010 e o Real decreto lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 10.

Votación do punto número 10 do texto transaccionado da Proposición non de lei, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego antes do ano 2020, e as demandas que debe realizar ao Goberno central, en relación coa fenda salarial de xénero, a Lei 35/2010 e o Real decreto lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto número 10 deste texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o punto número 11.

Votación do punto número 11 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego

antes do ano 2020, e as demandas que debe realizar ao Goberno central, en relación coa fenda salarial de xénero, a Lei 35/2010 e o Real decreto lei 3/2012, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 38; abstencións, 12.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o punto número 11. Votamos. (Murmurios.) (Protestas.)*

Perdón, era este. ¡Correcto, tranquilos!, un erro teno calquera. Non pasa nada. (Pronúncianse palabras que non se perciben.) Todo votado. Eu xa procuro estar atento pero son humano, de momento. (Risos.) (Murmurios.)

Agora imos votar a Proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Monserrat Prado Cores.

Dixo que non aceptaba as emendas nin do Grupo Parlamentario Socialista nin de En Marea.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central e as actuacións que debe levar a cabo en materia de igualdade e equidade salarial entre mulleres e homes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Terminaron as votacións. Abran as portas, por favor.*

Continuamos co punto 4^o da orde do día, que se corresponde co de interpelacións.

Interpelación de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre que medidas prevé adoptar o Goberno galego para o cumprimento dos acordos parlamentarios en relación coa AP-9

O señor PRESIDENTE: *Para formular a interpelación ten a palabra o señor Bará.*

O señor BARÁ TORRES: *Grazas, presidente, que é humano de momento. (Risos.) (Murmurios.) ¡De momento, de momento!*

Señora conselleira, non sei se lembra vostede onde estaba o 30 de decembro do ano 2017, o 30 de decembro, o último día hábil do ano. ¿Lembra onde estaba pola mañá —doulle máis datos—, entre as once e media e doce da mañá? Estaba vostede en Rande inaugurando a bombo e platillo unha suba abusiva das peaxes; en directo e en diferido, porque aquel día foron inaugurar unha suba das peaxes. Estaba vostede, xunto co señor Feixóo —Feixóo— e Rajoy —Raxoi— (bilingüismo harmónico), participando dunha farsa, participando dunha burla. Porque aquel non era un acto de inauguración das obras, que, como sabemos, non remataron. Non sei se vostede pasou ultimamente por alí, se foi ultimamente a Vigo, se foi pola AP-9. Pero verá que as obras non remataron. Pasou por alí, supoño.

Ben, estaba vostede alí, con Raxoi e con Feixóo, entregándolles o tesouro de Rande, en forma dunha nova suba das peaxes, a Audasa e a Capital Corsario, que é o principal socio, como sabemos, do Grupo Itínere, un fondo de investimento norteamericano que se chama Capital Corsario e que é o que se está aproveitando desta infraestrutura vital.

Pois mire, aquel día coincidimos, eu tamén estaba alí. O BNG tamén estaba alí. O que pasa é que hai unha diferenza: o BNG estaba protestando, o BNG estaba manifestándose, o BNG estaba denunciando un novo trato de favor á concesionaria, denunciando a estafa de poñer en servizo unhas obras non rematadas —que iso foi o que pasou aquel día, poñer en servizo unhas obras non rematadas— coa única intención de favorecer intereses privados e de poder aplicar a suba das peaxes. O BNG tamén estaba alí denunciando a aceleración das obras nos últimos meses —con accidentes graves incluídos, que se produciron, como saben, neses últimos meses—, nunha carreira contra reloxo para poder aplicar a suba das peaxes no ano 2018; unha suba das peaxes do 3,81 % que, como sabemos, é consecuencia de convenios asinados polo Ministerio de Fomento nos anos 2011 e 2013, gobernando o Partido Socialista e o Partido Popular. E aclárolle este detalle porque é importante, porque, como vostede sabe, a ministra de Fomento, Ana Pastor, ratificou e ampliou o convenio asinado no ano 2011. E esta suba abusiva do 3,81 % é consecuencia deses dous convenios.

Por certo, señora conselleira, aos militantes do BNG que fixeron esa protesta acaba de chegarlles a notificación dunhas multas. Esa é a súa receita: para Audasa, para Itínere, para o fondo corsario, beneficio e prebendas, trato de favor, pónenlles a alfombra vermella; e para quen denuncia os abusos e a estafa, multas e represión. Esa é a democracia do Partido Popular: multas e represión para quen denuncia esa estafa. Pero, desde logo, non nos van calar.

Xa sabemos que non lle gusta moito a vostede que falemos da AP-9 no Pleno. Ademais, dixo xa noutras ocasións que lle preguntamos por asuntos que non son da súa competencia. Estou de acordo, a AP-9 non é da súa competencia, a AP-9 é da súa incompetencia. En realidade a AP-9 é un asunto interno, é un asunto de política galega e é unha responsabilidade tamén do Goberno galego. Éo porque é unha infraestrutura vital para a articulación do territorio e o desenvolvemento económico do noso país. Pero é que, ademais, vostedes convertérono nun asunto de competencia ou de incompetencia do Goberno galego porque vostedes crearon, para intentar amortecer ou amainar o temporal que estaba caendo, unha comisión bilateral de seguimento ao máis alto nivel, para facer un seguimento de todas as decisións e de todas as actuacións relacionadas coa AP-9. Polo tanto, convertéronse vostedes tamén en responsábeis, en corresponsábeis, de todas esas decisións. Convertéronse vostedes en cóm-

plices e colaboradores da estafa. Vostedes son cómplices e colaboradores desa inauguración fraudulenta das obras de ampliación de Rande perpetrada o 30 de decembro do ano 2017, que é xa outro día da infamia, outro día da vergoña, como aquel infame 30 de decembro do ano 2016. É unha burla, un desprezo, é unha tomadura de pelo o que pasou ese día. Porque a ponte de Rande leva en obras desde o 30 de decembro do ano 2016. Non deixou de haber obras alí ningún día; obras que neste momento xa fixeron que, desde hai un mes, o último mes, desde principio de febreiro, reduciran os catro carrís centrais a dous. Esas obras están a ter, ademais, graves consecuencias no tráfico, non só na propia ponte senón, sobre todo, na estrada PO-541, que vai de Vilaboa a Cangas, o que está provocando graves retencións e incluso perigo para a seguridade viaria nos lugares das parroquias de Meira e de Domaio, no concello de Moaña.

Ademais, esas obras iniciáronse sen avisar, sen información aos concellos do Morrazo, sen prazos para a finalización. Eu non sei que lle parece a vostede, pero a vostede debería preocuparlle o que está pasando. Non sei se fixo vostede algunha xestión, se mandou algún correo electrónico, se mandou algún *whatsapp* ao Ministerio para preocuparse por isto que está pasando. Pero é grave, porque os concellos do Morrazo, como a alcaldesa de Moaña, aínda están agardando que lles dean unha explicación e que lles dean uns prazos para o remate das obras, e que os informen do desenvolvemento das obras.

E todo isto que acabo de relatar, con ser moi grave, é só a punta do iceberg da estafa da AP-9, do interminable memorial de agravios a Galiza por parte do Goberno central, coa submisión e coa complicidade do Partido Popular. E, diría máis, coa traizón do Partido Popular galego a Galiza e a este Parlamento; a este Parlamento porque nesta lexislatura levamos aprobados numerosos acordos a respecto da AP-9, en total oito, entre leis, proposicións non de lei e mocións, empezando pola propia transferencia da AP-9, señora conselleira, que é a cuestión central, a cuestión máis importante e a proba máis evidente desa submisión do Partido Popular galego ás imposicións de Madrid. Xa lle dixen antes que o 13 de decembro do ano 2016 é un dos días máis tristes, un día da vergoña, un día de infamia para este Parlamento e para o noso país. Porque foi o día en que votaron neste Parlamento a favor da tramitación da Lei da AP-9 e vetaron esa tramitación na Mesa do Congreso, no Estado.

Pasaron quince meses e eu quero preguntarlle, en primeiro lugar, o que fixeron para cumprir ese acordo parlamentario, os acordos parlamentarios desa lei e dese impulso á tramitación desa lei. ¿Que xestións fixeron co Goberno central e que xestións fixo vostede ou o señor Feijóo co Congreso para facilitar a tramitación desta lei? E quero tamén preguntarlle se comparte as razóns, que son razóns políticas, que expresou o ministro de Fomento para vetar, para impedir a tramitación da lei e para impedir a transferencia da AP-9 a Galiza. Ao final veu dicir unha cousa que o explica todo: «Non se transfire porque é o do Estado». Xa non había razóns técnicas, xa non había razóns económicas. A cuestión é puro centralismo, pura dependencia. E porque manda o Partido Popular e non se transfire —foi o que veu a dicir—. Ademais, viñeron a dicir que era unha ameaza para a unidade de España a transferencia da AP-9, que xa me parece o colmo.

Pois mire, houbo moitos máis acordos deste Parlamento que están pendentes de cumprir. E aínda estamos agardando que cumpran as súas propias leis, porque vostedes tamén teñen

unha lei que se chama pomposamente «Lei de transparencia e bo goberno», que di, no seu artigo 19, que cada ano hai que facer un informe a respecto do grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano. E estamos agardando que o Goberno de Galiza, a Xunta de Galiza, nos informe desta cuestión. E por iso traemos aquí estas preguntas.

Queremos saber que xestións fixeron para cumprir estes acordos. Por exemplo, o do 17 do 1 de 2017, para a instalacións de pantallas antirruído na AP-9 en Chapela e Teis. ¿Que xestións fixeron e por que, despois de quince meses, non está aínda iniciada nin, por suposto, feita esta actuación?

Queremos tamén pedirlle que nos diga que xestións fixeron para a transformación en vía urbana da AP-9 no treito comprendido entre o límite con Redondela e a cidade de Vigo. Queremos saber que xestión fixo o Goberno e a súa consellería. Queremos saber que xestións fixeron a respecto do acordo deste Parlamento —do 13 do 7— a respecto das condicións laborais nas obras da ponte de Rande. ¿Que xestións fixeron vostedes diante do Ministerio, da concesionaria...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...para garantilas? Moito non deberon facer porque xa sabemos que se aceleraron as obras para poder inauguralas a fin de ano, e iso levou a que houbera, polo menos, dous accidentes graves nese último treito do ano.

Tamén queremos saber que xestións fixeron para o acordo do 19 do 12 da mellora da calidade de vida e o impacto das infraestruturas en Chapela e Teis. E tamén sobre o acordo dese mesmo día sobre a supresión do privilexio franquista da bonificación do 95 %...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: E remato porque xa sabemos cal é a táctica do Partido Popular: aprobar aquí acordos para incumprilos, para ignoralos, para desprezalos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: Tamén para adormecer as demandas, para ocultalas, para silencialas e para crear unha ficción de consenso.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten despois un turno de réplica, señor Bará.

Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: Si, simplemente remato para dicirlle que non o van conseguir por moitas multas, por moitas ameazas, por moito amedrentamento que queiran. Non o van conseguir e, desde logo, imos conseguir o obxectivo da transferencia da AP-9 a pesar do Partido Popular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Moi bos días.

Señor Bará, por un momento, por unha cuestión, voulle dar a razón. Non somos competentes na pregunta que me formula vostede, non temos competencias na xestión no relativo á AP-9. E seguen vostedes empeñados en que veñamos membros do Goberno a falar de asuntos que non son competencia da Xunta de Galicia. Vén a recoñecer vostede algo que é certo: que non somos competentes. Teñen un afán sorprendente de que veñamos a respostar en cousas de competencias estatais. Pero non se confundan, eu, dende logo, encantada de vir falar. Non temos ningún problema, eu non teño ningún problema por vir falar de cuestións que son competencia do Estado. E volvo insistir na súa fórmula, na fórmula do seu partido de recoñecer o traballo da Consellería, do Goberno galego, no que si somos competentes. Polo tanto, agradézolle esta pregunta para recoñecer o bo traballo, a boa xestión, nos asuntos da nosa competencia.

Fala vostede das obras de ampliación da AP-9 en Rande. O 30 de decembro, por suposto, abriuse ao tráfico a ampliación. Son seis quilómetros para engadir un terceiro carril á ponte de Rande. E señor Bará, ¿sabe vostede que é unha ponte que ten máis de 56.000 de IMD, case 60.000, de tráfico diario, 56.000 e 60.000 vehículos diarios en catro carrís, aos que se engaden dous? Polo tanto, a día de hoxe hai seis carrís para a AP-9. Se non estiveran abertos os carrís exteriores, o que me está pedindo vostede son dous carrís únicos —estou intentando esquematizalo para que se dea unha idea, non hai que ser enxeñeiros de camiños para entendelo—, dous carrís sos unicamente para admitir —creo que intento explicalo, explicalo tecnicamente para entendelo, non hai que ser enxeñeiro de camiños— case 60.000 vehículos diarios. O que vostedes están pedindo é o colapso absoluto da ponte de Rande.

Creo que se non se entende que hai obras de conservación ordinaria, obras complementarias —o que se explicou o mesmo día e que xa estaban anunciadas polo Ministerio de Fomento—... E, dende logo, se non se puxeran en servizo eses carrís exteriores laterais para que circule o tráfico, colapsaría a ponte. Seguro que é o que queredes, que colapse a ponte, e volver criticar. Porque critican por unha cousa e pola contraria, unha coherencia tremenda.

Dende o punto de vista técnico, creo que o expliquei suficientemente e, polo tanto, creo que está explicado tecnicamente, con lóxica aplastante, este tema do colapso que me están a pedir da ponte de Rande.

Creo que debería saber vostede que son actuacións complementarias. Creo que debería saber vostede que os protocolos e os reais decretos do Ministerio de Fomento tramitados no seu día, no ano 2011, foron do Partido Socialista, que apoiaban vostedes en Madrid e que apoiaban aquí no Bipartito —é así—. Debería saber vostede que o incremento da peaxe que se produciu este ano, a principios de xaneiro, é o IPC, e nada máis. Debería saber vostede que o incremento da peaxe en relación coas obras non se implantou a principios deste mes. Creo que debería sabelo. Non siga enganando e sementando dúbidas, maquillando toda a súa in-

tervención. Porque o incremento da peaxe o 1 de xaneiro deste ano foi o IPC. E, dende logo, as obras de ampliación da AP-9 que se fixeron non se van financiar con cargo aos orzamentos do Estado porque foi o Partido Socialista, apoiado por vostedes, quen amarrou que esas obras se financiasen con cargo ás peaxes, Partido Socialista que apoiaban vostedes. E agora veñen rasgándose as vestiduras por ese 1 % acumulativo durante vinte anos que amarrou o Partido Socialista no ano 2011 en Madrid e que apoiaban vostedes. Véñense rasgar as vestiduras e, dende logo —insisto—, non é unha decisión de hoxe nin de antonte, é dese real decreto do ano 2011. Buscan réditos políticos agora e dende logo...

En canto á postura do Estado sobre a AP-9 creo que non é novidade. A postura do Estado non é ningunha novidade, nin agora nin antes. Porque, cando gobernaba o Partido Socialista en Madrid, o ministro José Blanco, ¿concedeu a transferencia?, ¿concedeu a transferencia o Ministerio de Fomento cando gobernaba o Partido Socialista apoiado por vostedes?

Dende logo, este Goberno, a Xunta de Galicia, seguímolo a defender, e sempre coa mesma coherencia, sempre, non cambiamos de opinión. Porque consideramos que a transferencia da AP-9 é unha reivindicación xusta, porque consideramos que está fundamentada e porque consideramos que é o mellor para os galegos, o máis beneficioso para os galegos e para as galegas.

E seguiremos demandándoo nos foros que corresponda e estaremos atentos e vixilantes, por suposto, á calidade do servizo. Vímolos facendo, e, cada vez que temos constancia ou coñecemento dalgún incidente, poñémonos en contacto, trasladámolo e pedimos explicacións e que se arranxen as circunstancias excepcionais. Sempre o pedimos. E así, o pasado 15 de novembro tamén se confirmou por parte do Ministerio a apertura de dilixencias informativas para Audasa.

Polo tanto, é unha política activa, unha política vixiante, para que se preste a mellor calidade do servizo por parte da AP-9. Ningún cambio de criterio por parte do Goberno galego, na política do Goberno galego, en relación coa AP-9, sendo sempre coherentes coa transferencia e coa calidade do servizo.

E sobre as novidades en relación coa AP-9, o que é novo, señor Bará, é algo que vostedes non queren recoñecer. O que é novo é que, por primeira vez, a Xunta de Galicia, o Goberno galego e, polo tanto, os galegos e as galegas temos voz na xestión da autoestrada AP-9 nesa comisión conxunta entre Xunta de Galicia e Ministerio de Fomento, que xa se reuniu tres veces. O novidoso é que os galegos e as galegas non teñamos que pagar 7 millóns de euros anuais nunha peaxe estatal, un convenio ruinoso que asinaron vostedes no Bipartito para pagar unha peaxe estatal. Esa peaxe, sete millóns de euros anuais nos orzamentos, borrarémola. Isto non é incompetencia por parte do Goberno galego, sería incompetencia por parte do Bipartito. Estase confundido de Xunta de Galicia. E nós conseguimos librar desa obriga anual, si, si, os orzamentos da Xunta de Galicia.

Tamén acordamos compromisos e progresos nas actuacións con Redondela, e suprimir tamén ese compromiso, que acadamos na última xuntanza da comisión, desa peaxe de Redondela-Vigo, e hoxe mesmo, por certo... Pero claro, cada vez que mandamos un *mail*, ou chamamos, falamos, non imos mandar *tweets*... —chamalo a vostede é moi complicado—. Pero pódolle garantir que, desde logo, insistentemente, estamos falando. E hoxe mesmo

contactamos para interesarnos polo estado dos trámites da supresión da peaxe Vigo-Redondela. Porque consideramos que é xusta, porque consideramos que hai que atender esta reivindicación social para que eses traxectos sexan gratuítos.

Tamén é novo, señor Bará, o compromiso do Goberno de España de que as obras, todas as relacionadas coa AP-9, se financien cos orzamentos do Estado e non co incremento da peaxe, como se viña facendo con gobernos anteriores. Isto si que é novo en relación coa AP-9. Foi o Goberno Zapatero quen decidiu que esas obras de ampliación da AP-9 se financiaran con cargo á peaxe. Polo tanto, redondo coa concesionaria e prexudicial para os galegos e as galegas.

E o certo é que houbo outro cambio substancial. A novidade tamén está en vostedes. Vostedes agora queren ser adaiás da transferencia da AP-9, e o certo é que non hai tantos anos eran opositores á transferencia da AP-9. Iso si que é tamén novidade respecto de vostedes. Votaron aquí en contra da transferencia da AP-9; polo tanto, difire bastante a súa postura, a postura do seu grupo parlamentario, cando gobernan e cando están na oposición. Cando gobernan, pois gobernan, pagan e calan. Esa é a súa diferenza, a súa incoherencia absoluta apoiando ese convenio ruinoso para Galicia de Rande á Barcala. E, dende logo, a Xunta de Galicia non mudou de opinión, este grupo non cambiou de opinión. É unha postura fixa coa titularidade e coa calidade da AP-9, no que temos conseguido resultados.

Neste Parlamento temos chegado a acordos importantes en relación coa AP-9: en relación coas condicións laborais dos traballadores da autoestrada, en demandas da parroquia de Chapela, coa negociación co Goberno do Estado dunha proposta para transformala en vía urbana no concello de Vigo —que agardamos que o Concello de Vigo faga o traballo que debe facer e que mande unha proposta técnica seria e non un bosquejo, un croquis—, coa demanda ao Estado das modificacións lexislativas para suprimir a bonificación do IBI e, dende logo, dando os pasos necesarios para que esas medidas —que non son as nosas competencias— se poñen en marcha.

Polo tanto, hai traballo e unha posición clara, coherente e coñecida, dende logo, do Goberno galego en relación coa AP-9.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Na rolda de réplica, ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

A verdade, señora conselleira, é que me deu moi poucas respostas, estou moi decepcionado. A maior parte das preguntas non mas respondeu. Si que me respondeu á pregunta da competencia, que en realidade é a incompetencia. Porque da súa explicación se deduce realmente a incompetencia do Goberno galego. Vostede, desde o momento en que crearon esa comisión bilateral de seguimento —que insisto en que foi unha cortina de fume para intentar amainar o vendaval de críticas que lles caeron por negarse a tramitar a lei aprobada por unanimidade

no Parlamento—, aínda non me explicou aquí as xestións que fixeron para facilitar a tramitación. ¿Que problema hai? ¿Por que non se tramita esa lei? ¿Que pintan vostedes, o PP galego, o señor Feijóo, en Madrid, que non son capaces de dicirlles ao señor Rajoy e á señora Ana Pastor que permitan a tramitación? Xa non lle digo a aprobación, pero, polo menos, a tramitación e o debate. Paréceme que é algo mínimo que deberían facer.

Claro, o 30 de decembro din vostedes que inauguraron as obras da ampliación da Ponte de Rande. Non, señora conselleira, as obras non están rematadas, non están rematadas. E non faltan por rematar unhas obras complementarias e de conservación, como din vostedes, son obras que están incluídas no contrato coa UTE. Non son obras complementarias, as que se están facendo agora son obras do contrato da ampliación de Rande. Estamos falando da ponte, xa non lle vou falar do resto dos quilómetros. Porque, claro, aquí os veciños de Chapela e de Teis non contan para nada. Había que correr de présa para inaugurar o 30. Os de Chapela, os do resto, que se fastidien, que se amolen. Esa é a súa receita.

Mire, respecto dos incrementos das peaxes, efectivamente, o 1 de xaneiro produciuse o incremento do IPC, pero despois van ir os demais, e os demais —xa o dixo o ministro, que tiñan que aprobalos previamente— son derivados dos convenios do 2011 e do 2013. Esa é a realidade. O BNG opúxose nese momento, no ano 2011, a esa fórmula de financiamento das obras. Opúxose o BNG, concentrouse alí e manifestouse alí tamén. Non sei se daquela houbo multas, pero concentrouse alí, opúxose e, desde logo, non apoiou o Goberno central nesta cuestión, como tampouco o apoiou nese momento desde que se fixo o cambio da Constitución e outras medidas lesivas.

A transferencia da AP-9 vai ser unha batalla que imos gañar, e desde logo o BNG vai estar á cabeza nesa batalla, como leva toda a vida facendo. E mire, eu recoméndolle que abandone ese argumento de dicir que o BNG se opón á transferencia da AP-9, porque iso non o cre ninguén. O que poderán dicir é: ¡que pesados os do BNG, todos os días pedindo a transferencia da AP-9! (*Aplausos.*) Pero que diga que o BNG se opón, iso non o cre ninguén; é coma se di que o BNG é españolista ou centralista. Iso non o cre ninguén.

Os que se opuxeron foron vostedes, desde o Goberno do Estado, cos informes, cos votos no Parlamento do Estado, cando o BNG levou alí a proposta. Aduciron razóns técnicas, razóns políticas e razóns económicas. Neste momento hai razóns económicas de peso tamén que están en xogo. ¿E sabe cales son? Que está en xogo a venda da concesión; un suculento negocio, e vostedes non queren molestar, ou, para dicilo mellor, en Madrid non lle deixan que tomen ningunha decisión que poida incomodar esta operación especulativa de venda deste gran negocio, deste gran espolio, desta gran rapiña, que é a xestión da AP-9, tal como está agora.

Polo tanto, seguen na mesma, o que levan facendo toda a vida: favorecendo os intereses da concesionaria. E non lle vou recordar aquí o que xa levamos dito mil veces da ampliación da concesión, da privatización, de todos os beneficios dos que desfruta, da tolerancia coa mala xestión, etc.

Di vostede que tomaron o acordo de que todas as obras que se fagan a partir de agora e todas as decisións non vaian ser con cargo ao incremento das peaxes. Pois acaban de anunciar,

señora conselleira, unha nova medida que vai supoñer incremento da peaxe. Vostedes acaban de anunciar que a supresión da peaxe entre Rande e Vigo vai ser mediante un incremento da peaxe, e nós estamos en contra de que se faga por esta vía. Desde logo, apoiamos e exiximos desde hai moito tempo a supresión desa peaxe, pero non estamos de acordo con que se faga mediante un novo incremento das peaxes.

Mire, teño aquí eses acordos do Parlamento, e vostede non me deu respostas practicamente a nada do que lle preguntei aquí. Espero que na segunda intervención nos dea unha explicación detallada mínima de cales foron as xestións que fixeron respecto de todas estas cuestións...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...—si, remato—, da transferencia, por suposto, das obras que hai que facer en Chapela e en Teis, das pantallas antirruído, da transformación en vía urbana, etc., etc., etc.

Espero as súas respostas, porque na primeira intervención súa, desde logo, non as escoitei.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Como sabe vostede, o Goberno non intervén nos diferentes parlamentos para o tema das leis; polo tanto, eu creo que máis que contestada a súa pregunta. En calquera caso, eu estiven tentada de vir coa mesma resposta, porque vostede ten os mesmos argumentos de sempre, e intentei vir coa mesma resposta que a última vez, hai pouco, en relación coa AP-9, pero, por respecto ao Parlamento e tamén por respecto a vostedes, non veño coa mesma resposta. Teríame servido perfectamente porque vostede utiliza exactamente o mesmo argumento, a mesma teima, a ver se, de insistir e persistir, por casualidade, cala a súa mensaxe maqui-llada, dalgunha maneira.

Eu volvo insistir en que creo que contestei moitas preguntas, sobre todo ao colapso que pretendían na ponte de Rande. Polo tanto, eu creo que dei unha explicación que non hai que ser técnico para entendela e que está suficientemente explicada. Estou segura de que o entendeu perfectamente.

Gustoulle moitas veces a vostede falar de complicidade, pero a complicidade é de vostedes co Partido Socialista, cando gobernaba en Madrid, ¡Claro que si, non se ofendan! ¡Se son verdades! Non hai que ofenderse. O Partido Socialista gobernaba na Xunta e goberna en Madrid, e foi o Goberno socialista o que, sorprendentemente, optou por esta opción gravosa para incrementar as peaxes e para financiar obras. ¡É que foi unha medida gravosa! ¡É así!

¡É así! O Goberno socialista no ano 2011 decidiu e blindou que se pagasen con cargo ás peaxes esas obras, na súa cláusula sexta, o 1 % acumulativo durante vinte anos, e pagando —insisto— o 8 % de interese fixo a Audasa. ¡O 8 %! É que vén no real decreto do ano 2011. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡A alguén lle molesta! Real decreto asinado por Pepe Blanco. ¡Pero está aquí, o 8 %! (*A señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Vázquez Mourelle, mostra un documento.*) É a compensación de Audasa, cunha taxa do 8 % fixo anual. Aí está, no real decreto. Eu entendo que agora se queiran desmarcar, pero é que é o que temos, un Partido Socialista ao que apoiaban vostedes, e daquela non dicían nada.

Nós queremos evitar esas cousas para o futuro, e por iso lle temos conseguido e arrancado ese compromiso ao Ministerio de Fomento, nesa comisión, ademais, que temos, que a vostede lle parece un paripé e incompetente, pero non é así, e eu podo e voulle dar un relato, unha batería de argumentos.

Conseguimos que se realicen con cargo aos orzamentos do Estado. Porque cualifica de paripé todo o que facemos. ¡Pois tremendo paripé evitar que paguen a modo de peaxe as novas actuacións da AP-9! ¡Tremendo paripé evitar que os galegos paguen 7 millóns de euros anuais con cargo anual aos orzamentos da Xunta de Galicia, unha subvención dunha autoestrada de titularidade estatal! ¡Tremendo paripé evitar que se pague iso!. E ¡tremenda incompetencia! Comprenderá vostede, que non o podo admitir. ¡E tamén tremendo paripe que puxeramos enriba da mesa a supresión da peaxe de Vigo-Redondela! ¡Tremendo paripé!

E Andalucía dende logo que non pensa que é un paripé. Andalucía saberá vostede que pide o mesmo trato e o privilexio que estamos a ter en Galicia co Ministerio de Fomento. Polo tanto, paripés, dende logo, por parte do Goberno galego, ningún, e incompetencia, ningunha.

A peaxe de Redondela debeu ser paripé cando vostedes votaron aquí que si que hai que suprimir a peaxe de Redondela. Iso debeu ser un paripé.

En calquera caso, nós, dende o Goberno galego, conseguimos que eses 7 millóns de euros non se paguen anualmente e que os aforren os galegos, e por suposto que damos cumprimento aos acordos parlamentarios que se aprobaron en relación coa AP-9 e en relación coas cuestións que se comentan aquí. Levamos eses asuntos á comisión sobre a AP-9, e nesa primeira xuntanza xa puxemos enriba da mesa as medidas para paliar o impacto do ruído en Redondela. Tamén o treito urbano na AP-9 na cidade de Vigo. E, por certo, o Concello de Vigo agardamos e seguimos á espera de que realice ese traballo técnico que debe facer como actuación que é de tráfico local e de urbanismo local, para seguir falando.

Polo tanto, celebramos tamén xuntanzas hai pouco máis dun mes en relación coas obras da AP-9, como dixen, para que sexan con cargo aos orzamentos do Estado; dende logo, non coma outros, que dicían que eran unha navallada. En calquera caso, eu preguntome, a ausencia de onte para que non se fixera a AC-57, que é unha alternativa á liberación da peaxe da AP-9, ¿a que veu a conto pola súa parte? Preguntome eu. (*O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.*)

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Interpelación de D^a María de la Concepción Burgo López e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia para acadar a igualdade entre homes e mulleres nos ámbitos da ciencia, a tecnoloxía, a investigación e a innovación

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías. Moi bos días, señor conselleiro.

Como vostede sabe, o 11 de febreiro celebrouse por segundo ano consecutivo o Día das Mulleres e das Nenas na Ciencia, unha conmemoración proclamada pola ONU con obxecto de dar visibilidade a todas as desigualdades que aínda se están mantendo no ámbito da ciencia, da investigación e da innovación, e afirmar, ademais, as necesidades de impulsar o acceso e a participación das mulleres en todo o ámbito científico.

A Unión Europea realmente leva xa máis de vinte anos clamando e chamando a atención sobre estas desigualdades, pero aínda agora é necesario seguir chamando a atención.

Como vostede tamén sabe, o informe ETAN, que é o primeiro que fixo unha análise moi pormenorizada destas desigualdades en mulleres e homes na ciencia, constatou en 2001 esta realidade, cunhas características que vinte anos despois practicamente non se modificaron; simplemente se modificou levemente o aumento da participación da muller, pero nas características non houbo ningunha modificación.

Basicamente, as conclusións deste informe representáronse nun gráfico en tesoira. Nos primeiros pasos do mundo científico as mulleres son maioría, para cruzarse as liñas na metade da carreira científica, e os niveis medios e altos xa comezan a separarse e son unha absoluta maioría de homes e minoría de mulleres. É o que se coñece como unha «segregación vertical».

O estudo de científicas, en cifras de 2015, feito polo Ministerio de Economía, segue marcando esa segregación, e dános, ademais, as citas que comproban, que marcan e que proban esa segregación.

No momento de entrada nas universidades españolas e tamén galegas, a muller é maioritaria, bastante máis do 50 % nestes momentos. Os mellores expedientes, por certo, soen ser das mulleres. Son tamén maioría nunha gran cantidade de áreas científicas, non en todas elas, pero en graduados. E conseguimos que agora en moitas áreas científicas sexan maioría tamén o número de teses de doutoramento femininas. Precisamente por iso conseguen un número maior en moitas áreas tamén de axudas pre e posdoutorais.

Ata aquí está ben a situación; é máis, máis que ben, porque os científicos, neste estudo de científicos en cifras, marcan un 58 % de presenza feminina nos primeiros momentos da ca-

reira —nos primeiros—. ¿Pero como termina a situación cando chegamos a unha consolidación da carreira feminina? Con que o 25 % son mulleres e o 75 % son homes. Perdéronse unha gran cantidade de mulleres polo camiño.

Hai moitos máis datos, como vostede estou segura de que coñece. Na USC soamente o 23 % dos grupos de investigación son liderados por mulleres. As mulleres con esta situación non chegan a postos de responsabilidade, practicamente non hai reitoras. Soamente o CSIC, soamente un órgano de investigación público estatal, está dirixido por unha muller, e hai soamente dous meses. Houbo 18 directores antes. Por iso, o número das mulleres que forman parte da carreira científica, sendo maioría ao comezo, son soamente do 39 % da comunidade científica no ámbito público —falamos do ámbito público—.

Pero aquí hai un feito moi importante, señor conselleiro: que este dato do 39 % non se modificou, non creceu, non houbo cambios nos últimos dez anos. Isto quere dicir que estamos a nivel español —despois falaremos do galego—, no mundo español, absolutamente paralizados, e isto supón que imos ter que asumir 30 ou 40 anos máis —está contabilizado— para chegar á igualdade de mulleres e homes na ciencia con estes datos.

Hai un teito de cristal claro nestas actividades que é necesario superar, pero tamén hai unha segregación horizontal —vostedes sábeno— que sofren as mulleres. As mulleres concéntranse en áreas científicas de ciencias humanísticas, xurídicas e da saúde —tamén da saúde, que xa son clara maioría—, pero, iso si, non temos a mulleres dirixindo hospitais, ¡eh! Aquí tamén hai esa brecha de xénero. Pero, en fin, si que son maioritarias practicamente... Estou falando de que a nivel galego creo que non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Bueno, pois, moi ben, hai unha. ¿Fronte a cantos homes, por favor? (*Aplausos.*) Digan as cifras, porque, claro, ¡se unha muller lles serve para dicir que non hai brecha científica, pois, claro, temos todo arranxado!

Estarán de acordo, de todas maneiras, estou segura, tamén as mulleres do Partido Popular en que as nenas e as xoves se dirixen fundamentalmente a áreas de ciencias humanísticas, áreas xurídicas e da saúde; pero, en cambio, hai pouca presenza en estudos experimentais e tecnolóxicos: no SUG —no Sistema universitario galego—, soamente o 24,5 %, e hai titulacións como as enxeñerías informáticas que soamente son o 13 % —soamente—. Pero, ademais tamén, señor conselleiro, nisto imos para atrás, porque no ano 2005 nas áreas experimentais eran o 36,4 % as mulleres, e descendemos. E, como vostede sabe, aquí está o futuro realmente dos postos de traballo nos anos vindeiros.

Para cubrir todas estas brechas —que, por certo, o ordena tamén a Unión Europea— no Goberno de coalición do PSOE e do BNG puxemos en marcha a Unidade de Muller e Ciencia no ano 2007, despois dunha aprobación por unanimidade aquí desa construción; unha Unidade de Muller e Ciencia que tiña que ser a bandeira de todas estas políticas e que ía levar —e levou nos anos primeiros— unhas políticas para aumentar o número de mulleres no mundo científico e integrou a perspectiva de xénero nos procesos de I+D+i, ademais de realizar informes e avaliacións. Aquí estaba esta unidade de xénero, e estaban tamén os departamentos de igualdade, pero tamén de innovación, pero tamén de investigación e xestión de I+D. ¿Sabe vostede —porque non depende de vostede; eu non sei se vostede o sabe— que esta unidade está absoluta-

mente paralizada? ¿Sabe vostede que na páxina web as noticias son de 2009? (A señora Burgo López amosa unha páxina.) ¡2009, señor conselleiro! Isto está conxelado no tempo. ¿Pero sabe vostede tamén que a súa consellería, a Consellería de Educación, ademais da de Igualdade, remiten aí un enlace que remite a isto, onde a última noticia é de 2009? Isto a verdade xa é un elemento moi gráfico do que está pasando coas políticas de muller e ciencia neste goberno presidido polo señor Feijóo: que non se está facendo absolutamente nada, cando era o núcleo vital.

Esta unidade fixo un Programa de muller e ciencia 2008-2012. Terminaba no 2012; non foi avaliado. ¿Sabe vostede cando fixeron vostedes, o seu goberno, o segundo? No ano 2016, presentouse en decembro de 2016; polo tanto, no 2017; tardaron máis de catro anos en facer un novo. Pero espero que saiba vostede tamén —quédame pouco tempo— que na Axencia Galega de Innovación —que depende de vostede—, que presenta doce obxectivos na súa páxina web, non hai nin un só sobre a perspectiva de xénero, non hai ningún obxectivo para eliminar os desequilibrios e nada para incrementar a presenza das mulleres no ámbito da innovación; é máis, non existe nin a palabra muller, non estamos presentes. Claro, se non estamos presentes, pouco se pode facer.

Pero, señor conselleiro, na RIS3, na Estratexia de especialización intelixente, ¿sabe vostede cantas veces se nomea a palabra equidade? ¡Cero! ¿Cantas a de igualdade? ¡Cero! ¿Cantas a de muller? ¡Unha!, para dicir que Europa obriga a que a muller teña presenza, e punto. Non hai ningún obxectivo estratéxico, non hai ningún fin nin proxecto, nin se marcan accións para aumentar o número de presenza das mulleres na innovación, nin no ámbito privado nin no ámbito público. Porque tamén deberíamos de falar —e moito, señor conselleiro— do ámbito privado, onde as condicións son aínda peores que as do ámbito público. E son consciente, pero haberá algo que facer.

O mesmo podemos dicir da Amtega. Eu mirei as memorias de actividade da Amtega e, a verdade, en 2016 e nun rápido vistazo, non vin nada, absolutamente nada de igualdade. Vostede sabe —e remato, señor conselleiro— que se non hai políticas transversais, se non se citan, se non hai proxectos en torno á muller, se non están explicitados nos plans e nas institucións que levan I+D, todos os programas de I+D, non existen, porque sabe vostede, señor conselleiro, perfectamente que o que non se explicita, o que non está escrito, non existe. E iso, con sinceridade, creo, señor conselleiro, que ten que rematar.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Burgo, eu agradézolle que, efectivamente, un día como hoxe, nun pleno no día anterior ao Día Internacional da Muller, poidamos abordar cal é a situación da participación da muller no

eido científico; un eido moi importante non só dende o punto de vista cuantitativo senón tamén dende o punto de vista cualitativo pola vinculación coa ciencia e no que, polo tanto, dalgunha forma, se marca un obxectivo común no que a igualdade se converte nunha prioridade para todos, para os grupos políticos, para a sociedade á que representamos e, loxicamente tamén, para este goberno; un goberno que está traballando día a día para que o xénero non sexa un condicionante e tamén para que as mulleres teñan unha oportunidade laboral que sexa libre, que sexa equitativa e que sexa digna. Creo que aí é onde nos temos que desenvolver.

Efectivamente, vostede traslada diferentes datos publicados nas estatísticas que reflicten unha realidade, pero, loxicamente, hai unha realidade que é moito máis ampla. Se nos remitimos aos datos, temos que ver que hoxe a afiliación de mulleres é maior que no ano 2009, que o peso incluso da afiliación feminina en Galicia é o maior de todas as comunidades autónomas e que, en definitiva, temos avanzado durante os últimos anos na integración laboral das mulleres, aínda que en ningún caso nos podemos conformar e, polo tanto, temos que abordar unha realidade para seguir avanzando nesa integración laboral e para que, polo tanto, poidamos impulsar unha liña de actuación para que a igualdade entre homes e mulleres sexa total.

Aí —como dicía— a Xunta de Galicia leva traballando moitos anos —non esta Xunta de Galicia—, máis de vinte e cinco anos, impulsando a igualdade de xénero e o emprego dentro das mulleres, e o que eu lle podo trasladar son feitos. Efectivamente, este goberno reforzou a discriminación positiva nas políticas activas de emprego, facilitando a integración laboral das mulleres en Galicia. E este goberno, tamén a través do programa Emprega en feminino, está dándolle un novo pulo a diferentes propostas no eido do mercado laboral en xeral, e no eido científico en particular, facilitando a incorporación do mercado laboral, o desenvolvemento profesional das mulleres, a igualdade na empresa e tamén o emprendemento feminino.

Aquí hai moitas iniciativas que están favorecendo a integración da muller na ciencia e no mercado laboral no seu conxunto, por exemplo, a través da conciliación por maternidade ou paternidade das persoas autónomas, que, no ano 2017, melloramos, ampliando en 16 semanas a bonificación do 100 % da cota da Seguridade Social da persoa contratada e, polo tanto, a daquelas mulleres que se dedican tamén no eido científico dende o punto de vista autónomo. Estamos apoiando os programas integrados de emprego, e hai programas integrados especificamente dirixidos ás mulleres. Estamos cunha nova edición do programa Executivas, para impulsar as habilidades directivas entre as profesionais galegas, como tamén estamos promovendo a igualdade, a conciliación e a responsabilidade social e empresarial nas pequenas e medianas empresas para que, efectivamente, nese eido, tamén haxa un pulo importante para favorecer a integración laboral das mulleres.

Estase elaborando, como ben sabe, un estudo dentro da Comisión de Igualdade do Consello Galego de Relacións Laborais para abordar medidas que permitan a igualdade retributiva. E, finalmente, estamos elaborando unha nova guía de boas prácticas da igualdade na negociación colectiva que permita establecer recomendacións que van dende o acceso ao emprego ata a promoción profesional.

En definitiva, todas estas son medidas concretas, medidas que están favorecendo a integración laboral da muller e, polo tanto, impulsando a igualdade entre a muller e o home dentro do mercado laboral. Entendemos que son medidas útiles.

Vostede trasladábame na súa intervención diferentes aspectos que eu creo que é importante matizar. Referíase á Axencia Galega de Innovación e referíase tamén a aspectos de visibilidade dentro da páxina web da Xunta de Galicia. É certo que pode haber algún elemento que non estea favorecendo suficientemente a visibilidade, que haberá que corrixir, non llo oculto, pero, como ben sabe, tamén á sede parlamentaria se están traendo iniciativas concretas que se están plasmando con actuacións concretas dende o punto de vista do eido científico, e refírome de forma concreta —tal como vostede trasladaba na súa intervención— á Axencia Galega de Innovación, que conta con medidas propias de fomento da participación feminina. Como sabe, temos criterios de discriminación positiva dentro da Axencia Galega de Innovación, tanto na convocatoria de axudas á etapa predoutoral e posdoutoral, como tamén en convocatorias específicas dentro do Conecta Peme, do programa Industria 4.0. e dentro do programa Principia, que vai dirixido á contratación de profesionais para a realización de actividades de I+D+i; polo tanto, actividades vinculadas á investigación e á ciencia. E tamén hai esa discriminación positiva en todos os programas que desenvolve a Axencia Galega de Innovación. Cremos que é un aspecto importante. Tamén aludía vostede ao Programa galego de muller e ciencia, ao que, efectivamente, lle estamos dando continuidade.

Polo tanto, estamos avanzando nese compromiso da Xunta de Galicia para promover a igualdade real nos ámbitos da ciencia, da tecnoloxía e da innovación, cun horizonte 2020, que é o que marca o programa actual, e onde a xestión do talento, sen dúbida, é un dos elementos máis importantes, eliminando as diferenzas de xénero e, polo tanto, para que a excelencia non veña marcada por ningún tipo de segmentación vertical, senón que, todo o contrario, permita que non haxa diferenzas.

Creo que aí hai que poñer tamén datos en valor que son consecuencia das actuacións que se veñen levando a cabo por parte da Xunta de Galicia. Efectivamente, Galicia está entre as comunidades que xa alcanzaron ese equilibrio de xénero no conxunto do persoal en actividades de I+D, cunha proporción de mulleres que supera a media nacional. E tamén sabe que o 60 % das persoas que traballan en I+D na Administración pública son mulleres, que son 9 puntos máis que a media de España. Polo tanto, Galicia está tendo un comportamento positivo —hai que melloralo, e nese sentido creo que aí é onde temos que centrar o debate— dende o punto de vista dos resultados. Incluso dentro dos datos que vostede trasladaba da participación da muller nos diferentes eidos, desde o punto de vista sectorial, tamén Galicia ten un mellor comportamento que a media de España e, polo tanto, aí estamos demostrando que, efectivamente, Galicia ten claro cal é ese obxectivo para mellorar a participación da muller tamén na ciencia.

E xa que falaba da Axencia Galega de Innovación, teño que remitirme ao Plan Galicia Innova 2020, que tiven a ocasión de presentalo recentemente. Nese plan márcase claramente eponse o acento na igualdade de xénero e na promoción da muller como principio transversal. Iso está recollido no Plan Galicia Innova 2020. Polo tanto, imos darlle continuidade a todas as iniciativas e imos favorecendo esa igualdade de xénero no eido da innovación, de forma particular, e no eido tamén da I+D, de forma concreta.

En definitiva, creo que este goberno está favorecendo e está impulsando a igualdade entre homes e mulleres no eido laboral, pero tamén nomeadamente no eido da I+D+i e, polo tanto, no eido científico, no eido tecnolóxico, no eido da ciencia e no eido da innovación. Coincidimos en que todas estas medidas teñen que ter un carácter transversal; polo tanto, este obxectivo ten que estar enmarcado en todas as políticas da Xunta de Galicia.

Eu referinme esta mañá nomeadamente á Consellería de Economía, Emprego e Industria, pero, loxicamente, a visión do Goberno é transversal e, polo tanto, nos outros departamentos tamén se está traballando nesa dirección. Temos que sumar novas propostas para mellorar o que Galicia ten mellorado nos últimos anos, pero, honestamente, creo que hai unha planificación, que hai medidas concretas e que hai realidades que nos están marcando que imos na dirección correcta e que, polo tanto, temos que seguir impulsando, a través das diferentes iniciativas, novas medidas que nos permitan traballar nesta igualdade de xénero.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, vostede fundamentalmente falou do seu departamento de emprego e de que hai unha maior integración de mulleres. Eu non dubido das intencións de ir cara aí, en absoluto, pero quero darlle un dato global, como vostede falou globalmente, primeiro, non de I+D; en conxunto, que agora falou de I+D. Mire, en Galicia hai 30.000 homes a tempo parcial e hai 110.000 mulleres a tempo parcial. Iso quere dicir que hai moito máis que facer e que integrar, e que esas políticas das que vostede fala non teñen, dende logo, uns resultados acaídos.

Pero se falamos do emprego, que di vostede que hai unha maioría de mulleres na Administración, dentro da Administración, nos eidos de I+D, eu dígolle que si, é certo, pero hai que saber —por iso eu falaba de segregación vertical— cantas mulleres hai nos niveis laborais máis altos. ¿Ou están todas —porque o están, e así o reflicten todas as enquisas tanto do IGE como do INE— nos postos máis baixos e menos cualificados? Iso é o que eu quería transmitirle, señor conselleiro, que hai unha brecha nun ámbito moi concreto, que é un ámbito fundamental para traballar nel, porque son ámbitos onde está realmente o futuro, e se queremos ter unha sociedade do coñecemento competitiva non podemos apartar a maior parte do seu persoal cualificado, que son as mulleres. E digo a maior parte porque son as que máis se están formando. Ese teito de cristal vostedes non o están rompendo.

Pero dígolle máis, señor conselleiro, as cifras indican o seguinte. A crise fixo mella fundamentalmente no emprego feminino cualificado, no emprego feminino de investigación, de innovación e de tecnoloxía. E dígolle por que: porque as cifras do INE indican que baixaron dentro do colectivo de mulleres investigadoras nas universidades galegas; as mulleres descendieron un 16 % nos últimos sete anos, ¡un 16 %!, cinco veces máis do que se produciu en España —¡cinco veces máis, señor conselleiro!, datos do INE—. Temos unha brecha con res-

pecto tamén a España moi elevada. Pero, ademais, tamén na Administración pública e no SUG descendeu todo o persoal un 17 % —datos do IGE, podo darllos tamén desagregados e en números absolutos, do 2010-2016, que os teño aquí—. Deste 17 % que caeron a maior parte son mulleres, porque sabe vostede que en situacións de crise son as mulleres as que son máis castigadas.

Vostede non me dixo practicamente nada de todo o plan e dos programas de muller e ciencia. Porque é certo, teñen que ser transversais, vostede non é o responsable, pero se o seu departamento de Innovación e de Emprego estivera realmente comprometido cos programas de muller e ciencia, vostede podería dicirme algo, polo menos do que fai vostede, cousa que non me dixo en torno ao Programa de muller e ciencia, porque ese programa, que tiña que ser transversal, que tiña que ser o que unificara todas as políticas dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, non está mellorando. E dígolle máis tamén, señor conselleiro: sabe vostede que hai que ter políticas positivas para impulsar que as mulleres entren no mundo laboral de I+D, pero tamén para que permanezan, e iso significa cambiar, analizar, para despois corrixir todos os mecanismos de avaliación que están prexudicando a muller. E vostede sabe que están prexudicando a muller por situacións fundamentalmente de maternidade, de coidado da familia e de roles que se consideran aínda propiamente femininos. A maternidade está estatisticamente probado que non prexudica os científicos varóns, pero si que está prexudicando as científicas mulleres. E eses son elementos que hai que transformar. ¿Vostede ten algunha política en torno a esa situación? Non.

E dígolle tamén outra cousa —e remato, porque xa non me queda tempo—. Vostede di que hai un impulso positivo e medidas para impulsar positivamente a integración de mulleres, e imaxino que se refire a todo o proceso de axudas ás unidades competitivas de investigación, grupos emerxentes... Vostede non o dixo, vou dicirlllo eu. ¿Que significa?, ¿en que consiste iso? En dar un punto máis ás unidades de investigación consolidadas que están lideradas por mulleres. Antes, no anterior Goberno, había 1 punto sobre 100 —que non se revolucionen os homes, que non é unha discriminación positiva a favor das mulleres—, pero antes había unha axuda e unha maior puntuación para as unidades, para os grupos de investigación...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BURGO LÓPEZ: ...—remato— que tiñan unha proporción relativa importante de mulleres. Iso é máis importante agora mesmo que o liderado feminino dun grupo de investigación. É máis importante impulsar, axudar os grupos que relativamente, en peso relativo, teñen moitas...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BURGO LÓPEZ: ...ou un número importante de mulleres.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora BURGO LÓPEZ: Esas son políticas concretas que hai que levar á práctica, señor conselleiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora Burgo.

Peche desta interpelación, señor conselleiro de Economía e Emprego.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Burgo, efectivamente, hai diferentes ámbitos que tocou na súa intervención que eu vou intentar contrastar.

Primeiro facíase referencia nalgunhas intervencións á presenza da muller en ámbitos de responsabilidade. Eu pódolle dicir que no eido da innovación e no eido do emprego as responsables do Goberno son mulleres e, polo tanto, cunha clara sensibilidade a todos os aspectos vinculados coa igualdade de xénero e coa igualdade de oportunidades do home e da muller, nomeadamente tamén no eido da innovación.

Falábame vostede, efectivamente, da porcentaxe de persoal investigador cando na súa carreira profesional chegan a catedrático ou a profesor de investigación, que son aspectos importantes. Creo que é importante recoñecer que a porcentaxe é aínda insuficiente porque estamos nun 25 %, pero hai que recoñecer que estamos catro puntos por riba da media española e que, polo tanto, coa presenza de investigadores cualificados mulleres no eido da investigación e no eido tamén de catedráticos de universidade, estamos superando a media de España. Polo tanto, dalgunha forma, Galicia si está dando esas respostas.

Falábame vostede da Axencia Galega da Innovación e das medidas que, efectivamente, se establecen para favorecer a carreira profesional da muller. Eu creo que é bo recordar nesta Cámara que todos os investigadores e as investigadoras galegas que participan tanto en programas posdoutorais como predoutorais teñen, xa sexan nais ou pais, ben incrementado o seu prazo de contrato en función do período que teñen de baixa, que, polo tanto, hai unha medida clara de sensibilidade para poder atender unha realidade que lle pode ocorrer tanto á nai como ao pai e que, polo tanto, hai unha discriminación positiva claramente para favorecer esa igualdade.

Polo tanto, hai medidas concretas e creo que hai que poñer enriba da mesa os datos en materia de innovación e en materia de maior cualificación das nosas empresas. Hoxe en Galicia hai máis mulleres traballando en actividades de I+D no sector das empresas. Esa é unha realidade que contrasta, precisamente, con que en España teñen diminuído dende o ano 2009. Hoxe en Galicia máis do 60 % das ocupacións técnicas e profesionais de contido científico tamén son de mulleres, e ademais sono catro puntos por riba da media nacional. Hoxe en Galicia temos 12.300 mulleres en postos de dirección e de xerencia, que supoñen 2.600 máis que hai cinco anos. Esa tamén é unha realidade en Galicia. E hoxe en Galicia o 28 % das empresas teñen un 40 % de mulleres no seu consello de administración, que son dous puntos máis que a media do Estado. Polo tanto, Galicia creo que está dando respostas na dirección que todos queremos.

Falábame vostede tamén do Programa galego de muller e ciencia, un programa que vostedes tardaron tres anos en aprobar, ¿recorda? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Porque

o plantexaron no ano 2005 e aprobárono no ano 2008. En calquera caso, estanse desenvolvendo as diferentes medidas que alí se contemplaron, como a Unidade de Muller e Ciencia, á que nós seguimos dándolle continuidade. Estamos facendo programas tamén a través de Galiciencia —que coñece—, traballando coas aulas de Tecnópole e promovendo as vocacións científicas e innovadoras entre os alumnados e, nomeadamente, entre as mulleres. E a Axencia Galega de Innovación, efectivamente, ten programas como o programa Oportunius, o programa Inicia ou as unidades mixtas de innovación, que están a promover o I+D+i tamén entre as nosas investigadoras, introducindo elementos de discriminación.

Todo isto é parte do actual Programa galego de muller e ciencia 2016-2020, onde hai un compromiso claro para implicar o Sistema galego de ciencia e tecnoloxía, onde estamos baixo a coordinación da Unidade de Muller e Ciencia e onde estamos traballando tanto a Consellería de Educación, de Economía, como a Secretaría Xeral de Igualdade e a propia Amtega. E, como lles trasladou o presidente esta mañá, estamos dispostos a presentar ese plan de igualdade da Administración xeral da Comunidade Autónoma, que entendemos que tamén ten que dar unha resposta concreta, a través dos diferentes grupos de traballo, a respostas no eido da investigación, da tecnoloxía e da ciencia.

Polo tanto, creo que estamos no camiño para desenvolver ese potencial. Temos que participar todos os grupos políticos e, dende logo, o Goberno, tomando a iniciativa para que, efectivamente, esa igualdade das mulleres en Galicia no eido da ciencia, da tecnoloxía e da innovación sexa unha realidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Modificación no desenvolvemento da orde do día

O señor PRESIDENTE: Teño que comunicar unha alteración na orde do día. Foi aprazada, por unha solicitude do Goberno, a pregunta que figura en quinto lugar, que é unha pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Suspendemos o pleno ata as catro da tarde, 16 horas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, ás 16 horas. Está todo programado xa. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ás dezaseis! ¡Son as dúas e vinte, por favor! ¡Tampouco fixemos tanto consumo enerxético hoxe aquí, digo eu! *(Murmurios.)* ¡Toda a mañá sentados!

Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e oito minutos da tarde e retómase as catro.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión.

Interpelación de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. Marcos Cal Ogando, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de xénero

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Antes de falar propiamente da interpelación, creo é importante facer unha breve reflexión sobre o que aconteceu esta mañá no Pleno, que eu diría, en resumo, que foi bastante lamentable. Por iso, eu penso que cando falamos de igualdade hai que falar con claridade. Penso que en vez de apelar dunha maneira abstracta ao consenso ao que deberamos apelar todos os grupos parlamentarios é a dar un debate, como dicía, con claridade e de maneira sincera, se non, moi dificilmente poderemos avanzar.

De feito, penso que se algo está tendo de bo esta folga feminista e este colocar no centro do debate e da axenda política todos estes debates que antes estaban en espazos moito máis reducidos é que está visibilizando dunha maneira clara que opina cadaquén, onde está e de que lado está cadaquén. E, por desgraza, eu teño que dicir que por moitas apelacións que se fagan ao consenso, nesta Cámara non estamos todas e todos do mesmo lado.

E fago estas afirmacións despois de escoitar as declaracións feitas ao longo destes días, destas semanas, pero sobre todo tamén despois de escoitar as declaracións de hoxe mesmo. Porque se fixeron algunhas afirmacións que eu penso que son moi graves, supoño que algunha por un lapsus. Ás veces o subconsciente produce estas malas pasadas. A señora Prado dixo que as mulleres de En Marea falabamos de igualdade, de cuestións menores, que visibilizabamos que só podíamos falar de cuestións menores. Si, dixo iso, e, como está no *Diario de Sesións*, non vou entrar neste debate con vostede.

Parécenos, obviamente, que non imos ter nada que ver con persoas que pensan que a igualdade é unha cuestión menor. Para nós é unha cuestión que debe estar no centro da axenda política todo o ano, os 365 do ano, e, obviamente, nestas datas, é especialmente simbólico facer estas iniciativas de igualdade, pero estas iniciativas están presentes no noso grupo parlamentario durante todo o ano.

Como dicía, non son só os comentarios que se están escoitando en relación coa folga feminista os que nos fan ver que non estamos de acordo en moitas cuestións, é que recentemente quedou moi claro tamén, por exemplo —e hoxe mesmo se falaba del—, co Pacto do Estado aprobado no Congreso dos Deputados, que é un pacto no que a literatura está moi ben —e faltan algunhas cuestións nas que pon aí, por suposto, que concordamos—, pero o problema é o de sempre, que non hai dotación orzamentaria. Por iso nós nos negamos no Congreso e tamén nos negamos neste Parlamento a seguir alimentando o falso espello da igualdade e a que se diga que se está facendo absolutamente todo o que se pode facer, porque é mentira. Non se está facendo todo o que debería facerse, pódese facer moitísimo máis. Por iso, volvemos repetir que a apelación á non confrontación nos parece moi cínica, despois de escoitar toda esta serie de insultos, toda esta serie de argumentos que cada vez foron máis agresivos por parte de dirixentes do Partido Popular. Por suposto que hai conflito porque por suposto que non defendemos os mesmos intereses.

E, de feito, vou falar brevemente tamén dalgúns dos argumentos que se foron escoitando ao longo destes días, que son totalmente falsos e aos que creo que é importante tamén responder. O primeiro é que esta folga parte de cero e que é unha folga para desgastar o Partido

Popular. Isto é totalmente falso. É unha folga internacional, xa se lles dixo. Obviamente, o movemento feminista ou as organizacións políticas do Parlamento non temos a capacidade de traccionar todo o movemento feminista internacional para que convoque unha folga para molestar o Partido Popular.

É unha folga, ademais, que ten antecedentes fóra, como dicía —en América latina comezou este proceso—, que tamén ten antecedentes de mobilizacións de mulleres, como o 7 de novembro, como tamén todas as mobilizacións pola defensa do dereito ao aborto, e que nunca nin son patrimonio de ningunha organización política nin son grazas a ningunha organización política. E isto que quede moi claro. O único e as únicas que defenden a igualdade e o movemento feminista son as mulleres. Por iso, non utilicen este argumento para desprestixiar o propio movemento, que está cuestionando o falso espellismo da desigualdade.

Eu penso que están poñendo tantos esforzos en deslexitimar esta folga e este movemento porque saben que estamos nun momento histórico. O domingo vímolos en Vigo, e ademais mañá estou segura de que imos ver moitísima xente na rúa, de que vai ser un éxito rotundo, e creo que toca saudar, celebrar este movemento e non críticoalo.

Pero, en realidade, entendemos que non o compartan porque esta folga veu cuestionar moitas das políticas públicas que están levándose a cabo nos últimos anos por parte de gobernos do Partido Popular, e ten unha potencia esta folga, que é que consegue visibilizar todas as discriminacións en todos os ámbitos.

Tamén mentían dicindo que esta folga era unha folga machista e unha folga insolidaria. O movemento feminista soubo reinventar o que é a propia idea da folga e hai moitas opcións de facer esta folga mañá. Apélase a que os coidados se socialicen, e vai haber puntos de coidados comunitarios para as mulleres que son coidadoras. E as mulleres que non poidan parar tamén teñen outras maneiras de amosar a solidariedade. Por iso, o que é profundamente machista é facer eses discursos totalmente paternalistas coas mulleres que deciden mañá parar.

E agora, por centrarme un pouco máis nunha das formas de discriminación que tamén centra esta interpelación e que cremos que está moi normalizada é falar das agresións sexuais e de todas as violencias sexuais. Eu entendo que esta é unha cuestión específica, pero tamén quería pór o marco xeral de que cando falamos de todo tipo de agresións sexuais non podemos desligalas do marco xeral das violencias machistas. Hai algúns datos —non vou dicir moitos, xa están na interpelación reflectidos, e coñecemos todos— que nos deixan de manifesto a situación de gravidade. Cada ano medio cento de mulleres son violadas en Galicia, case unha por semana —das que coñecemos, porque seguramente haxa moitas máis que aínda non coñecemos—, e tamén sabemos que as violacións son o delito que máis aumenta en Galicia.

Como dicía, non vou centrarme nos datos, porque estas son estatísticas que poden ser coñecidas por todas nós, pero o que se reflicte detrás desas estatísticas é a situación que viven moitas mulleres de medo, de inseguridade e das que viven este tipo de acosos constantemente. Estes datos cremos que se amparan na cultura da violación que está instaurada no noso país, e isto está moi relacionado tamén coa sexualidade e con como se entende que as mulleres e os homes temos unha sexualidade diferente. A muller aparece

como obxecto desexado e nunca como suxeito desexante. E iso está moi relacionado coa educación, por iso non entendemos como votaron en contra dunha iniciativa que presentamos en materia de educación e igualdade, porque para combater as agresións sexuais unha parte fundamental é empezar pola escola, por ensinar os nenos e as nenas o que significa a sexualidade e que non hai diferenzas e discriminacións entre os homes e as mulleres.

Porque a realidade é que, por desgraza, moitísimas mulleres neste país non son nin sequera quen de poder dicir que sufriron unha agresión e, de feito, poden ler relatos de moitas delas de como o sentimento posterior a unha agresión sexual é a culpa, a culpabilización primaria; secundaria, moitas veces, porque moitas mulleres, despois de dar o paso de denunciar, nin sequera se atreven a visibilizalo e a contalo e teñen que aguantar preguntas do tipo: ¿que roupa levabas?, ¿por que ías soa pola noite? Incluso cando vemos que hai agresións a mulleres que van varias xuntas, a pregunta é: ¿por que ían soas pola noite? Pois non, non vou soa, vou con tres, catro ou cinco amigas. Nunca xamais estas cuestións se lle dirían a un home, e isto non é, obviamente, nin froito da casualidade nin da xenética, senón dun modelo cultural que se está reproducindo cos modelos de educación.

Por iso, estamos totalmente en contra, por exemplo, de facer segregacións por sexos, porque tamén entendemos que ten unha relación directa sobre como os nenos e as nenas entenden que non poden estar xuntos con normalidade.

Nós entendemos que as administracións non están facendo o suficiente, nun primeiro caso, porque non están facendo as enquisas e as estatísticas que precisamos para coñecer, digamos, a situación na que nos atopamos. Hai moitos movementos de mulleres, como #MeToo —Eu tamén—, tamén o #PrimAcoso, que foi en Galicia, que en realidade son os que están visibilizando que magnitude do problema hai detrás de todos estes casos puntuais. As administracións non teñen estes datos contabilizados, senón que teñen que ser as propias mulleres, organizadas de maneira independente, as que poñen voz, as que poñen relatos diferentes de situacións dramáticas que padecemos só polo feito de ser mulleres.

Tamén se denuncia a violencia institucional, e temos que recordar unha campaña —que, por sorte, foi retirada— onde parecía que as mulleres que consumían alcohol tiñan o risco de ser violadas. Esta cuestión non deixa de ser un reflexo do interiorizado que teñen algunhas administracións a cultura da violación. Este é un cartel totalmente inaceptable, vergoñento e que, por desgraza, se produciu este ano pasado.

Como dicía, é moi difícil cuantificar o medo, pero temos que facelo, temos que pórilles estes datos a todas estas mulleres que teñen medo de camiñar soas pola rúa. Tamén temos que saber cantas mulleres non están denunciando, e sobre todo coñecer por que non o fan. Entón, as estatísticas numéricas de datos, de números abstractos, non chegan, senón que hai que facer unha análise cualitativa, porque moitas veces este tipo de agresións seguen vivíndose en soidade. E eu creo que esta folga tamén chega para visibilizar estas cuestións. O que pensabamos que nos ocorría por ter unhas características determinadas ocorrenos unicamente polo feito de ser mulleres e pola realidade estrutural que nos rodea.

Facémolle as preguntas. Eu espero que o discurso non sexa de autocompracencia. Cremos que non imos no bo camiño, que hai que facer autocrítica e que temos que cambiar as medidas que estamos pondo en marcha.

Vou rematando. Unicamente volvo incidir na folga feminista porque penso que vai ser un feito histórico, e que temos que seguir visibilizando todo o posible de aquí a mañá e mobilizámonos, porque sabemos que, por desgraza, os dereitos non se regalan nin se regalan neste Parlamento, os dereitos conquístanse fóra.

E remato cunhas palabras que foron ditas hai moito tempo pero que seguen estando moi viventes e que creo que nos deberían guiar a todas e tamén a todos na nosa acción política, que é que non queremos máis unha falsa separación entre o privado e o público e que o persoal por suposto que é político.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Quinteiro, creo que o primeiro, dado que esta pregunta ou esta interpelación se centra —aínda que falou doutras cousas, e a iso me referirei— nas agresións sexuais principalmente, non creo que haxa maior agresión sexual que a violencia de xénero, sobre todo cando ten resultado de morte. Polo tanto, eu creo que vou empezar recordando a Jennifer, a Pilar e a Adela, que son as tres mulleres que morreron vítimas de violencia de xénero este ano en España, e desexando que non haxa ningunha máis. Creo que é oportuno sempre, e especialmente, dende logo, en nome da Xunta de Galicia, o fago e o faremos sempre.

A partir de aí quero dicirlle, señora Quinteiro, que eu traía, a verdade, respostas, como é a miña obriga, ás preguntas que vostede facía na súa interpelación, pero non puideron evitar quedar con algunha manifestación que vostede dixo ao principio.

Decía que viña falar con claridade da igualdade. Vale, con claridade, sempre que haxa que aceptar cousas como a que vostede dixo, o falso espello da igualdade: ¿onde?, ¿sempre?, ¿casualmente? No lado axeitado do reflexo están vostedes e no lado escuro sempre estamos nós. Esa é a súa visión de como está a situación.

E dicíame que esperaba que as miñas respostas, as respostas do Goberno galego, non foran de autocompracencia. Eu, ¿que quere que lle diga? O discurso de autocompracencia a respecto do claro que o teñen vostedes, do ben que o están facendo en materia de igualdade, de accións a prol da igualdade e do mal que o estamos facendo nós, iso si que é un discurso de

autocompracencia, erróneo pola súa parte, porque cren que todo o fan ben e cren que nós todo o facemos mal. E mire, voulle dicir unha cousa: nós todo non o facemos ben, por suposto, que hai que seguir mellorando, pero agora tamén lle digo que a súa visión de bos e malos, onde vostedes sempre son os bos e nós sempre somos os malos iso é o que nunca axudará a chegar a unha verdadeira igualdade, porque isto é algo que importa e afecta a todos, señora Quinteiro.

Señores de En Marea, de verdade, eu voulle dicir que estamos de acordo en moitas cousas, polo menos na diagnose da situación e en estar en contra de moitísimas cousas que pasan e que non deberían pasar. Seguro que a vostedes non lles gusta, e mesmo lles arrepía dicir que coincidimos en moitas cousas, que non nos gustan as mesmas cousas que non lles gustan a vostedes. Claro, a partir de aí, vólvolle dicir: eu creo que todos temos moito que facer para que as cousas melloren, e dende logo eu non podo admitir nin que todo se fai mal dende o Goberno da Xunta de Galicia —nin dende os anteriores gobernos— nin que a súa visión sexa a axeitada e que todo se fai ben e que, polo tanto, por aí ten que seguir. Hai moitas mulleres que seguen sufrindo discriminacións, que seguen sufrindo acoso, que seguen sufrindo violencia por razón simplemente do seu xénero. Ademais, isto esténdese a todos os ámbitos da sociedade e, polo tanto, todos temos que facer un esforzo para reverter esta situación, totalmente de acordo. Esta é unha tarefa que temos que facer entre todas e todos.

Agora, o que non lle podo admitir —e, sobre todo, non llo podo admitir porque así non avanzaremos nunca— é que diga que non hai ningún camiño avanzado, que todo foi retroceso nestes anos, que estamos facendo as cousas exactamente para que cada vez haxa menos igualdade, que vostedes, vólvolles dicir, todo o fan ben, e que todo foi a peor nas decisións que dependen de nós, e mesmo que insinúe —porque eu creo que o insinúa na súa pregunta clarísimamente— que o incremento de delitos está relacionado coas políticas que fai o Partido Popular e que, claro, se fixeramos outras políticas, os delitos contra a liberdade sexual das mulleres non se incrementarían. Os culpables ao final somos nós. Iso, dende logo, non llo imos admitir, sobre todo, porque, primeiro, é unha absoluta inxustiza; segundo, non leva a ningunha parte; e, terceiro, non vai contribuír a ningunha solución.

Señora Quinteiro, estamos falando dun problema moi serio. Temos que solucionalo entre todos. Aquí non hai bos ou malos, non hai xente que milite nun partido ou milite noutro, xente que teña as verdades absolutas e outros que teñan os erros absolutos. Non os hai. E, mentres non admitamos iso, será moi difícil empezar a mellorar.

Vostede cita aquí casos concretos que son arrepiantes, fala incluso de cifras estatísticas. Decía na súa intervención que non quería falar de cifras. Pero creo que hai que falar de cifras para saber a situación na que estamos. Unha soa agresión sexual, un só delito contra a liberdade sexual das mulleres, é —seguro que nisto coincidimos tamén, e supoño que iso non a molestará— absolutamente inadmisibile.

Pero imos falar dos datos. Tamén é certo que, cando rexistrou a interpelación —e afortunadamente baixamos—, estábamos en Galicia por riba da media. Agora mesmo estamos por debaixo. ¿Iso quere dicir que xa podemos estar tranquilos? Nin moito menos. Quere dicir que, polo menos, cada vez que se ve unha foto, que se fai unha foto fixa, hai que tomar os

datos. Agora estamos mellor que no mes de novembro. Bueno, pois iso anímanos a seguir avanzando para que as estatísticas melloren cada vez máis e que as porcentaxes sexan mellores. A nivel nacional estamos no 7,8 % —case no 8 %— e en Galicia nun 5,8 %. Cando vostede fixo a pregunta, e recoñezoo así, en Galicia —eses datos van mudando e por iso este é un traballo inacabado sempre— estabamos peor que na media nacional.

En 2017 houbo 459 delitos que foron denunciados en Galicia desta índole. Son demasiados, sen ningunha dúbida. Tamén é certo que aquí hai que coller unha cousa con perspectiva: que haxa máis denuncias non quere dicir que haxa máis delitos. Oia, eu quero pensar que, sobre todo, isto quere dicir que as mulleres se ven con forza, con azos, con ánimos e con apoio suficiente para facer estas denuncias. Eu creo que isto é o que hai que facer. Ogallá se denunciara moitísimo máis. Este é o camiño e isto é o necesario.

Isto vese clarísimamente nas estatísticas de violencia de xénero, pero eu creo que se ve en calquera tipo de agresión sexual ás mulleres. Isto ao final quere dicir que a sensibilización funciona e que as vítimas se ven animadas a denunciar. E neste senso imos polo bo camiño. Ogallá —e dígoo aquí— que estas denuncias —seguro que tamén está de acordo— sigan aumentando ata que non quede un caso. Ese sería o obxectivo que todos tiñamos que marcar, que non quedara nin un só caso sen denunciar e, polo tanto, un só culpable sen castigar.

Doulle estas cifras porque un problema que é de enorme magnitude xa o sería cunha soa vítima. Imos saber exactamente do que estamos falando para saber que problema estamos enfrontando. E, a partir de aí, estar de acordo en que nin bos nin malos, senón todos unidos. Cada un terá a súa visión, pero vólvolle dicir —porque isto é fundamental e non é a primeira vez que o falamos desde este estrado— que neste aspecto ninguén ten nin certezas absolutas nin ninguén o está facendo absolutamente ben nin, por suposto, absolutamente mal.

Aquí en Galicia hai que dicir que hai políticas que nos sitúan á vangarda do Estado. E creo que por aí hai que seguir. Polo tanto, hai que incidir moito máis en todo o que se refire á formación da mocidade para evitar problemas que despois son moito máis difíciles de corrixir. Evitar que se repitan roles e estereotipos que se veñen repetindo, desgraciadamente, con moita máis frecuencia da que nos gustaría. Hai que sensibilizar moito máis a sociedade. E por iso son importantes as campañas e acertar nas campañas e no que se comunica. Hai que seguir co apoio e asesoramento, que as mulleres se sintan apoiadas e que sintan que, cando dan ese paso de denunciar, van ter o acompañamento de todo o mundo; da Administración o primeiro, pero de todo o mundo. E non ten que haber ningún partido que lles diga: «Non vaias falar con estes que disto non teñen nin idea e vante equivocarse, vén falar con nós, que nós sabemos todas as claves». Porque iso volvo dicir que non é certo en ningún caso, e dende ningún lado.

Hai que seguir promovendo a presenza feminina, ¡por suposto! Claro que hai un déficit, non hai máis que ver os cadros directivos das empresas e da Administración. Afortunadamente, na Xunta de Galicia temos estatísticas que, comparadas con outras administracións e comparadas con moitas empresas, son máis tranquilizadoras. Pero hai que seguir promovendo a presenza feminina nos centros de decisión e que haxa cada vez máis mulleres que, simplemente pola súa valía, estean onde teñen que estar. Non imos entrar en política de cotas, porque, dende logo, o Goberno galego non entra en ningún caso en política de cotas.

Dende logo, hai que falar tamén da conciliación e da corresponsabilidade. As tarefas de atender os fillos e fillas non é unha tarefa nin de homes nin de mulleres; dende logo, non é unha tarefa de mulleres nada máis, é unha tarefa daqueles que se corresponsabilizan en ter fillos e fillas. Polo tanto, imos seguir por aí. E dígollo porque, ao final, creo que unha sociedade máis igualitaria, sen ningunha dúbida, contribúe a minimizar as situacións como as que vostede describe na súa interpelación e como das que eu estou falando. Evitalas completamente vai ser imposible, pero, dende logo, si minimízasas.

Por tanto —teño unha segunda réplica aínda—, contéstolle ás preguntas da súa interpelación. Dime se imos rectificar. Oia, mire, rectificar rumbo, non. Porque non cremos que esteamos indo no mal rumbo, sinceramente. Cremos que hai que corrixir moitísimas cousas, por suposto. E para iso queremos recibir aportacións. Agora, non lle imos admitir —porque creo sinceramente que non é verdade— que vaiamos no rumbo absolutamente errado e, en ningún caso —o malo é que foi o que veu dar entender vostede—, que vostedes van no rumbo correcto, que están no lado do espello no que hai que estar e que nós estamos no lado escuro. Iso non é así, e esa visión non contribúe absolutamente a solucionar ningún problema e, dende logo, non contribúe en absoluto á igualdade.

Castiguemos as agresións contras as mulleres, sen ningunha dúbida, señora Quinteiro, sen ningunha dúbida. Non esquezamos que a violencia sexual, os abusos sexuais, o acoso sexual, son formas de violencia de xénero. Iso xa o temos claro, por fin, e así se contemplaba xa, por certo, na lei galega do 2007, do Bipartito —quero dicilo sen ningún problema—. Contemplábase xa, afortunadamente, e agora reflíctese tamén no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que na súa conformación moito tivo que ver o consenso que houbo neste Parlamento.

Polo tanto, eu remato a miña primeira intervención volvendo facer un chamamento a ese consenso.

Señora Quinteiro, como volva subir a esta tribuna, dígollo sinceramente, dicindo que... Non lle estou reñindo, estou intentando que solucionemos un problema. (*Murmurios.*) Señora Vilán, vostede como todo o ve —e isto ao final é o mesmo, porque nisto son todos iguais, aí si que hai igualdade entre vostedes— entendendo que vostedes teñen a verdade absoluta e nós non temos nin idea... Nós traballamos humildemente, e vostedes equivócanse en moitas cousas. O día en que o recoñezan, mellor nos irá a todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Rolda de réplica da señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

En ningún momento falamos da verdade absoluta. De feito, sorpréndeme a súa intervención, porque falamos moi pouco das medidas políticas polas que neste caso apostamos dende a oposición, só das medidas que presentamos de educación. Simplemente estamos recoñe-

cendo o esforzo de quen está marcando o camiño, do movemento feminista e das mulleres deste país, das mulleres feministas deste país. Pero non é ningún grupo da oposición. Volvo repetir que non cremos, ademais, que ningunha organización política teña a capacidade de facer todo isto. Quen o están facendo son as mulleres que están aí fóra.

O que pasa é que son vostedes os que non teñen ningún mínimo de autocrítica, nin entenden nin queren escoitar a todas esas mulleres que, por exemplo, saíron o domingo. É que non llelo di nin En Marea nin o Bloque nin o Partido Socialista, dínllelo todas as mulleres que se mobilizaron este domingo, dínllelo todas as mulleres que mañá van parar. Son a elas ás que non queren escoitar.

Por iso tamén me parece moi significativo que diga que falei de cousas que non teñen nada que ver, porque en realidade reflicte que sinceramente non entenden a vinculación existente entre as desigualdades. Non se pode facer esa separación mecánica. A folga feminista, de feito, está totalmente vinculada con esta interpelación, porque a folga feminista tamén vén denunciar as agresións sexuais que sofren as mulleres, a folga feminista tamén vén denunciar os recortes estruturais que hai detrás desas desigualdades, que son as que despois permiten que os homes se crean coa capacidade de violar as mulleres sen que, ademais, pase practicamente nada.

Porque o problema tamén é que, tras as agresións sexuais, as que normalmente estamos culpabilizadas somos nós, que, ademais de sufrir unha agresión sexual, en moitas ocasións temos que pasar unha serie de preguntas totalmente innecesarias. E isto pasa tamén en Galicia. E por suposto hai que coñecer os datos en termos cuantitativos —como xa comentei na miña primeira intervención—, pero igual de importante é coñecer os datos de maneira cualitativa. Temos que empezar a preguntarnos que pasa, que senten as mulleres tras sufrir agresións sexuais, cales son os motivos de que as mulleres se decidan a denunciar, que experiencia ou que vivencia teñen tras denunciar, por que non denuncian moitas mulleres, por que teñen medo a ir pola rúa e como son esas experiencias que sofren.

De feito, paréceme que deberíamos aprender. Eu son a primeira que recoñezo, por exemplo, que eu persoalmente aprendín moito de experiencias externas; por exemplo do Mapa do medo en Galicia que unha rapaza —que supoño que coñecerán— levou adiante por un traballo de clase que despois continuou nun proxecto moito máis amplo, o Mapa do medo de Galicia, con relatos concretos de mulleres que nos axudan a visibilizar o que hai detrás destes datos. De feito, cando formulamos a interpelación e tamén agora, claro que non podemos facer unha lectura simplista dos datos, nin o pretendemos facer, nin de cando soben nin de cando baixan, por suposto. Simplemente, si que é certo que os datos poden demostrarnos que estamos ante unha situación moi problemática. E, como dicía, por suposto que concordo con vostede en que, mentres haxa unha soa muller vítima dalgún tipo de agresión sexual, teremos que pór todos os nosos esforzos para que isto non volva acontecer.

Por iso, cando falo da confrontación, non é por unha cuestión partidista. De feito a min encantárame que puideramos chegar a un gran pacto. Penso que nesta Cámara o intentamos, e tivemos eu creo que boa predisposición. Eu mesma estiven nesa ponencia para traballar o Pacto galego de Estado para levar ao Senado. O problema é que chegamos a acordos, chega-

mos a moitos acordos por escrito. ¿Cal foi a única cousa na que non chegamos a acordo? Na dotación orzamentaria. E nós, por suposto, non imos avalar, como dicía, políticas de propaganda. Porque para nós un papel que pon cousas coas que concordamos ao cen por cento, como é o Pacto de Estado, se non hai dotación orzamentaria, non serve para absolutamente nada. A dotación orzamentaria do Pacto de Estado é ridícula. E nós esperamos que esta Cámara traballe por un pacto contra a violencia machista galego. Estaremos aí para traballalo. Por suposto que van contar coas nosas ideas e coas nosas aportacións. Iso si, se non hai dotación orzamentaria, obviamente non nos terán aí para dar un titular de que Galicia ten un pacto galego contra a violencia machista, porque o que queremos é que ese pacto teña verdadeiramente algunha aplicación real. Se non ten dotación orzamentaria, vemos como queda a lei, que a do 2007 é unha lei que está bastante máis avanzada que a lei orgánica do Estado. E logo vemos as dificultades que temos para a aplicación da lei. Esa é a primeira pregunta que deberíamos facernos, porque temos unha lei que é moi avanzada —coincidimos en que hai cousas que mellorar pero é unha lei que supuxo un avance—, pero ¿que está fallando para que esa lei despois non teña o desenvolvemento que debería ter, nin teña o cumprimento?

Despois, teñen unhas intervencións así como moi contraditorias, e teño que dicirllas. Algúns veñen así, nun ton moi amable, e eu agradézollelo, porque a verdade é bastante máis agradable discutir neste ton de voz. Pero é que hoxe mesmo, pola mañá, a oposición recibiu bastantes insultos. Entón, claro, querer dicir que somos nós os únicos que buscamos a confrontación constante, cando hoxe se utilizou de maneira demagóxica, cando o propio presidente lle negou ao primeiro grupo da oposición a palabra nun tema como o da igualdade, pois sinceramente creo que todos eses alegatos están un pouco fóra de lugar despois do pleno que levamos vivindo hoxe.

Despois, gustaríame, se puidera na súa segunda intervención, que falase un pouco máis das medidas concretas que se estiveron tomando dende que gobernan, máis alá dos datos.

E, como dicía, obviamente cremos que imos en direccións diferentes, porque os feitos demostran que non estamos polo mesmo. Claro que hai cuestións nas que coincidimos. Nós non estamos dicindo que aquí haxa xente que se alegre das desigualdades entre homes e mulleres. Pero nós dicimos que estamos en cuestións diferentes, porque, por exemplo, nunha cuestión como foi a do aborto, que é unha cuestión que tamén nos interpela como mulleres, que é un dereito sobre o noso propio corpo, hai moita xente do Partido Popular que se nega a que as mulleres teñamos capacidade para decidir. Tamén hai moita xente do Partido Popular que nos trata como se foramos nenas pequenas, cunha actitude moi paternalista —en moitas intervencións, non digo que sexa nesta, senón que é coma unha tónica xeral—. De feito, hoxe mesmo falábase das mulleres que están aí fóra mobilizándose coma se foran utilizadas por determinadas organizacións políticas

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Vou rematando, presidente.

Coma se determinadas organizacións políticas tiveramos a capacidade de manipular as mulleres. ¿Que son as mulleres? As mulleres están mobilizándose porque teñen motivos da-

bondo para mobilizarse, porque as desigualdades son insoportables nas nosas vidas, en todos os espazos da nosa vida. Entón non é que ningunha organización política manipule as mulleres para facerlle dano ao Partido Popular. As mulleres están fartas e, obviamente, por iso imos saír mañá. E vai ser unha folga feminista moi masiva. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Turno de peche, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente

Señora Quinteiro, oia, é como hai que falar destes temas, como hai que falar no Parlamento, e como pretendo falar e, dende logo, sinceramente, como creo que falan todos os meus compañeiros e compañeiras. E o presidente hoxe —non imos entrar nas comparacións, onde creo que vostedes perderían clarísimamente, polo tanto, imos intentar falar dun xeito obxectivo—, o presidente —porque aludiu ao presidente—, non lle negou ningunha palabra ao seu portavoz. O presidente viña hoxe respostar preguntas sobre igualdade. Claro, se o seu portavoz se dedica a falar de todo menos de igualdade, loxicamente, e se non se sentiu contestado, é porque non preguntou nada sobre a igualdade. *(Aplausos.)* Esa é simplemente a razón de que non contestara. *(Aplausos.)*

Mire, agradézolle as súas aclaracións —así o entendín— sobre o que é o seu recoñecemento de que nin neste lado nin noutro, nin no centro nin no que fora, teñen ou temos a verdade absoluta sobre este tema. O que pasa é que despois vostede falaba de contradicións e volve contradicirse. Di que a xente do PP as trata de xeito paternalista. Eu poderíalle dicir como moita xente desta bancada se sente tratada por xente desa bancada, ou como me sinto tratado eu ás veces. Polo tanto, creo que en cuestións de tratamento, vostedes non poden entender en ningún caso... ¡Sempre é o mesmo! Vostedes sempre son os que teñen a razón e nós somos os equivocados. Neste tema, especialmente, séntense empoderados, e aquí ningún está nin empoderado nin empoderada para falar de igualdade.

Volvo á miña primeira intervención. Claro, se vostede me di que nós non imos escoitar as mulleres que mañá se van manifestar, evidentemente se está contradicindo con todo o que me di de que nin teñen a razón dun lado nin doutro. ¡Claro que as imos escoitar, por suposto! Escoitamos calquera manifestación que se desenvolva dun xeito lexítimo e democrático. E a de mañá estou seguro de que o vai ser. Podemos compartir ou non podemos compartir a convocatoria, podemos compartir ou non compartir algúns dos motivos, pero, dende logo, escoitaremos con todo respecto e con toda a atención o que mañá xurda e todas as consecuencias desa manifestación, non teña ningunha dúbida. Polo tanto, é que, se as ten, non vai ser imposible avanzar nesta materia. Interésanos moitísimo avanzar.

Pedíanme —teño pouco tempo— medidas políticas concretas. Mire, o Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020. Vostede falaba de que o Pacto de Estado non tiña medidas orzamentarias. Mire, imos falar do que facemos aquí. E creo que, no Pacto de Estado, a postura que houbo aquí de consenso foi fundamental. Galicia deu un

exemplo. Polo tanto, deberíamos non perder ese vieiro á hora de mandar mensaxes ao Estado para que conforme unha política que tamén nos vai afectar. Pero, falando do que fixemos aquí, case 400 millóns de euros. A Secretaría Xeral de Igualdade ten este ano máis orzamento ca nunca dende o ano 2009, con todo o difícil que foi esta época orzamentaria. Ten 13,8 millóns de euros. Desde o ano 2014, na Xunta marcámonos como obxectivo incluír a perspectiva de xénero nos orzamentos da Comunidade Autónoma. Todos os orzamentos teñen que ter unha perspectiva de xénero e teñen que ter por escrito a súa xustificación de que esa perspectiva de xénero se está cumprindo en todas as contas autonómicas. Isto faise dende o ano 2014. Non se facía antes, e podíase facer. Dende logo, non se facía na época do Bipartito. E non o fan moitas comunidades autónomas nas que vostedes teñen responsabilidades de goberno.

E logo vólvolle insistir moitísimo nos plans de actuación nos centros educativos. Creo que é fundamental a cultura da igualdade, o fomento da igualdade, que isto sexa algo que leve todo mundo no ADN, e nos centros educativos facer un esforzo aínda moito maior. Estámolo facendo e creo que nisto si que somos pioneiros no conxunto do Estado. E seguiremos indo por aí.

Hai que facer un especial fincapé —estámolo vendo cos convenios que temos co Colexio de Psicólogos e Psicólogas de Galicia— en previr a violencia sexual na mocidade. É que se dan ás veces exemplos e situacións arrepiantes. E por aí hai que empezar a prevención, e moitas veces, por desgraza, tamén a corrección. Hai que traballar moito máis cos mozos e mozas.

Somos a primeira comunidade autónoma en regular a formación en igualdade e loita contra a violencia de xénero na función pública, nos traballadores e traballadoras da Administración pública galega. Creo que isto é fundamental, son máis de cen mil persoas que diariamente tratan con moitísima xente máis, e creo que isto o teñen que ter como un dos elementos fundamentais na súa formación. Somos pioneiros nisto tamén.

Hai que traballar moitísimo cos concellos tamén. A Rede local de entidades contra a violencia de xénero creo que é fundamental. Son os que chegan ao territorio, son os que ao final se poden entender e chegar a través dos centros de información á muller. Non só a través deses, pero principalmente, a través desta rede, chegar a centros onde hai poucos anos era impensable que houbera un centro de asesoramento ás mulleres para que puideran ir alí e non tiveran que desprazarse, ou que simplemente se desanimaran e non foran a ningún sitio. Creo que temos que facer moito máis e concienciar moito máis os responsables políticos, de todos os partidos políticos, do meu e do seu. Creo que aínda hai que facer moito traballo e moito fincapé nisto.

E, dende logo, hai que loitar contra a violencia de xénero. Isto ten moitos aspectos, pero tamén ten un aspecto económico, estou convencido. E creo que simplemente as cifras non resisten moitas comparacións. O que se dedicaba hai dez anos a loitar contra a violencia de xénero en todos os eidos e o que se dedica agora, afortunadamente para todos —tamén para este Goberno pero especialmente para as mulleres que sofren violencia de xénero— incrementouse notablemente.

Polo tanto, temos moitas cousas que facer aínda: o Plan de conciliación e corresponsabilidade ímololo aprobar neste mes de marzo; o primeiro Plan de igualdade da Administración xeral ímololo aprobar antes de que remate o ano.

Hai moitas cousas por facer, señora Quinteiro, e vólvolle facer un chamamento para que nos deamos conta de que todos temos moito que aportar. Nós, como Goberno, temos a primeira responsabilidade; pero vostedes, como oposición, tamén. Se cren que aquí todo se fai mal e vostedes todo o fan ben, estanse equivocando absolutamente. Vostedes fan moitas cousas mal.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pasamos ao punto sexto da orde do día, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e catro deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a implantación do procedemento de contratación directa dos profesionais das oficinas xudiciais de atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Patricia Vilán, do Grupo Parlamentario Socialista.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor Rueda.

Dende novembro do pasado ano, nas sete principais cidades de Galicia, había, nas oficinas de atención á vítima, uns psicólogos —un por oficina— que prestaban asistencia psicolóxica a vítimas de todo tipo, fundamentalmente e especialmente vítimas de violencia machista, a persoas especialmente vulnerables e a nenos. E para nós este servizo foi un acerto, á marxe de que cremos que debería estar comarcalizado e que dende un primeiro momento o prazo tería que ser moito máis longo. Eses tres meses a verdade é que son bastante lamentables.

O seu goberno cristalizou este servizo —estaba en fase de probas— a través dun convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Durou ata o 31 de xaneiro, día en que vostedes dixeron —vostede, en concreto— que ía sacar a concurso as sete prazas asumindo a súa xestión. Está ben que a Xunta asuma a xestión de algo que ten que ser un servizo público, pero dende o día que pechou —que foi o 31 de xaneiro— non sabemos cando se van contratar de maneira directa os profesionais por parte do seu Goberno. Vostedes non son capaces de cuantificar, en principio, cando. E non están operativos estes sete psicólogos das oficinas de asistencia psicolóxica á vítima, ou de atención á vítima de maneira xeral.

O certo é que o seu propio grupo recoñeceu o 28 de febreiro, nunha transacción dunha proposición non de lei que acadamos na Comisión 1^a, que efectivamente os instabamos dende o Parlamento a que acordasen unha solución provisional entre o 31 de xaneiro —que xa pasou— e o momento en que exista este xa definitivo procedemento de contratación directa dos profesionais das oficinas de atención ás vítimas —de carácter xeral, pero especialmente ás vítimas de violencia machista—.

E cremos que vostedes deberían facer caso ao Parlamento. Garantir a protección ás vítimas e, sobre todo, atendelas nese momento tan doloroso que é ir poñer a denuncia e logo ter que repetir no xulgado a mesma denuncia ou parecida sen estar acompañadas por alguén que efectivamente as oriente e as acompañe nese trance é, para nós, prioritario. E, ademais, co que di especificamente a Lei orgánica do ano 2004 —que veu con retraso pero veu— nós cremos que as vítimas non deben ser atendidas co Código penal na man, senón que este sería un servizo moi axeitado.

E por iso lles preguntamos en canto tempo prevén vostedes que ese servizo pode estar xa en funcionamento, pero a través desa contratación directa por parte do Goberno da Xunta de Galicia das oficinas de atención psicolóxica para as vítimas, en concreto, deses sete psicólogos.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Vilán, efectivamente, este servizo existía no pasado. Creouno a Xunta de Galicia, non saíu do aire. Foi froito dun esforzo e dun proceso que se fixo en colaboración co Tribunal Superior de Xustiza, que sempre incidía nesta necesidade. E, polo tanto, creo que isto é algo meritorio, porque non existía. A pesar de que hai unhas obrigas de atención ás vítimas, non só ás vítimas de violencia de xénero —a elas principalmente—, senón, como vostede mesma dicía, ás vítimas en xeral, estas chegan ao xulgado e necesitan unha guía para unha situación que é sempre difícil. En Galicia implantouse, e, polo tanto, funciona cun esforzo importante da Xunta de Galicia —insisto en que non en todas as comunidades autónomas nin moito menos— dende o ano pasado.

É certo que para implantalas acudimos a un convenio co Colexio de Psicoloxía. E a partir do mes de xaneiro, por decisión do propio colexio, eses profesionais —polo menos, baixo esa modalidade— deixaron de funcionar. E, polo tanto, a Xunta de Galicia tiña a obriga —e vostede falaba desa situación que se dera— de canto antes tapar esa situación na que, despois de implantar un servizo, de repente —e por causas alleas á vontade da Xunta de Galicia— ese servizo deixaba de prestarse.

E vostede pregúntame que cando ten pensado a Xunta de Galicia volver activalo. Mire, é unha das preguntas máis fáciles que me tocou contestar neste Parlamento. O que me preocupa é que, pensando que onte vostede expuña unha serie de datos na miña comparecencia con ocasión de explicar o proceso relacionado coa folga de Xustiza, e dicía unha serie de cousas que non se fixeran na Administración de xustiza, facía un relatorio, e eu dicíalle que non e vostede dicía que eu non me enteraba de nada, teño que dicirle que vostede vai pouco polos xulgados. Están traballando dende o 1 de marzo, señora Vilán.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica da señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu non lle dixen en ningún momento que vostede non se enteraba de nada. Todo o contrario, foi vostede o que me dixo a min que eu non me enteraba absolutamente de nada. (*Aplausos.*) Lea vostede o debate, de verdade que foi así, á marxe de que algún dos seus deputados dixese que eu non tiña ideas, que tiña ocorrencias. É verdade que vostede dixo que eu non me enteraba e que estaría ben que saíse da miña ignorancia. Creo que máis ou menos as palabras foron esas.

Vicepresidente, eu xa sabía que era o 1 de marzo. Tanto é así que agora mesmo lle estaba comentando ao meu compañeiro que, efectivamente, ía ser así pero que o 1 de marzo foi escasamente hai cinco días e a Xunta de Portavoces foi previa. E, como o que si sabíamos era que o día 28 de febreiro nos soaba moi raro que vostedes acadaran un acordo con nós nunha proposición non de lei na Comisión 1ª e que estivesen tan interesados en chegar a unha transacción especialmente neste punto, xa sabíamos que vostede tiña practicamente pechado este servizo. Iso quere dicir que agora o que temos que saber é como vai facer o procedemento, e se o procedemento vai ser a través de contratación directa, que foi o que vostede anunciou. Non é que houbese un problema co Colexio de Psicólogos, é que vostede en outubro, co presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, dixo que era para rematar o ano 2017 e que ía ir en función do orzamento que tivese a Xunta de Galicia. Vostede xa sabía que era en fase de probas e que ía ser por un tempo determinado. Sabendo que ía ser en fase de probas, en outubro quizais vostede tiña que prever a posibilidade de que o servizo nalgún momento rematase. Non lle bote agora toda a responsabilidade ao Colexio Oficial de Psicólogos —basicamente porque non están aquí e, polo tanto, non lle poden contestar—.

E a pregunta entón é: se o procedemento xa se iniciou, ¿como vai facer vostede? ¿Vai ser a través de contratación directa ou de novo vostede vai decidir que sexa o Colexio Oficial de Psicólogos o que asuma a responsabilidade que debería asumir o seu Goberno?

Grazas, vicepresidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Turno de peche desta pregunta por parte do señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señora Vilán, sinceramente, en fin, eu comprendo que estas cousas ás veces pasan. Pero vostede preguntoume, non na súa pregunta —é que agora mesmo está no *Diario de Sesións*—, cando van empezar a traballar estes profesionais, cando se vai facer a contratación directa. Fíxose ao abeiro dunha lei e están traballando dende o 1

de marzo. Vostede non vai moito polos xulgados (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*) (*Murmurios.*), porque, se fora, esta pregunta, señora Vilán, probablemente non a faría. Estas cousas, como digo, ás veces pasan. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Ás veces pasan. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): E non pasa nasa. (*Murmurios.*) (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): E non pasada nada. (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

Perdoen un momento.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Non, se comprendo que a xente estea moi nerviosa, porque, claro... (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! ¡Pare, pare! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non, non, vostede xa preguntou. Imos ver se hai silencio para que poida seguir o vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señora Vilán, a pesar de que penso que, se vostede fai unha pregunta disto, si que se debería informar. Pero, bueno, non se informou, non pasa nada. O que me preocupa moitísimo máis é que queda acreditado que en moitas cousas das que dixon onte ten a mesma información que sobre a situación dos profesionais que están traballando nestas oficinas de atención ás vítimas, que xa están traballando dende o 1 de marzo e vostede pregúntame cando van empezar a traballar, cando se vai facer esa contratación directa. É unha preocupación lexítima que tamén tiña a Xunta de Galicia. Ese período non é obxecto da pregunta, nin quero entrar aquí en polémicas sobre a situación que derivou en que durante aproximadamente un mes eses traballadores non estiveran funcionando. Pero vostede pensou que non estaban traballando aínda, e si que están traballando. Polo tanto, eu o que lle agradecería é que nas seguintes preguntas sobre a Administración de xustiza se informe un pouco máis, porque así seremos todos moito máis produtivos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D^a María de los Ángeles Cuña Bóveda e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego respecto da comprobación da posta en práctica pola CRTVG dun código deontolóxico e de autorregulación para a publicidade e a comunicación non sexista

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Ángeles Cuña, do Grupo Parlamentario de En Marea.

A señora CUÑA BÓVEDA: Ben, boa tarde.

Grazas, señor presidente.

Señor Rueda, como sabemos todas, a publicidade e a comunicación teñen unha influencia fundamental na percepción do mundo, e mesmo podemos dicir na creación da realidade.

No Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, apróbase o texto refundido da disposición legal da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

No Diario Oficial do 17 do 2 de 2016, no capítulo III, artigo 13, no que se refire á igualdade de oportunidades en medios de comunicación, dise que a Xunta de Galicia ten moito que intervir tanto nos medios de titularidade pública como nos medios nos que participa ou subvenciona. ¿A Xunta que ten que facer? Pois garantir a transmisión dunha imaxe igualitaria plural e non estereotipada, como ben corresponde aos principios do xornalismo. Mesmo debe condicionar a efectividade da subvención a varios aspectos. Un aumento cualitativo da visibilización e da audibilidade das mulleres. Debe observar, avalar e corrixir, se é o caso; programar e facer campañas nas que se vexa a necesidade da participación social e política das mulleres en órganos de representación, de xestión e consulta, e unha participación equilibrada de homes e mulleres. E o núcleo central do que nos ocupa aquí é a adopción de códigos de boas prácticas mediante autorregulación.

Tamén hai máis cuestións, pero vou saltalas porque podemos ao mellor falar despois. A medida que nós propomos é moi orixinal: cumprir a lei. Cumprir a lei significa preguntar tamén e ver que pasa con estes códigos de autorregulación e de boas prácticas.

Sorprende moitísimo non atopar en ningún portal de transparencia o referido código nin documento similar; non hai libros de estilo nin documentos que se lle parezan. Tampouco aparece, por exemplo, ningún decálogo que permitiría operativizar a autorregulación, como o respecto á legalidade, respecto aos principios deontolóxicos, compromiso real coa igualdade, rigor, busca da verdade, imparcialidade. Compromiso de non discriminación, compromiso coa visibilización das mulleres, compromiso coa visibilización da diversidade, compromiso coa erradicación dos estereotipos, compromiso cunha vida libre de violencia e compromiso tamén coa igualdade das mulleres e homes nas empresas e coa formación efectiva en igualdade de mulleres e homes.

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor. Grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: Teño oito segundos. Non me apure.

O señor PRESIDENTE: Si, pero vai acabar o tempo, por iso lle digo eu que formule a pregunta.

A señora CUÑA BÓVEDA: Moitas grazas.

Estou co tempo medido, señor presidente.

O señor PRESIDENTE: Non hai problema. Señora Cuña, formule a pregunta. Non hai problema ningún.

A señora CUÑA BÓVEDA: Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Só lle estaba recordando que se lle ía acabar o tempo. Non vexa maldade en todo o que lle estou dicindo, que non a hai.

A señora CUÑA BÓVEDA: A maldade...

O señor PRESIDENTE: Formule libremente a pregunta, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Moitas grazas por outorgarme liberdade, pero, desculpe, procure non cortar porque é unha faena.

A pregunta é moi concreta, ¿ten pensado a Xunta de Galicia comprobar se a CRTVG, ou algún medio no que participe ou subvencione, poñen en práctica un código deontolóxico ou de autorregulación para a publicidade e comunicación non sexista? Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Cuña, agradezo a pregunta sinceramente. Creo que todos nos temos que felicitar porque, o primeiro, é un recoñecemento do papel fundamental que os medios de comunicación —especialmente os públicos, pero todos os medios de comunicación, porque todos estamos de acordo en que emiten, e máis nestes tempos, moitísima comunicación— teñen, se fan as cousas ben, e tamén se as fan mal, en todo o que ten que ver coa promoción dos valores que creo que todos debemos defender en materia de igualdade. Polo tanto, son unha plataforma perfecta para formar —formar ben ou formar mal— a sociedade e mesmo para concienciar, con todas as consecuencias que isto ten de cara a cousas que vostede dixo e outras que nos podemos imaxinar no que ten que ver con igualdade, violencia machista e todo o que debemos falar todo o ano e estamos falando especialmente estes días.

Polo tanto, creo que ofrecer unha información responsable, ofrecer unha información comprometida, é un excelente xeito de traballar pola igualdade, e esa preocupación porque os medios de comunicación, dentro da súa autonomía e da súa capacidade, creo que isto non o debemos discutir —tampouco nos públicos, polo feito de que sexan públicos non creo que teñamos que dubidar nin da capacidade nin da autonomía dos seus profesionais, que ao final son os que emiten esta información—, creo que isto é algo que nos ten que concernir a todos, e, polo tanto, alégrome desta pregunta sinceramente.

Quérolle dicir que a Xunta de Galicia leva moito tempo traballando neste eido cos medios de comunicación. Temos difundido entre as directoras e directoras dos medios de comunicación códigos de boas prácticas para o tratamento axeitado da violencia de xénero. Fixémolo no ano 2014. Temos organizado cursos de formación destinados a profesionais da comunicación e da publicidade, así como alumnos de carreiras universitarias relacionadas co eido da comunicación e do xornalismo. Temos convocado o concurso *Comunicar en igualdade*, para recoñecer os traballos que fagan un especial fincapé en promover os valores da igualdade entre mulleres e homes. E, dende logo, como non, a nosa colaboración máis estreita, efectivamente, ten que ser cos medios públicos, coa Compañía de Radio-Televisión de Galicia, e aí ese convenio que asinamos para a sensibilización, prevención e visualización da violencia de xénero, que determina unha serie de accións dirixidas especificamente neste eido, creo que é un magnífico exemplo.

Ademais, a propia Compañía da Radio-Televisión Pública dispón dos seus propios mecanismos regulatorios. Por citarlles algún directamente, primeiro, ten no seo do seu consello de administración unha comisión de igualdade; no consello de administración están representadas as diferentes forzas políticas. Nas súas propias normas reguladoras inclúe un capítulo completo dedicado á imaxe da muller. A Compañía forma parte do Observatorio Galego de Violencia de Xénero, que conta tamén con representantes da Xunta de Galicia, da xustiza, dos sindicatos, das asociacións de mulleres, dos medios de comunicación. É dicir, unha representación plural, alí están eles tamén. Tamén forma parte da Comisión asesora de publicidade non sexista e está integrada na Asociación de autocontrol da publicidade. A maiores, a propia web da Compañía de Radio-Televisión de Galicia dispón dunha canle temática sobre temas de igualdade que estou seguro que vostede coñece, e por dicir algunha acción concreta e última, a propia canle pública...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...ten ofrecido emitir de balde a campaña que a Xunta leva a cabo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...con motivo do 8 de marzo.

Despois gustaríame darlle máis datos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Réplica, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Alégrome moito de que se alegre pero non me di onde podo mirar ese código, non me di que observaron, non me di que avaliaron, non me di que corrixiron. Porque que a propia casa teña un código de autorregulación tería que estar no portal de transparencia e non aparece. Por favor, contésteme e dígame cousas concretas, porque iso é algo legal, o que pedimos é que se cumpra isto.

Vostede dixo varias veces nas últimas intervencións, repetiu moito o ben e o mal, o que se fai ben, o que se fai mal. Fagan ben as cousas, por favor. Isto claro que non é unha cuestión maniquea, claro que é unha cuestión importantísima. Dotar de eficacia obrigatoria e sancionadora a Lei de igualdade e Administración é unha obriga, e os medios públicos subvencionados tamén, non só a CRTVG.

As leis son normas exixibles, pero cando se trata de igualdade sempre parece que se legisla con promesas. É como se un xuíz ditase que a metade da casa é túa pero non che dá as chaves. É algo parecido.

Creemos que é moi importante dicir que os programas e os cursos de formación que fixeron, aos que fai alusión, foron voluntarios, non foron para todos os traballadores, non foron estruturados. Entón, o que necesitamos é espertar conciencia colectiva.

Vostede falou da formación. Estamos de acordo, pero é contraditorio absolutamente coa súa práctica. Está reiteradamente dito aquí que a Lei de igualdade non está de acordo con concertos que segregan por sexos. Pero a nivel de medios é unha norma que nos prescribe a ONU dende hai moitos anos.

Por favor, dígame, na resposta que ten agora, onde, que se fixo, que avances, canto máis se visibilizou, canto máis se oíu... Non pode cingirse unha campaña de mulleres a unha semana.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Déame datos, por favor, concretos. Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Turno de peche desta pregunta, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Cuña, con moito gusto eu me poñerei en contacto e llo podo facilitar. Se vostede cre que o bo parlamentario non ten outro xeito de conseguilo que a través da miña persoa,

eu con moito gusto lle facilitarei ese código para que comprobe que, efectivamente, isto non é tarefa dunha semana, é cuestión de todos os días do ano, nin sequera dunha data concreta, o 8 de marzo. Claro, se a cuantificación a ten que facer a Xunta de Galicia, ¡creo que mal iríamos! Díxenlle na miña primeira pregunta, vostede xa vexo que non... ao mellor é que lle cambiaron un pouco o paso. Non, ten que ser medios públicos, control dos medios públicos. Xa o dicía o señor Pablo Iglesias: hai que controlar os medios públicos dende o Goberno. Nós non estaremos niso nunca. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non estaremos niso nunca. *(Aplausos.)* Se o que se trata é de control dos medios públicos e que os profesionais non teñan ningunha liberdade *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* para que...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio, silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Nós xa sabemos que este tema os pon especialmente nerviosos, pero nós cremos na liberdade dos profesionais que traballan... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. ¡Silencio!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): E a señora Santos especialmente nerviosa, como todos podemos comprobar. Pero isto vai de liberdade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* isto vai de liberdade no exercicio dos profesionais, mulleres e homes, que traballan nos medios de comunicación. Tamén dos públicos. Porque sexan públicos non teñen por que ter un goberno que lles diga o que teñen que poñer e o que non. *(Murmurios.) (Aplausos.)* Terán que ter...

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio. Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Terán que ter un goberno que estableza mecanismos de boas prácticas para que todo isto se cumpra, e lle enumerei sete. Vostede non falou de ningún, dálle igual. Dime: déame os datos, déame os datos para acreditar que vostedes fan un control. Nós nunca. E ademais vou aproveitar para reivindicar o bo, o magnífico traballo que fan os profesionais, mulleres e homes, dos medios públicos. A vostedes só lles interesa o control. A min interézanme as persoas que traballan. E direilles que a diferenza entre un goberno que gaña as eleccións e un partido que está na oposición é que o que está no goberno pensa que os medios públicos, evidentemente, teñen unha regulación, pero teñen liberdade os profesionais, e o que está na oposición cre que hai que controlalos. Siga así, o señor Pablo Iglesias é o vieiro que lle marca.

Moitas grazas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Tranquilidade, estamos xa rematando o pleno. Tranquilidade, ¡eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, perdoe. Escándalo é o que está provocando vostede porque hai que saber comportarse no Parlamento. ¡Por favor! Isto é un parlamento, jeh! Non me diga de escándalo porque desde aí atrás non se pode facer iso. Silencio. Vamos continuar co pleno.

Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia en relación cos resultados da primeira convocatoria de axudas para a instalación de ascensores realizada no ano 2017, así como as previsións ao respecto para o ano 2018

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Señora conselleira, mediante a orde do 23 de agosto de 2017 a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, creou unha liña específica de axudas para a instalación de ascensores naqueles edificios de tipoloxía residencial colectiva, tamén para vivendas unifamiliares e para as mesmas vivendas tipo dúplex que existen nos edificios residenciais colectivos, para a instalación de ascensores e outro tipo de aparellos para mellorar a accesibilidade desas edificacións naqueles que non contaban con ningún tipo de instalación dese estilo.

Ante esta situación, e dado que foi a primeira vez que se creou unha liña de axudas pola consellería neste sentido, nosoutros facemos a seguinte pregunta: ¿Que balance fai a Xunta de Galicia dos resultados da primeira convocatoria de axudas para a instalación de ascensores, e cales son as previsións nesta materia para o ano 2018?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Na Xunta de Galicia somos conscientes de que hai moitas persoas con problemas de mobilidade que residen en vivendas que realmente non están adaptadas para as súas necesidades. Sendo sensibles con esta situación, dende o goberno de Galicia, dende o punto de vista lexislativo e tamén dende o punto de vista económico, puxemos en marcha diferentes medidas para favorecer a accesibilidade coa instalación de mecanismos como poden ser ascensores, salva escaleiras...

En concreto, no tocante a medidas lexislativas, no ano 2016 modificamos a Lei de vivenda para facilitar a instalación de ascensores en comunidades de veciños. Nos supostos que se precise recorrer a unha expropiación para instalar un ascensor, esta lei faculta os concellos para que poidan realizar a expropiación, e, polo tanto, poder facilitar a instalación de ascensores.

Tamén no ano 2015 a Consellería de Economía e Industria, no tocante ás medidas económicas, convocou unha liña de axudas para renovar e mellorar os ascensores existentes. E o ano pasado, no ano 2017, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda demos un paso máis e publicamos unha nova orde destinada á instalación de novos ascensores e outros dispositivos naquelas vivendas que carecían deste tipo de instalacións.

O obxectivo é favorecer a accesibilidade, favorecer a mobilidade dos veciños incentivando a instalación deste tipo de mecanismos e de instalacións. Esta orde do ano 2017 publicouse no mes de agosto, e ademais de apoiar a instalación de ascensores, tamén — como digo — promovemos a instalación de elevadores, salvaescaleiras e outros dispositivos que faciliten a accesibilidade entre os diferentes andares da edificación. Unhas axudas que financian o 60 % do custo total, entendendo como custo total a totalidade, incluídos os honorarios dos profesionais, os informes técnicos, os certificados, os gastos derivados da tramitación dos informes etc.

En canto aos ascensores, os novos ascensores, as axudas son de 4.500 euros para vivendas unifamiliares, 28.000 euros para edificios de máis de oito vivendas, e 35.000 euros para edificios de menos de oito vivendas. Salvaescaleiras, 2.000 euros de subvención. Unha convocatoria que no ano 2017 foi de 1,3 millóns de euros, e grazas a esta convocatoria do ano 2017 facilitamos a instalación de 59 ascensores, salvaescaleiras ou outros mecanismos de accesibilidade que deron servizo a 434 vivendas. Polo tanto, unha orde que queremos darlle continuidade no ano 2018 para contribuír, dende logo, á mellora da calidade de vida e facer máis doada a vida dos galegos e das galegas.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Castiñeira.

O señor CASTIÑEIRA BROZ: Grazas, señora conselleira.

Eu só quería saber se nos podía completar unha información. Que proporción houbo, por así dicilo, de solicitudes ou de expedientes de cada provincia, e que tipo de expedientes proliferaron máis. Supoño que os de tipo residencial colectiva, pero por saber o atractivo que tivo este tipo de axudas para vivendas unifamiliares ou incluso as de tipo dúplex.

E tamén se pode ser que nos explicase para o ano en que estamos, para o ano 2018, se pensan ou non ampliar o orzamento previsto para a mesma.

Moitas Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castiñeira.

Peche desta presunta, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois o ano 2017 foi a primeira convocatoria específica para instalación de novos ascensores, para facilitar a accesibilidade nas vivendas que non dispoñían deles. Como dicía 1,3 millóns de euros que permitiron conceder 59 axudas para instalar ascensores en 434 vivendas no ano 2017.

A práctica totalidade das axudas concedidas foron para edificios de máis dunha vivenda, dúas axudas para vivendas unifamiliares e o resto, onde maior demanda tivemos foi na provincia de Ourense e na provincia da Coruña. Na provincia de Ourense, 25 solicitudes para dar servizo a 109 vivendas. Na provincia da Coruña, 21 axudas concedidas para dar facilidades a 144 vivendas. Polo tanto, unha grande acollida. Ese 1,3 millóns de euros esgotáronse no ano 2017, por iso estamos tramitando unha nova orde de axudas no ano 2018, mantendo os mesmos requisitos, pero si que os interesados disporán de máis tempo para a realización desas obras e poderán dispoñer desta orde de axudas de xeito inmediato.

Este mesmo mes de marzo publicaremos unha nova convocatoria de axudas para a instalacións de ascensores e con máis recursos. Polo tanto, máis tempo e máis recursos. Unha nova convocatoria na que incrementaremos substancialmente o investimento que imos destinar a este programa; 1,3 millóns no 2017, 2,5 millóns no ano 2018. É case duplicar as axudas para a instalación de ascensores e mellorar a accesibilidade estimamos que aproximadamente en 850 vivendas máis. Polo tanto, 850 familias máis que poderán acceder a este tipo de axudas para mellorar a súa calidade de vida.

Lembrar que son compatibles con calquera outra axuda destinada a este mesmo fin, sen que se supere o custe total das actuacións. Polo tanto, con esta nova liña de axudas creada no 2017, á que damos continuidade no ano 2018, apostamos por mellorar a accesibilidade e favorecer a vida de centos de galegos e galegas con problemas de mobilidade.

Tamén agradezo a oportunidade que me dá para falar doutras medidas que estamos a poñer en marcha, e que puxemos en marcha, para favorecer a mobilidade, por exemplo, a mobilidade no transporte. Subvencións, por exemplo, activadas o ano pasado e tamén este ano para adquisición de taxis adaptados, os eurotaxis. Entre o ano pasado e este ano son 600.000 euros para promocionar os taxis adaptados para a mobilidade reducida.

Polo tanto, o obxectivo avanzar no dereito á accesibilidade universal e facilitar a vida, no seu día a día, dos galegos e das galegas.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a Paula Quinteiro Araújo e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto da contía media das pensións en Galicia, que afecta de maneira máis grave as mulleres

A señora CUÑA BÓVEDA: Señor conselleiro, poña un altofalante nas rúas, ollen as prazas atei-gadas de pensionistas vizosas. Escoite como ecoan as voces da dignidade, os corpos castigados

do tempo, as almas tatuadas de lembranzas. Devolvín a carta, si, case custou máis que o 0,25 % da suba. Son maior, ¿sabe? A muller que non levou o mar, coa auga salgada ata o van, húmido arrecendo. A muller que despois entrou na conserveira baixo cuberta, ulindo a peixe. Non me humille, ¿97 céntimos de suba, di? Eu pido as cabezas e os costrabazos no súper. Non chego a fin de mes, non. Apago a máquina de oxíxeno para darlles de comer aos netos. ¡A luz subiu tanto! A filla no paro, co medo metido no corpo. El coa orde de afastamento. Violencia insoportable. Son unha de cada tres, si. Na pobreza, pero coa cabeza ben alta. Prenderon lume á fábrica, só se vía o fume violeta dos nobelos tinguidos. Dixeron: tes dereito. Ampárate o artigo 50 da Constitución. Hai quen quere que nos xubilemos cinco minutos antes da incineración. Non deixo cartos para o cadaleito. ¡Xa me gustaría vivir como en Islandia! Non se burle, señor presidente. Plans privados, negocios para os bancos. ¿Por que baleirou os petos das pensións? Dixeron máis de 67.000 millóns en sete anos, ou 67 ou 600, non podo contar máis de 347 euros ao mes. Claro que non se sabe o que pode pasar mañá. ¿Vai facer o posible ou o imposible? Non se burle, señora Villalobos. ¿Rir da xente que pasa necesidade? Non se burle, señor presidente do Banco de España. ¿Canto di que gañou a banca? Si, os ricos máis ricos, os pobres máis pobres. A desigualdade aumenta e aumenta cada ano. Abonda. ¡Abonda! ¿Non cotizaron por min? ¡Abonda xa!

Traballei toda a vida na fábrica e na casa, na hostalaría e na casa, no campo e na casa, mariscando e na casa, na casa, na casa... Coidando, coidando, coidando... E son viúva, estou perdendo a memoria, queren botarme da casa. Prendín o braseiro. ¡E vostede di que nunca tanto traballaron as mulleres, que vivimos nun mundo feliz, que din a verdade! ¿Ula a policía do pensamento? Falan tan ben que case non se lles entende. Hoxe, hoxe, vexo algunha raiola de sol. Saio a rúa coas gafas quebradas da dignidade. No mercado falo con outras mulleres, sinto o latexo da vida, aprendo os lemas, paramos para o mundo. ¡Nin unha menos! ¡Querémonos vivas, como en Arxentina! Acabouse a paciencia, rachamos o veo da igualdade, somos visibles! Pensións xustas, medidas reais. Si, hai recursos.

¿Que lle parece, señor conselleiro? ¿Dereito ou privilexio? Que valoración fai...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: Aínda non acabei. Teño que facer a pregunta, ¡por favor!

Señor presidente, ¡déixeme facer as preguntas, se non lle importa!

O señor PRESIDENTE: Perdón. Pensei que acabara.

A señora CUÑA BÓVEDA: ¡É a segunda vez!

Teño que facer a pregunta. ¿Que valoración fai o Goberno da paupérrima contía media das pensións en Galicia, que afecta de maneira máis grave as mulleres, e en especial as de Ourense, as máis pobres de España?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: As pensións máis baixas de todo o Estado. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

O Goberno de Galicia traballa con intensidade para devolverlles aos nosos maiores os esforzos que fixeron para que hoxe teñamos unha Galicia mellor. Por iso, no ámbito competencial da Comunidade Autónoma, no que respecta aos servizos aos nosos maiores, non se poden facer só declaracións de intencións, senón que son os orzamentos os que demostran un maior investimento precisamente na área de maiores.

Ese maior investimento, despois, ademais, de anos de dificultades, incrementouse entre o ano 2009 e o ano 2018, o ano que estamos comezando neste momento, exactamente nun 108,73 % máis. No ano 2009 investíase en maiores en Galicia 148 millóns de euros, e neste ano investiremos 310 millóns de euros.

Por iso, podemos dicir que para este Goberno os nosos maiores son un dos principais activos de Galicia. E por iso tamén teño que dicir que saudamos que algún partido teña agora entre as súas prioridades os nosos maiores. Seguramente podemos lembrar algunhas frases con respecto aos nosos maiores, cualificándoos polos seus comportamentos supostamente políticos. Por iso agradecemos que este tema se traia a este parlamento, aínda que o contido da pregunta, xa digo, despois de contestarlle no ámbito das nosas competencias, é algo que ten que ver cunha competencia estatal, como é o noso sistema de pensións.

Dende o Goberno, polo tanto, gustaríanos que en primeiro lugar se abordase esta cuestión deixando de lado partidismos, partidismos actuais e partidismos de carácter histórico, porque todo o mundo sabe o que pasou coas pensións en Galicia e en España nos últimos anos, como digo, froito dunha profunda crise económica que sufrimos todos os galegos, que sufrimos todos os españois, que sufriron tamén todos os europeos. A primeira vez que se conxelou as pensións en España en corenta anos foi no ano 2011, gobernando o Partido Socialista.

Cando falaba a señoría do relato dunha pensionista, eu me lembraba doutro relato que teño aquí e por cuestións de tempo non lle podo ler na súa totalidade. Non é un pensionista galego, neste caso é un pensionista grego, Yanis, falando dos trece recortes que sufriu a súa pensión precisamente dende que a crise económica assolou toda Europa. Nestes momentos, señora deputada, está reunido en Madrid o Pacto de Toledo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...e, polo tanto, esperamos que precisamente uns bos resultados nos permitan abordar esta cuestión sen partidismo, falando de respecto e falando de sostibilidade dun sistema que ten que se de todos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Rey Varela.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas.

Señor conselleiro, paréceme... Non sei como cualificalo, se cadra de obscenidade ou de indignación.

Hai cousas importantes. A menor presenza das mulleres no mercado laboral e os menores ingresos ás traballadoras inflúen nas peores condicións para afrontar a velez posteriormente. Vostedes teñen unha voracidade privatizadora que é moi salientable. Non é de recibo que o propio presidente do Goberno convide a facer plans de pensións privados cando a xente non chega a fin de mes.

Eu non facía o relato dunha muller. Intentei poñer o micro na rúa e traer aquí algunhas voces.

Máis dun terzo dos fogares galegos pervive cunha pensión. O 56 % dos pensionistas galegos cobran por debaixo do salario mínimo interprofesional. É escandaloso que o 81 % das pensionistas galegas, o 81 % das mulleres, ¡das nosas mulleres!, cobre por debaixo do salario mínimo, un 81 %. ¿Saben cantas mulleres cobran a pensión máxima en toda España? Só 2.500 ou 2.800.

As pensións non son unha esmola, non son un privilexio. Son un dereito amparado pola Constitución. ¿Por que tanto interese en poñer a andar outros artigos? O artigo 50 di que hai que garantir a suficiencia económica para as persoas da terceira idade —e, dentro de pouco, da cuarta—. ¿Por que se baleira o Fondo de Reserva no que en 2011 —xa que fala do pasado, dun pasado no que eu non estaba politicamente, nin o noso grupo— había 66.815 millóns de euros? ¿Por que se baleirou o peto das pensións un 87,88 %? ¿Por que? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña. (*Murmurios.*)

¡Silencio!

Ten a réplica, por parte do Goberno... (*Murmurios.*) ¡Silencio, por favor! A ver se escoitan a quen está no uso da palabra; agradeceríallo moito. (*Murmurios.*)

Estou falando eu, entón, ten o turno de réplica, por parte do Goberno, o conselleiro Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, de verdade que non se pode facer un reduccionismo en torno a un tema tan serio que afecta tantos galegos e galegas, como é a importancia que teñen os nosos maiores na nosa sociedade.

Mire, eu deille os datos de investimento da Xunta de Galicia na área de maiores: ano 2009, 148 millóns de euros; ano 2018, 310 millóns de euros. Ese é o investimento. A partir de aí, efectivamente, podemos poñerlle cualificativos, podemos falar de compromiso, podemos falar de respecto aos nosos maiores, pero eses son datos orzamentarios. Eu tamén, xa lle digo, podería falarlle do que está pasando en lugares cos que politicamente seguramente algún membro desta Cámara estaría máis contento, como o que sucedeu en Portugal ou o que sucedeu en Grecia, nunha crise moi similar á que padeceu España, pero con consecuencias diferentes, por suposto, froito do esforzo, do esforzo dos galegos e do esforzo dos españois, do esforzo do noso pobo por saír adiante.

Mire, hoxe, afortunadamente, en Galicia, como consecuencia dese esforzo, as nosas pensións están subindo porque a xente está cotizando máis. Afortunadamente, está cotizando máis porque en Galicia hai unha recuperación económica que vai asociada a maior emprego e a maiores salarios e, polo tanto, a maiores cotizacións.

O último dato, o do 1 de decembro de 2017, revela que o importe medio da pensión en Galicia para maiores de 65 anos é de 892 euros e que está por riba máis de 92 euros do que era a pensión media en Galicia para maiores con respecto ao ano 2011. Porque si que é verdade que canto máis emprego, máis protexidas estarán as pensións de hoxe e de mañá. Non se trata de declaracións de intencións; as declaracións de intencións teñen que estar nos orzamentos, e nos orzamentos da Xunta de Galicia xa está o compromiso dos maiores. Esperamos que pronto poidan estar tamén noutros instrumentos previstos. Por iso está reunido no Congreso dos Deputados o Pacto de Toledo, porque, xa digo, estamos falando, no das pensións, dunha competencia estatal.

Podería falarlle tamén doutro compromiso autonómico que só teñen tres comunidades autónomas en toda España —Andalucía, Extremadura e Galicia—, que é o complemento das pensións non contributivas que volven aparecer nos orzamentos da Xunta de Galicia para este 2018.

Polo tanto, xa lle digo, seguiremos traballando para ter unha maior política económica e para ter unha mellor política social, para que os nosos maiores sigan sendo activos e que sigan considerándose os maiores activos de Galicia. Fai falta que sigan os datos positivos en afiliacións, os datos positivos en crecemento económico, para facer disto —xa digo— non unha proclama, senón unha realidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a dispoñibilidade polo Goberno galego na actualidade dun plan específico de atención integral á saúde das mulleres

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

No caso que nos ocupa, queremos facer ou chamar a atención sobre unha visión de xénero que existe na sanidade, señor conselleiro. Todos sabemos que máis do 70 % de estudantes de medicina son mulleres, máis do 70 % dos profesionais da sanidade son mulleres, en datos globais, no entanto —e hoxe falouse diso aquí—, ¿cal é o número de xerencias de hospitais ocupadas por mulleres en Galicia, señor conselleiro? É relativamente baixo, seguro que vostede me pode dar o dato, que me gustaría máis escoitalo de vostede que dicirlló eu, que vostede seguro que sabe moito.

É importante isto, é importante como nos relacionamos uns cos outros, como falamos, a nomenclatura que lles damos ás cousas, e é importante incluso o patrón de normatividade que utilizamos. A sanidade é un campo androcéntrico, señor conselleiro, o home é a vara de medir, e por iso todo o que ten que ver coa saúde relativa ás diferenzas de xénero contempla que as cousas que son específicas do xénero feminino son distintas, son excepcionais. E iso provoca un problema. Homes e mulleres somos diferentes, pero non somos desiguais, non debemos de ser desiguais. Na sanidade existe un problema, e esa desigualdade en Galicia, ademais, provoca unha certa desatención. O Sergas trata de maneira deficiente as diferenzas de xénero e aquelas cousas que teñen que ver especificamente coa saúde adicada ás mulleres.

Por poñerlle algún exemplo, neste Parlamento o seu grupo, o Consello Interterritorial, aprobou en 2011 unha estratexia de afrontamento contra a fibromialxia. O noso grupo plantexou unha iniciativa que apoiaba ese informe, que plantexaba profundar nel, e vostedes votaron en contra. Votaron en contra dun acordo do propio Consello Interterritorial, no que estaban. Existía un acordo unánime deste Parlamento en 2015 para afrontar unha enfermidade como a endometriose. Nós trouxemos a este Parlamento hai poucas semanas un acordo para cumprir aquel acordo de 2015, e votaron en contra dun acordo que votaron no seu momento. Menos do 2 % das interrupcións voluntarias do embarazo no segundo trimestre se fan en Galicia, no sistema público, cando deberan, cando teñen dereito, e van a clínicas concertadas a Madrid. Vostede sábeo, e todos coñecemos casos verdadeiramente traumáticos de persoas que pasaron por iso.

Por iso é necesario ter unha atención específica e un plan de saúde integral ás mulleres, señor conselleiro. Existía un en 2007, pero vostedes, coma quen se alonxa de todo aquilo, que non pensa no dogma establecido polo Partido Popular, deixárono caer e non fixeron absolutamente nada. Aquel goberno do que vostedes renegan atendía estas cousas, e vostedes non.

Hai dúas cuestións necesarias para poñer en marcha unha acción: querer facela e facela. Vostedes fan moitas declaracións sobre que queren facer cousas, pero logo non as fan. Aquel plan deixárono de atender, e nós plantexámonos: ¿non é necesario, entón, atendendo á realidade, atendendo ás necesidades específicas das mulleres no eido sanitario, ter un plan integral de atención ás mulleres? E o que nos plantexamos é: ¿teñen vostedes ese plan? Porque sería a demostración de que o atenden ben. Estamos un pouco fartos de palabras que non acompañan por feitos. ¿Teñen vostedes un plan semellante, señor conselleiro? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra o señor conselleiro, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Nós temos feitos, e algúns só teñen palabras. (*Aplausos.*)

Mire, cando falamos da saúde das mulleres, estamos a falar da atención que se presta á metade da poboación de Galicia, estamos a falar de que en xaneiro do 2018 son 1.376.000 mulleres das sete áreas de saúde de Galicia. Para este goberno a saúde das mulleres segue a ser unha prioridade, cun primeiro Plan integral de atención sanitaria e social da muller no 1999 e co Plan integral de saúde das mulleres do 2007. Son plans que comparten un mesmo obxectivo: dar resposta ás necesidades e problemas de saúde que aparecen ao longo do dito ciclo vital da muller, de forma integral, promovendo a saúde física, mental e social de todas as mulleres de Galicia.

Para acadar este obxectivo temos varias liñas de traballo: un primeiro impulso de políticas sanitarias que, con perspectiva de xénero e de maneira transversal, aborde problemas específicos de saúde das mulleres ao longo do seu ciclo vital, dende o nacemento ata a menopausia; un segundo punto, que é a formación e sensibilización do persoal sanitario que presta atención ás mulleres ao longo da súa vida; un terceiro punto, que é a información á poboación e ás mulleres para fomentar hábitos de vida saudable, promover a súa saúde e informar das prestacións sanitarias dispoñibles; un cuarto punto, que é o desenvolvemento de accións de promoción de saúde e prevención da enfermidade; o punto número cinco fala de diagnóstico e tratamento precoz da enfermidade; o punto seis fala da recuperación e da rehabilitación da saúde; e o punto sete, da coordinación entre a atención primaria e a hospitalaria, facilitando a continuidade asistencial mediante a unificación de criterios de actuación e mellora dos circuítos de derivación entre os distintos dispositivos sanitarios.

Estas liñas de traballo están plasmadas en documentos e guías técnicas e asistenciais, protocolos e procesos asistenciais integrados, que son instrumentos moi útiles para homoxeneizar a atención sanitaria e diminuír así a inequidade que pode producir a variabilidade na práctica clínica.

As guías técnicas dos procesos de atención á saúde das mulleres existentes foron revisadas e actualizadas con base na evidencia científica dispoñible, entre elas cabe destacar a do cribado de cancro de cérvix, a da violencia de xénero, a da consulta preconcepcional e embarazo normal e tamén a de saúde da embarazada.

Ademais de revisar e actualizar en función das novas evidencias e avances, tamén elaboramos as novas guías e documentos: a *Guía técnica de abordaxe das disfuncións do solo pélvico feminino na atención primaria*, o *Protocolo de cribado da enfermidade de chagas en mulleres embarazadas*, a *Guía informativa para mulleres en situación de violencia de xénero*, a *Guía informativa sobre o descanso para a maternidade*, un folleto sobre protección da maternidade ou folletos divulgativos sobre métodos anticonceptivos.

Todas as guías e folletos divulgativos están á disposición de profesionais e usuarios, en formatos pdf na páxina web do Sergas, e tamén temos información de interese de recursos para mulleres da Plataforma Tecnolóxica de Saúde...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...e tamén, por suposto, na Escola Galega de Saúde para Cidadáns.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Empezou forte a súa resposta, señor conselleiro. Díxome vostede que vostedes falan con feitos e non con palabras, e citoume como gran feito o Plan de atención integral ás mulleres de 2007. (*Aplausos.*) É empezar forte. Non lle dubido o Plan de atención integral ás mulleres do 2007, pero vostedes falan con feitos e non con palabras.

A verdade é que podería deixar aquí a miña réplica, porque vostede me está citando o Plan de atención integral ás mulleres de 2007, e 2007 foi un bo ano. ¿Sabe que pasa? Que aquel plan o fixo un goberno socialista, e vostedes votaron en contra nas PNL que foron á comisión. (*Aplausos.*)

E claro, señor conselleiro, imos compartir unha parte da súa resposta. Ao noso grupo parécenos moi ben aquel plan, e compartimos con vostede que ten uns plantexamentos estratégicos moi bos. Hai dous problemas: vostedes non estaban de acordo entón e agora non o executan. Porque cando falan de feitos, estanme falando daquelas mulleres que teñen que ir a practicar esas interrupcións voluntarias de embarazo a Madrid; algunhas —como se coñeceron algúns casos— pola ineficiencia do Sergas, polas trabas voluntarias e obceadas do Sergas, por aquilo —ideolóxico absolutamente; políticas, señor conselleiro que fan vostedes— de que non lles gusta a Lei de interrupción voluntaria do embarazo. Polo tanto, difícilíntallelo ás mulleres que teñen que pasar por ese proceso —durísimo para elas— e fanlles ir a Madrid a centros concertados, enlentecendo eses procesos e pasando por causas como as que tivo que pasar algunha muller do noso país, que perdeu a posibilidade de volver ter fillos polo atraso da súa consellería. ¿Iso son feitos, señor conselleiro? ¿Eses son os seus feitos?

Porque o único bo que citou é o Plan do 2007, e, por se aínda non se deu conta, señor conselleiro, aquel plan aprobouno un goberno socialista, e vostedes dende aquela non fixeron nada, porque vostede non foi capaz de citar absolutamente nada. Esa é a súa política en materia de xénero con respecto á sanidade: 2007, e a partir de aí, a nada, señor conselleiro. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra, para o turno de réplica, o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Si, a verdade é que para os catro anos que gobernaron moito plan fixeron, pero, desde logo, desenrolo, ningún. Nós

desenrolamos plans, sexan propios ou non sexan propios, e desenrolámoslos porque nós non chegamos ao Goberno para tirar todo, senón que tiramos aquilo que non serve, e, dende logo, utilizámoslos. (*Aplausos.*)

E quedou coa primeira parte da resposta, non seguiu no seguinte que fun dicindo, de actualizacións, novas guías e novas actuacións. Todo iso está detallado e é ao que realmente atenden as mulleres en Galicia. Simplemente non quere escoitar o que non quere escoitar.

Mire, vou citar algúns dos programas que temos en marcha neste momento e que creo que atenden, de forma eficaz, un bo sistema sanitario, como é o galego.

En prevención, temos o Programa galego de detección precoz do cancro de mama, que está estendido ao 100 % da poboación; temos o Programa de prevención do cancro de colon, tamén en todas as áreas sanitarias de Galicia; estamos a traballar para establecer o Programa poboacional de detección precoz do cancro cervical; do mesmo xeito que os programas xa existentes en detección precoz do cancro de mama e colorrectal, unha vez incorporado na carteira básica común de servizos do Sistema nacional de saúde; programas para promover hábitos de vida saudable, o Cóidate, cóidame, ou o Xente con vida; tamén para a mellora da atención ás mulleres embarazadas, actualizamos a *Guía técnica de atención ao proceso de embarazo normal*, incorporando a evidencia científica actual e as novas prestacións, como o test prenatal non invasivo dentro da estratexia de cribado prenatal. Temos un protocolo específico para a atención á muller embarazada con trastornos aditivos, o Plan de parto e nacemento, elaborado tamén polo Sergas. Os hospitais de nova creación xa foron deseñados, coa intención de crear unidades de partos que permitan dar unha atención acorde ás necesidades das nais e das súas criaturas e familias. É un novo sistema que é aplaudido e, desde logo, felicitado por todas as persoas que son usuarias, tanto por elas como polos seus familiares.

Creamos dous bancos de leite materno, un no hospital Cunqueiro e outro no CHUS, de Santiago, que están garantindo a subministración a nenos que, por problemas, non poden recibir a nutrición da súa nai. E o Conecta 72, que facilita o contacto da matrona de atención primaria coa muller tras a alta hospitalaria.

Tamén traballamos na prevención e atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero, publicando o procedemento de intervención en saúde sobre a violencia de xénero.

Quero destacar tamén para nós a importancia na loita contra o cancro da alta tecnoloxía con mamógrafos dixitais e aceleradores—convenio coa Fundación Amancio Ortega— ou a atención á muller menopáusica, moi moi importante.

E recoñecen non só os cidadáns, os pacientes e as pacientes, o noso traballo. Tamén hai premios que recibimos a nivel do Sistema nacional de saúde, como un total de 14 expedientes do Servizo Galego de Saúde, que acadaron o recoñecemento das boas prácticas en estratexia de atención ao parto normal e á saúde reprodutiva, ou como as boas prácticas na atención ás mulleres...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...víctimas de violencia de xénero dentro do Sistema nacional de saúde.

Como ven, traballamos facilitando a información, a formación, a prevención e a asistencia. E queremos non só que as mulleres dispoñan da mellor asistencia sanitaria posible...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...senón tamén dunha asistencia personalizada para todos os nosos pacientes.

Moitísimas grazas.

Grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións do Goberno galego respecto da atención das demandas en materia laboral formuladas polos profesionais que prestan servizo nos puntos de atención continuada do Sergas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Moi boa tarde, conselleiro.

E moi boa tarde aos e ás profesionais dos PAC que nos acompañan hoxe desde a tribuna.

Estes profesionais, que desenvolven a súa actividade en atención primaria e nos chamados puntos de atención continuada, están reivindicando melloras laborais e asistenciais. No ano 2008 asináronse unha serie de acordos con melloras laborais e publicados no DOG para ir desenvolvéndoos ao longo dunha serie de anos, que, coa chegada do Partido Popular ao Goberno da Xunta no ano 2009 e coa escusa da crise, deixaron en suspenso. Estamos no ano 2018 e o Partido Popular está a anunciar o remate da crise e que estamos nun proceso de recuperación económica, mais néganse a que ese teórico proceso de recuperación económica se traduza na recuperación deses dereitos aos traballadores do Sergas.

Estes traballadores e traballadoras teñen unha táboa reivindicativa que ao BNG nos parece máis que xusta e que por iso asumimos e apoiamos; unha táboa reivindicativa que na súa inmensa maioría non é referida nin sequera a cuestións salariais. Tan só dous deses puntos son cuestións salariais; a inmensa maioría, o resto, son temas asistenciais. As condicións

de deterioración sanitaria laborais repercuten dun xeito moi evidente na calidade asistencial. Traballan nunhas condicións de estrés permanente que non son asumibles para os traballadores e traballadoras. Un día destes vai pasar algo irremediable, señor conselleiro, e logo vostede botarase as mans á cabeza. Os traballadores reivindicán a importancia do seu traballo, prestan os seus servizos nos puntos de atención continuada, fan entre o 60 % e o 70 % do seu traballo en horario nocturno, traballan 17 horas os días de semana e 24 horas os domingos e festivos e unha parte moi importante do seu traballo fana en horario nocturno ou festivo. Denuncian que as súas condicións laborais non se revisan desde hai dez anos. Seguen cos mesmos recursos materiais e humanos desde hai dez anos, cando nestes tempos as urxencias non fixeron máis que aumentar polo envellecemento da poboación. O persoal dos PAC fai o 90 % do traballo do 061, son os que medicalizan as ambulancias, fan os domicilios, atenden os accidentes, os infartos. Denuncian que traballan continuamente en situación de servizos mínimos e que así é imposible continuar porque a situación de estrés e cansazo que padecen é insoportable, mais sobre todo porque a calidade asistencial que ofrecen non é a calidade que debería prestarse.

Por iso, señor conselleiro, o que lle preguntamos é se vai atender o Goberno galego —vostede— as demandas dos profesionais que prestan o servizo nos puntos de atención continuada do Sergas e se considera que nas condicións de sobrecarga na que prestan os servizos estes profesionais poden prestar unha calidade asistencial que merezan os galegos e as galegas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señores deputados.

Evidentemente, nós cremos nos puntos de atención continuada; cremos firmemente que realizan un magnífico labor. Estamos falando de que no ano 2017 foron 1.548.000 urxencias atendidas en atención primaria. E ademais resolutivas; practicamente o 92 % das urxencias que acudiron ao punto de atención continuada volveron ao domicilio, non foi necesario nin desprazarse. De feito, nós estamos aconsellando, cando hai situacións de incremento de asistencia, que os cidadáns confíen na atención primaria, tanto en horario normal como en tema de urxencias.

Crececeron ultimamente nos últimos anos, non de forma explosiva, pero si aumentaron esas urxencias. E, como digo, cremos moitísimo no traballo que se realiza nos puntos de atención continuada. Temos magníficos profesionais, que levan, como digo, realizando un labor que é recoñecido pola poboación. E queremos, ademais, que sexa máis recoñecido e que sexan incluso máis coñecido.

Na Consellería de Sanidade escoitamos sempre os traballadores, e, así, hai uns días —o 21 de febreiro— na Dirección Xeral de Recursos Humanos foi recibida unha delegación de traballadores do punto de atención continuada para coñecer as súas reclamacións, que tamén nos fixeron chegar por escrito uns días antes.

Polo que se refire á petición de incrementos retributivos, tratouse en diferentes mesas sectoriais con representantes dos traballadores sobre acordos e pactos de melloras retributivas, que desde o ano 2009 quedaron —como dicía vostede— suspendidas nas leis de presupostos ao fío da crise económica. Hai dereitos que foron recuperando nesta última lexislatura, como a devolución da paga extra de decembro de 2012, a suba do 1 % das retribucións do 2016, a devolución do complemento específico adicional de xaneiro e febreiro de 2013 e a recuperación dos días de libre disposición e mais dos días adicionais de vacacións. Na Lei de orzamentos do ano 2017 contemplouse recuperar os complementos específicos adicionais das pagas extras de xuño e decembro, así como un incremento do 1 % máis de subida nas retribucións.

Así mesmo, adoptáronse outras medidas de mellora das condicións de traballo: OPE anuais, un plan de estabilidade para reducir os índices de temporalidade, un novo pacto de contratación ou o concurso de traslados aberto e permanente.

Na Lei de orzamentos para o ano 2018, de conformidade coa futura Lei de orzamentos do Estado —que, por certo, sería bo que os grandes partidos apoiaran no Congreso dos Deputados—, contéplase unha subida salarial do 2 % nas retribucións de todos os empregados públicos.

Ademais, no Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, no seu artigo 6, fala de protección da maternidade e paternidade. Recolle unha ampliación da duración dos permisos de maternidade e paternidade e o aboamento do promedio da atención continuada derivada da prestación de gardas, noites e festivos nas situacións de maternidade, paternidade e risco durante o embarazo e lactancia.

Polo que se refire á OPE, a través do Decreto 125/2017, do 30 de novembro, aprobouse a oferta de emprego público correspondente ás diversas categorías de persoal estatutario do Sergas, cumprindo co compromiso que tiñamos asumido de dobrar as prazas convocadas, 1.616 prazas.

Así mesmo, acordouse...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...cos sindicatos da Mesa sectorial sentar as bases do sistema ordinario de carreira profesional para todos os colectivos de persoal estatutario, cun compromiso de recoñecemento dos novos graos no ano 2018.

Moitas grazas, señor presidente. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Señor conselleiro, eu, en nome dos profesionais, pídolle que non se burle deles. Non fixo nin unha soa referencia á súa táboa reivindicativa, que sei que vostede a coñece. (*Aplausos.*)

Xa todos sabemos que son uns magníficos profesionais. Este persoal leva realizando moitos esforzos e sacrificios para que a situación de deterioración da sanidade non sexa maior. Mire, séntense ninguneados, desprezados e maltratados. Chegan un día e outro á casa esgotados, desesperados, porque máis dun día chegan ao límite das súas forzas. Chegan á casa dicindo: hoxe non pasou nada, hoxe librei, pero mañá igual non libro. E, neste contexto, vostedes tiveron a ocorrencia de intentar aumentarlles o cómputo horario. Tiveron a ocorrencia, no colapso das urxencias, de chamalos para dicirlles que non derivaran doentes aos hospitais, coma se derivar doentes aos hospitais fora unha ocorrencia e non tiveran suficiente profesionalidade para saber cando teñen que facelo ou non. *(Aplausos.)* E foi cando dixeron: ¡ata aquí chegamos! *(Aplausos.)*

Dentro de dous días —este venres, día 9— reúnese a comisión técnica, despois de telo pedido cantidade de veces, despois de que presentaran sinaturas, despois de que se mobilizaran. E eu pídlle, en nome deles, que esa comisión técnica sexa resolutiva, que atenda a súa táboa reivindicativa; unha táboa reivindicativa da que lle dixen, señor conselleiro, que só dous deses puntos teñen que ver co salario, que o resto son cuestións asistenciais, como que cando saen a unha emerxencia vaia un médico e unha ATS e que non vaia un médico só, que non teñan que ir nun taxi, que lles paguen a cea e a comida cando están 24 horas —que non lles paguen soamente unha delas—, etc. Cuestións vergoñentas que non terían que estar reivindicando.

Pídlle hoxe aquí, en nome deles, que deixen de burlarse, que deixen de xogar con eles, que son profesionais que están ao límite, e que atenda as súas demandas. Están aí arriba na tribuna. Cando vostede remate de contestar as preguntas aos grupos parlamentarios, teña un momentíño, reúnese con eles. E que nesas comisións técnicas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—remato, señor presidente— non os teñan entretidos durante meses. Pídlle que atendan as súas demandas, que non conteste como me acaba de contestar a min, vaguidades, e que atenda unha táboa reivindicativa, que —insisto— lla presentaron acompañada de varios centos de sinaturas. É que son cuestións básicas.

Señor conselleiro, por unha vez, atenda as reivindicacións do persoal do Sergas, que é persoal abnegado...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...e, á parte de recoñecerlles a súa abnegación, atenda as súas peticións.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Para o turno de réplica, por parte do Goberno, ten a palabra o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Primeiro, señora Prado, teño que rectificar o que vostede di. Non me río dos profesionais, pero, desde logo, eu non os utilizo. *(Aplausos.)*

Nunca se prohíbe a derivación dos PAC aos hospitais. Do que se informa a poboación é de que vaian mellor, primeiro, á atención primaria, aos PAC; e cando os profesionais dos PAC deciden que se trasladen a un hospital, aí temos claramente que van ser clasificados e que van ser tratados por profesionais con criterios médicos. Non hai outro tipo de criterios.

E digo que vostede os está utilizando porque vostede está utilizando un corta e pega dunha proposta que fai un sindicato na Mesa sectorial, que é onde se ten que revisar e a onde se deben levar todos estes temas, e é a onde se están levando. Vostede está utilizándoos porque non ten ideas para traer ao Parlamento e quere utilizar eses traballadores. Estes traballadores —como, claro, non lles queda máis remedio— van ser recibidos o venres e imos traballar; imos ter varias reunións para tratar de chegar a acordos, que é o que lle corresponde á Mesa sectorial.

Pero, desde logo, non me gusta que se utilice nin a traballadores nin a outro tipo de colectivos cando a función fundamental é unha función que se está negociando na Mesa sectorial —como di—, formando un grupo técnico ou unha comisión técnica.

E, desde logo, eu reúnome. Onte estiven falando con varios profesionais dos PAC sobre este tema. Non necesito que vostede sexa mediadora da Consellería de Sanidade, non é necesario.

Temos claro aquilo que cremos que son cousas que se poden negociar e coas que podemos chegar a acordos. Estamos chegando a moitos acordos, a moitísimos acordos. No Plan de estabilización chegouse a un acordo con todos os sindicatos, menos con un. ¿Carreira profesional? Con todos, menos con un. ¡É curioso! *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu creo que é importante chegar a acordos. A Consellería de Sanidade chega a acordos. Pero, desde logo, a Consellería de Sanidade nin utiliza os traballadores nin utiliza a ninguén para chegar a ningún fin. O que quere é mellorar os servizos sanitarios. Creo que podemos chegar a acordos neste e noutros ámbitos, pero, desde logo, será nunha mesa técnica, nunha comisión, como son as que estamos realizando, as que están realizando os sindicatos, sentándose e creando este grupo de traballo, que, como digo, leva xa semanas facendo unha revisión de todas as posibles melloras. Estou convencido de que en pouco tempo chegaremos a un acordo.

Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleiro.

Pregunta de D^a Marta Rodríguez Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as melloras levadas a cabo pola Xunta de Galicia nos últimos anos nas instalacións dos centros de menores

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, na súa comparecencia no pasado pleno vostede explicaba os distintos recursos cos que conta o Sistema galego de protección á infancia, e contábanos que na actua-

lidade a Xunta ten baixo o seu sistema de protección 2.472 menores, dos cales máis da metade están ao coidado de familias acolledoras.

A Administración autonómica dá prioridade, sempre que sexa posible, á figura do acollemento familiar, pero todos sabemos que, cando por distintas circunstancias os menores necesitan ser separados temporalmente do seu núcleo familiar e cando non é viable a utilización doutro recurso, está o acollemento residencial, e hoxe é do que lle queremos preguntar. Porque a Xunta de Galicia está a desenvolver un plan de mellora nas instalacións dos centros de menores, cunha liña de axudas para mellorar a calidade da atención, e nós queremos saber hoxe que melloras ten introducido a Xunta de Galicia nas instalacións dos centros de menores nos últimos anos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Arias.

Por parte do Goberno ten a palabra o conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, interveño de novo no Parlamento para respostar a unha pregunta que agradezo, porque, neste caso, como hai pouco tempo falamos das políticas de actuación con nenas e con nenos, hoxe permítenos desenvolver un pouco o entorno, precisamente, no que se desenvolven esas políticas cando non estamos a falar de acollemento familiar, senón de internamento nos nosos centros. Porque dar prioridade aos dereitos da infancia e incidir de maneira máxima na protección de toda ela baixo a consigna de non deixar a ninguén atrás é un compromiso ineludible para este goberno e para o conxunto dos galegos. Por iso, dentro deste compromiso, enmárcase o noso investimento, que ten aumentado nun 52 % no ámbito da familia e da infancia, chegando este ano a 133 millóns de euros; un aumento notable que nos está permitindo levar a cabo un ambicioso programa tamén de mellora dos nosos centros. Os nosos centros son entornos habituais para moitas nenas e para moitos nenos e, polo tanto, queremos que tamén non só os programas e os profesionais sexan os mellores, senón que o entorno no que se moven sexa un bo entorno. Por iso temos investido nos últimos dous anos 2 millóns de euros de mellora nesos entornos.

Nos centros propios, concretamente no centro San José de Calasanz, reformáronse todos os baños e todas as habitacións. As habitacións non contaban con baño propio, e hoxe todas as habitacións contan xa con baño propio; puidemos substituír toda a carpintería das ventás e a cristalería e puidemos adquirir novo mobiliario, novos xogos e novo material didáctico, que tamén é moi importante para o día a día das persoas que o utilizan.

Tamén no centro de menores de Ferrol acondicionamos toda a súa planta baixa, cambiamos todas as carpinterías exteriores, instalamos unha nova caldeira con cambio de gasoil a gas cidade, renovamos o mobiliario e introducimos novos xoguetes, novos libros e novo material educativo.

O mesmo no centro Santo Anxo de Rábade, coa construción de novos equipamentos deportivos, coa renovación de zonas comúns, coa mellora das habitacións e tamén con material didáctico, igual que no centro de menores da Carballeira, en Ourense, ou no centro de me-

nores de Pontevedra, que complementamos coas axudas a centros de iniciativa social, en total 45, no que acabamos de adxudicar adicionalmente 625.000 euros.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas, señor presidente.

Grazas, señor conselleiro.

A protección á infancia, en especial a protección aos menores que están en situación de desamparo, de desprotección social, é unha gran responsabilidade da Xunta de Galicia, pero tamén deste Parlamento e de todos os seus grupos parlamentarios. No pleno pasado, cando vostede abordou esa comparecencia, houbo grupos políticos que tomaron con frivolidade o tema dos menores e da protección da infancia na nosa comunidade.

E hoxe, por desgraza, neste debate da igualdade e dos dereitos da muller, tamén tivemos que escoitar que a Xunta de Galicia non fixo nada para poñer en marcha medidas de conciliación familiar, que non puxo enriba da mesa nin unha soa praza de escolas infantís e que o Bono Concilia non funciona. Por iso penso, dende o noso grupo parlamentario, que a conciliación para a muller, para os nenos e as nenas e para os menores hai que tomala moi en serio e non con frivolidade.

Máis nada e moitas grazas, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Arias.

Para o turno de réplica do Goberno ten a palabra o conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Rodríguez Arias, a Xunta de Galicia conta en total con 73 centros para as nenas e para os nenos que precisan un apoio especial por parte da Administración. Como xa lle manifestei, estamos mellorando todos eses centros, os de xestión directa da Comunidade Autónoma e os centros que xestionan entidades de iniciativa social.

Estamos investindo neste momento 3,6 millóns de euros precisamente nestas actuacións, que se poden facer, como lle dixen, porque a área de familia e infancia da Xunta de Galicia acada este ano un orzamento de 133 millóns de euros; un 50 % máis que cando naceu, precisamente, a Consellería de Política Social. E, ademais, pódolle concretar, no ámbito de pro-

tección a menores, a partida específica de centros medra este ano 2018 a cantidade máis alta que medrou nunca, exactamente un 20 %.

Por iso quero aproveitar a súa pregunta para anunciarlles a consolidación da liña de axudas a entidades de iniciativa social que xestionan, en colaboración coa Administración, centros de menores, dándolle continuidade a esa nova liña de investimento do ano 2017 de 625.000 euros, que imos quitar novamente no ano 2018, e que beneficiará, como digo, 45 centros de menores de iniciativa social. *(Aplausos.)*

Polo tanto, igual que estamos facendo en centros de maiores e nas nosas escolas infantís, os entornos para que se desenvolvan precisamente tamén estas nenas e estes nenos baixo a protección da Xunta de Galicia queremos que sexan os mellores; non queremos escatimar nin un só euro público, precisamente para que eses entornos sexan entornos agradables, entornos como os que poderían ter en calquera familia.

E quero tamén aproveitar a súa pregunta para anunciar a posta en funcionamento dun centro específico en Ourense, o Centro Montealegre, que nos próximos meses poremos en funcionamento para menores que precisan unha atención moi específica. *(Aplausos.)* Nel investiremos 1,5 millóns de euros adicionais, precisamente para ter as mellores prazas públicas e os mellores servizos públicos; para que cando non acadamos ese acollemento familiar, que é o que impulsamos prioritariamente dende a Xunta de Galicia, teñamos os mellores centros, a mellor atención para as nosas nenas e para os nosos nenos.

Ese é o noso obxectivo, o obxectivo do Goberno de Galicia.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D^a María Dolores Toja Suárez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que vai levar a cabo o Goberno galego para o recoñecemento do labor historicamente desenvolvido polas mulleres do mar

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Eu non sei se a miña pregunta vai resultar tan oportuna como a que acaban de facer, pero, polo menos para nós, é igual de importante. *(Aplausos.)*

«Sororidade: solidariedade e concordia entre mulleres, que implica un recoñecemento mutuo, plural e colectivo». Este termo fai unha alusión específica. Nun contexto patriarcal, non se ten a consideración de que todos e todas somos iguais. Si, a igualdade é cousa de

homes e mulleres, pero a «sororidade» é cousa de mulleres, e iso precisamente é o que nós botamos de menos da súa consellería e tamén das mulleres do PP. (*Aplausos.*)

Porque miren, non chega con estar aquí, temos que reclamar o noso lugar neste Cámara. Non chega con ter unha intervención de cada cinco veces e unicamente intervir nun 20 %. Non chega con iso, temos que reclamar o noso lugar tamén nesta Cámara. (*Murmurios.*)

Se estamos aquí hoxe é pola loita feminista, porque moitas mulleres traballaron e loitaron para que hoxe todas nós poidamos estar aquí. Iso si, sempre, sempre, tivemos que loitar contra os obstáculos e as trabas da dereita, pero hoxe estamos aquí. Esa dereita é a mesma que logo se congratula desas conquistas que acadou a esquerda e é a primeira en subir a elas. Falamos do matrimonio entre persoas do mesmo sexo e ¡non! ¿Casar? ¡Por Deus, non! Pero logo son os primeiros, claro que si, son os primeiros. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora TOJA SUÁREZ: E o mesmo pasa no mar, o mesmo pasa na súa consellería, onde temos que ver as mulleres, que son elas as que fan un papel fundamental e importantísimo. Se imos polos portos, podemos velo. Son elas as que van á subasta do peixe, son elas as que moven as caixas, son elas as que están atando as redes e, sen embargo, non teñen o recoñecemento merecido. Levan anos pedindo un coeficiente redutor que lles permita xubilarse un pouco antes, levan anos reclamando que se lles recoñezan as súas enfermidades profesionais...; anos e anos nos que aínda non acadaron ese recoñecemento profesional.

Polo tanto, hoxe facémolles esta pregunta, plantexámolles unha pregunta: ¿cando vai vostede comezar a traballar para que as mulleres do mar acaden ese recoñecemento? Porque imos tarde, xa chegamos tarde. Se hai un sector onde a muller aínda segue invisibilizada é no sector do mar. Por iso hoxe lle preguntamos: ¿cando vai vostede amosar un pouco de «sororidade» na súa consellería?

Máis nada polo de agora.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Por parte do Goberno, ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Toja, xa vexo que a vostede lle preocupa o papel da muller no mundo do mar, pero, sen embargo, nos tres minutos que tiña para falar delas, apenas lle dedicou 30 segundos. (*A señora Toja Suárez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Eu vexo que vostede empezaba dicindo que non sabía se a súa pregunta era oportuna. Por suposto que si. E eu agradézolle que faga hoxe esta pregunta —motivada a urxencia, eu creo que porque é mañá o Día da Muller Traballadora, e pensou nelas nese momento—. Pero así a min permíteme a oportunidade de demostrarlles —e que quede constancia na acta da sesión do día de hoxe— a todas as mulleres do mundo do mar o orgullosa que me sinto do traballo que levan feito, e que seguiremos facendo. *(Aplausos.)*

A vostede preocúpalle que imos facer no futuro por conseguir visibilizar o traballo das mulleres do mundo do mar. Mire, eu quero seguir traballando para o futuro, pero esa preocupación que a vostedes lles xorde hoxe a nós nos xurdiu xa hai máis de vinte e cinco anos. Foi no ano 1991 cando empezamos a traballar con estas mulleres. Empezamos coas mariscadoras, nun encontro que se fixo no Instituto da Acuicultura da Illa de Arousa. Naquel momento, preguntóuselles ás mulleres mariscadoras se realmente querían vivir dunha actividade profesional e se estaban dispostas a dar o paso de cotizar á Seguridade Social e a converter ese traballo que elas facían e que era invisible para a sociedade nunha aposta polo futuro. Dixeron que si. Desde ese momento empezamos a traballar con elas, e traballamos coas mulleres mariscadoras, traballamos coas redeiras, traballamos coas comercializadoras e traballamos coas empacadoras.

E do máis orgullosa que me sinto é de que despois dos cursos de formación que tiveran, despois do esforzo que elas fixeron en organizarse e en traballar por defender o seu, conseguiron dicir o máis importante, e é que se sentían orgullosas da profesión que levaban defendendo; algo que aínda moitas —como vexo por vostede— non son capaces de recoñecerlles. Pero nós traballamos por que ese traballo fora efectivo, e así hoxe a cogobernanza das mariscadoras se ve reflectida nos máis de cen plans de traballo que elas mesmas elaboran cada ano e que teñen vigor de xaneiro a decembro de cada ano. Hoxe a representación obsérvase cando o 24 % dos postos de dirección da Federación Galega de Confrarías son mulleres, cando hai 14 patroas maiores á fronte das confrarías, cando hai 28 vicepatroas maiores nestas confrarías. Ademais, traballamos tamén co Issga, para axudarlles a definir un traxe que lles permita facer o seu traballo dunha maneira máis cómoda; traballamos co Issga tamén, e con elas, para facer cursos de formación de fisioterapia, para ver que posturas tiñan que adoptar no seu traballo e reducir así as súas enfermidades profesionais; traballamos con elas para conseguir que tiveran dereito a unha pensión, non sen poucos atrancos por parte dalgúns partidos políticos; traballamos con elas para conseguirlles un coeficiente redutor; e seguiremos traballando con elas para que cada día se sigan sentindo orgullosas do traballo que fan.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Vele, vale. Vexo a súa resposta, pero subo algo máis—o que podo subir son datos—. *(A señora Toja Suárez amosa unha gráfica.)* Esta é a pesca extractiva da poboación ocupada no caladoiro nacional. En verde, os homes e en laranxa, as mulleres. Ía escribir a palabra homes/mulleres, pero non me collía «mulleres» no espazo laranxa. *(A señora Toja Suárez amosa unha segunda gráfica.)* Este é o gráfico que amosa a mesma situación,

pero na acuicultura: verde, homes; laranxa, mulleres. Como pode ver, tampouco me collía a palabra «mulleres».

Este é o gráfico que amosa as mulleres afiliadas ao réxime do mar nos últimos dez anos. (*A señora Toja Suárez amosa unha terceira gráfica.*) Como pode ver, perdemos 1.800 mulleres —unha de cada catro— afiliadas ao réxime do mar. Non dea á cabeza, que estes datos son da súa consellería. Este, ademais, é o dato que amosa o número de permisos a pé de marisqueo das mulleres. (*A señora Toja Suárez amosa unha cuarta gráfica.*) Como pode ver, tamén perdemos 1.080, outra vez un de cada catro.

E sigo, aínda vou subir algo máis, vou subir o dato das pensións. (*A señora Toja Suárez amosa unha quinta gráfica.*) Mire, o dato das pensións do ano 2016: en verde, os homes e en laranxa, as mulleres. ¿Sabe canto cobraban os homes de pensións do mar no ano 2016? 1.090 euros. ¿Sabe canto cobraban as mulleres do mar no ano 2016? 579. ¿De verdade vostede está tan orgullosa hoxe, que vén dicir aquí que a muller do mar está tan ben? ¿De verdade vostede está tan orgullosa? Unha de dúas, señora conselleira, ou se está marcando un farol —ao cal xa nos ten bastante habituados, aos seus farois— ou ben vostede é moi pouco ambiciosa. En calquera das dúas situacións, debería valorarse se debería estar á fronte desta consellería, porque a muller merece máis visibilidade no sector.

Só lle digo que chega tarde, e, como lle dicía ao principio: «sororidade». Vostede, como muller, amose solidariedade coa muller do mar.

Máis nada e grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Ten a réplica, por parte do Goberno, a señora conselleira, Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

A verdade é que non sei de onde saca vostede eses datos. (*Murmurios.*) Eu pódolle dicir que nestes momentos hai 500 mulleres que traballan na pesca, tanto na de baixura como na de altura, (*Murmurios.*) que hai máis de 1.500 mulleres que traballan na acuicultura e que hai 2.800 mulleres mariscadoras a pé. Para ser mariscadora a pé hai que cotizar á Seguridade Social do Mar, non esas 1.500 que vostede me di. (*Aplausos.*) E non me podó esquecer das máis de 10.000 mulleres que traballan na industria de transformación e na industria da conserva. (*A señora Toja Suárez amosa unha das gráficas.*)

Mire, eu síntome orgullosa das mulleres, claro que si. (*Murmurios.*) (*A señora Toja Suárez amosa novamente unha das gráficas, co brazo máis levantado.*) Pode apoiar o brazo todo o forte que queira. E mire, eu non falo por falar nin veño aquí presumir de nada...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, a señora conselleira estivo a escoitar, tranquilamente calada, cando vostedes tiñan... (*Murmurios.*) ¡Silencio! Xa mando eu calar. Grazas, pola axuda.

A conselleira estivo calada e escoitando atentamente o que dicía a deputada. Así que lles prego a aqueles que pedían fai un momento silencio que fagan o mesmo. ¡Por favor! ¡Por favor!

Continúe, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Señor presidente, é que se poñen nerviosos e non sei por que.

A verdade é que, como vostedes me din que eu veño aquí sentirme orgullosa de non sei que, que todo son falsidades, que xa os teño acostumados e como xa esperaba ese tipo de resposta, tráiolles un libro que se escribiu para recoller a profesionalización do marisqueo a pé. (*A señora conselleira do Mar, Quintana Carballo, ensina un libro.*) O libro titúlase: *E colleron ese tren*. Déixollo a vostede para que poida ler un pouco da historia, dos pasos que deron as mariscadoras para sentirse orgullosas. (*Aplausos.*) Dino elas, non o digo eu. Agora déixolle o libro para que coñeza un pouco o pasado e o presente das mariscadoras.

Pero mire, vostedes falan de visibilidade, falan de recoñecemento. Poden seguir mantendo os gráficos que queiran e interpreталos como vostede queira. Visibilidade e recoñecemento. Eu pódolle dicir: as mariscadoras recibiron a Medalla de Galicia no ano 2000, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) as redeiras recibiron a Medalla do Mérito ao Traballo no ano 2016. No ano 2017 recibiron o Premio de Artesanía con «Enredadas» tamén, e mesmo esta fin de semana pasada un vídeo promovido pola Consellería do Mar recibiu o Premio Mestre Mateo en homenaxe ás mulleres que traballan no mundo da conserva. E xa sei que dos premios non se vive, pero do que algo me sinto orgullosa é de que desde o ano 2009 as mariscadoras incrementaran os seus ingresos un 22 %. (*Aplausos.*) Cando máis baixou o número de mariscadoras foi dos anos 2005 ao 2009. Nós tivemos que facer un traballo de rexeneración dos bancos marisqueiros para poder ir incrementando o número de permisos de explotación. E foi o ano 2015 o primeiro ano onde os datos foron positivos en canto ao número de xubilacións producidas e ao número de altas que se veñen dando. Dende o ano 2009, 2.000 mariscadoras novas traballan nos nosos bancos.

Señora Toja, eu alégrome de que vostede traia hoxe aquí esta pregunta e de que se preocupe de verdade polas mulleres do mar. Aí, nesa loita por visibilizar o seu traballo, encontrárame sempre ao seu lado.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.



Rematados os puntos da orde do día, levántase a sesión.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Remata a sesión ás seis e cinco minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

| | | | |
|---|-------|--|-------|
| 1. Álvarez Martínez, Luis Manuel | (S) | 39. Pazos Couñago, José Alberto | (P) |
| 2. Amigo Díaz, María Encarnación | (P) | 40. Pérez Seco, José Manuel | (S) |
| 3. Antón Vilasánchez, María Ángeles | (P) | 41. Pierres López, María Luisa | (S) |
| 4. Arias Rodríguez, Raquel | (P) | 42. Pontón Mondelo, Ana Belén | (BNG) |
| 5. Balseiros Guinarte, Silvestre José | (P) | 43. Prado Cores, María Montserrat | (BNG) |
| 6. Bará Torres, Xosé Luís | (BNG) | 44. Prado del Río, Paula | (P) |
| 7. Barahona Martín, Magdalena | (EM) | 45. Presas Bergantiños, Noa | (BNG) |
| 8. Blanco Paradelo, Moisés | (P) | 46. Puy Fraga, Pedro | (P) |
| 9. Blanco Rodríguez, Noela | (S) | 47. Quintana Carballo, Rosa María | (P) |
| 10. Burgo López, María de la Concepción | (S) | 48. Quinteiro Araújo, Paula | (EM) |
| 11. Cal Ogando, Marcos | (EM) | 49. Quiroga Díaz, José Antonio | (S) |
| 12. Calvo Pouso, Diego | (P) | 50. Rey Varela, José Manuel | (P) |
| 13. Casal Vidal, Francisco | (EM) | 51. Rivas Cruz, José Luis | (BNG) |
| 14. Castiñeira Broz, Jaime | (P) | 52. Rodil Fernández, Olalla | (BNG) |
| 15. Chao Pérez, Luca | (EM) | 53. Rodríguez Arias, Marta | (P) |
| 16. Conde López, Francisco José | (P) | 54. Rodríguez Barreira, María Julia | (P) |
| 17. Cuña Bóveda, María de los Ángeles | (EM) | 55. Rodríguez Estévez, David | (EM) |
| 18. Díaz Villoslada, Juan Manuel | (S) | 56. Rodríguez Pérez, Moisés | (P) |
| 19. Egerique Mosquera, Teresa | (P) | 57. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña | (S) |
| 20. Fernández Fernández, Raúl | (S) | 58. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María | (P) |
| 21. Fernández Gil, César Manuel | (P) | 59. Romero Fernández, Cristina Isabel | (P) |
| 22. Fernández Leiceaga, Xoaquín María | (S) | 60. Rueda Valenzuela, Alfonso | (P) |
| 23. Fernández Prado, Martín | (P) | 61. Salorio Portal, María Soraya | (P) |
| 24. García Míguez, María Ángeles | (P) | 62. Sánchez García, Antón | (EM) |
| 25. Gómez Salgado, Carlos | (P) | 63. Santalices Vieira, Miguel Ángel | (P) |
| 26. González Vázquez, José | (P) | 64. Santos Queiruga, Carmen | (EM) |
| 27. Lago Peñas, José Manuel | (EM) | 65. Solla Fernández, Eva | (EM) |
| 28. López Crespo, Carlos Enrique | (P) | 66. Tellado Filgueira, Miguel Ángel | (P) |
| 29. Losada Álvarez, Abel Fermín | (S) | 67. Toja Suárez, María Dolores | (S) |
| 30. Mato Otero, Beatriz | (P) | 68. Torrado Quintela, Julio | (S) |
| 31. Merlo Lorenzo, Juan José | (EM) | 69. Trenor López, Gonzalo | (P) |
| 32. Moreira Ferro, Jacobo | (P) | 70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís | (P) |
| 33. Mouriño Villar, Antonio | (P) | 71. Vázquez Domínguez, Sandra | (P) |
| 34. Murillo Solís, María Guadalupe | (P) | 72. Vázquez Verao, Paula | (EM) |
| 35. Novo Fariña, María Isabel | (P) | 73. Vega Pérez, Daniel | (P) |
| 36. Nóvoa Iglesias, Marta | (P) | 74. Vilán Lorenzo, Patricia | (S) |
| 37. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso | (P) | 75. Villares Naveira, Luis | (EM) |
| 38. Núñez Feijóo, Alberto | (P) | | |



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25